Resolución da Conselleira do Mar pola que se aproban os Plans específicos de Prevención de riscos de xestión e medidas antifraude dos centros directivos e entidades instrumentais adscritos a esta Consellería

A Consellería do Mar é o órgano da Administración galega ao cal, baixo a superior dirección da persoa titular do departamento, lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno en materia de ordenación pesqueira en augas interiores, marisqueo, acuicultura, confrarías de pescadores/as e demais organizacións e asociacións dos/das profesionais do sector, industrias pesqueiras e conserveiras, establecementos de almacenamento, manipulación, vendas e transformación do peixe e ensinanzas marítimo-pesqueiras, náutico-deportivas e mergullo, cooperación pesqueira interinstitucional e co exterior, salvamento marítimo, loita contra a contaminación e planificación e actuacións portuarias, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía de Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española, sen prexuízo das competencias que lles poidan corresponder aos outros organismos da Comunidade Autónoma.

A Consellería do Mar asume como propias as directrices e manifestacións realizadas no Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude aprobado por Acordo do Consello da Xunta de data 10 de decembro de 2021.

A mellora continua na calidade dos servizos prestados, a atención ás necesidades de toda a cidadanía, e a transparencia e a integridade da actividade pública actúan como principios vertebradores que presiden a actividade desta Consellería, e como tales son asumidos como compromiso de actuación polos seus centros directivos e entidades públicas instrumentais adscritas así como polos empregados públicos que traballan no mesmo.

Este compromiso asúmese mediante a aprobación dun plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude integrado por todos os plans específicos de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude dos diferentes centros directivos que forman parte da estrutura da Consellería do Mar e os das entidades instrumentais adscritas a ela.

CVE: kdToOjaAI1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

De acordo coa exposición anterior,

RESOLVO

1. Aprobar os Plans específicos de Prevención de riscos de xestión e medidas antifraude dos centros directivos e entidades instrumentais adscritos a esta Consellería e que se relacionan a continuación:

   Secretaría Xeral Técnica

   Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

   Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

   Ente Público empresarial Portos de Galicia

   Instituto Tecnolóxico para o control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar)

   Centro Tecnolóxico do Mar- Fundación Cetmar

Santiago de Compostela, (data da sinatura electrónica)

Rosa Quintana Carballo
Conselleira do Mar

Asinado por: QUINTANA CARBALLO, ROSA MARIA
Cargo: Conselleira
Data e hora: 29/12/2021 09:04:44

CVE: kdToOjaAI1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

PLAN ESPECÍFICO DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DO MAR

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

ÍNDICE

1. CARACTERIZACIÓN DO CENTRO DIRECTIVO. DIAGNOSE DE SITUACIÓN. 4
1.1. Misión, visión e Valores 4
1.2. Organización e funcionamento do centro directivo ou entidade instrumental 10
1.2.1. Organización 10
1.2.2. Recursos humanos 11
1.2.3. Recursos orzamentarios 12
1.2.4. Marco normativo 13
1.2.5. Procesos e procedementos que aplica o centro directivo/entidade instrumental. 14
1.3. As medidas do "ciclo da fraude" 15
1.3.1. Medidas de prevención: 15
1.3.2. Medidas de detección: 16
1.3.3. Medidas de corrección: 17
1.3.4. Medidas de persecución: 17
1.4. Funcións e responsabilidades na xestión dos riscos 17
1.4.1. A consellería, os centros directivos/entidades instrumentais 17
2. COMPROMISO DE INTEGRIDADE E MARCO ÉTICO DA INTEGRIDADE INSTITUCIONAL 20
2.1. Medidas relativas ao compromiso institucional coa integridade, coa ética publica e coas medidas antifraude. 20
Acción 2.1.1. A manifestación expresa dos responsables públicos 20
Acción 2.1.2. As referencias á integridade na planificación estratéxica ... 20
Acción 2.1.3. A difusión e a formación en materia de integridade institucional 21
2.2. Medidas relativas ao sistema de prevención de conflitos de interese. 21
Acción 2.2.1. Réxime xeral do conflito de intereses 21
Acción 2.2.2. Réxime especial do conflito de intereses para os altos cargos nos supostos de actuacións financiadas do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia. 22
Acción 2.2.3. Réxime especial do conflito de intereses para os funcionarios públicos nos supostos de actuacións financiadas do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia. 23

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2.3. Medidas referidas ás canles de denuncias de irregularidades ou condutas de fraude 24
Acción 2.3.1. Difusión da canle de denuncias 24
2.4 Formación e compromiso coa competencia profesional dos empregados públicos 25
Acción 2.4.1. Formación especifica nos centros directivos/entidades instrumentais que xestionen fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia. 25
3. IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE 26
3.1. Medidas relativas ao diagnóstico e análise dos riscos xerais da organización. 26
3.1.1. Definición do risco e asunción dos riscos xerais da organización 26
3.2. Medidas para a aprobación dun plan de prevención de riscos e medidas antifraude por cada centro xestor 26
Acción 3.2.1. Metodoloxía para a avaliación do risco 26
Acción 3.2.3. Listaxes de verificación na aprobación dos expedientes financiados con PRTR 31
Acción 3.2.4. Mecanismos de detección a través de "bandeiras vermellas" 32
4. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN 35
4.1. Seguimento, supervisión e avaliación 35
4.2. Actualización e revisión 35
4.3. Comunicación e difusión 36

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

1. CARACTERIZACIÓN DO CENTRO DIRECTIVO. DIAGNOSE DE SITUACIÓN

1.1. Misión, visión e Valores

O presente documento define os mecanismos que a *Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar* (en diante, o centro directivo/entidade instrumental) ten previsto implantar como o seu Plan específico de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude (en diante, o plan).

Este centro directivo/entidade instrumental asume como propias as directrices e manifestacións realizadas no Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude aprobado por Acordo do Consello da Xunta de data 10 de decembro de 2021 (en diante, plan xeral).

A mellora continua na calidade dos servizos prestados, a atención ás necesidades de toda a cidadanía, e a transparencia e a integridade da actividade pública actúan como principios vertebradores que presiden a actividade deste centro directivo/entidade instrumental, e como tales son asumidos como compromiso de actuación dos seus órganos de dirección e dos empregados públicos que traballan no mesmo.

A Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar exerce as competencias e funcións establecidas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como todas aquelas que lle sexan encomendadas pola persoa titular da Consellería. Inclúese neste Plan Específico de Prevención de Riscos e Xestión de medidas antifraude á Subdirección xeral de Gardacostas e á Subdirección Xeral de Planificación, Seguimento e Verificación do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, que teñen dependencia directa da persoa titular da Consellería, así como as ás xefaturas territoriais, que desenvolverán as súas funcións nos seguintes ámbitos:

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

a) A Xefatura Territorial da Coruña terá como ámbito territorial a totalidade da provincia da Coruña, agás os concellos comprendidos desde Cedeira, incluído, ata os límites das provincias da Coruña e Lugo.

b) A Xefatura Territorial de Celeiro terá como ámbito territorial toda a provincia de Lugo e os concellos costeiros comprendidos desde Cedeira, incluído, ata os límites das provincias da Coruña e Lugo.

c) A Xefatura Territorial de Vigo terá como ámbito territorial toda a provincia de Pontevedra

A dirección do centro directivo/entidade instrumental asume o compromiso de actuar de conformidade cos principios de integridade, honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico e á cidadanía establecidos na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O criterios de integridade e ética publica no desempeño das actividades e no desenvolvemento da acción pública da administración autonómica son os principios asumidos expresamente polo goberno galego coa aprobación do Programa Marco de Integridade Institucional e prevención de riscos de xestión do 26 de maio de 2021, que a través de 24 medidas establece os elementos do marco de infraestrutura ética ao que se somete a acción do goberno, a dos seus responsables máximos e a do conxunto dos empregados públicos.

A Secretaría Xeral Técnica, a través da Vicesecretaría Xeral e da Subdirección Xeral de Coordinación Orzamentaria e Contratación ten como competencias e funcións as seguintes:

a) A realización de estudos e informes na materia competencia do departamento e no relativo á estruturación e mellora da xestión.

b) A organización da documentación procedente do Rexistro, e o control do arquivo.

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

c) A interlocución coas organizacións sindicais en asuntos competencia da Consellería.

d) A tramitación dos requirimentos e peticións formulados á Consellería polo Valedor/a do Pobo e outras institucións, así como dos requirimentos entre administracións públicas.

e) A coordinación coa Asesoría Xurídica en relación coa tramitación dos requirimentos e peticións formuladas á Consellería do Mar polos xulgados e tribunais.

f) O estudo e preparación dos asuntos que teñan que elevarse á Comisión de Secretarios/as e ao Consello da Xunta de Galicia, así como o traslado dos seus acordos.

g) A tramitación de convenios, encomendas de xestión e ordes de axudas.

h) As funcións de xestión do persoal funcionario e laboral da Consellería.

i) O exercicio das funcións establecidas para a figura do Delegado de Protección de Datos no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e na normativa de desenvolvemento.

j) A tramitación das solicitudes de acceso á información pública correspondentes a materias de competencia da Secretaría Xeral Técnica, así como a coordinación e apoio nesta materia ás direccións xerais e organismos e entidades dependentes da Consellería no exercicio das súas competencias en cuestións de transparencia.

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

k) Impulsar a aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes con carácter transversal nas funcións atribuídas á Secretaría Xeral Técnica.

l) Elaboración do anteproxecto de orzamentos da Consellería, a súa execución, seguimento e control.

m) A xestión coordinada da contratación administrativa.

o) A xestión económica, a coordinación, o seguimento e control dos fondos procedentes doutras administracións ou institucións.

p) As funcións relativas a súa condición de responsable do organismo intermedio de certificación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP

Por outra banda , correspóndelle á subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia

a) A coordinación das competencias en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña.

b) A elaboración do plan de continxencias por contaminación mariña accidental.

c) A prevención da contaminación mariña.

d) As funcións de programación, planificación e control das accións de vixilancia e inspección, sen prexuízo das competencias doutros departamentos da Xunta de Galicia, tanto no sector extractivo como nos centros de comercialización e establecementos de produción, transformación e consumo, así como no transporte dos produtos en xeral.

e) Cantos asuntos lle sexan encomendados en razón da súa competencia.

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Así mesmo a Subdirección Xeral de Planificación, Seguimento e Verificación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca exercerá as seguintes funcións:

a) A planificación, seguimento e control na execución do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, en coordinación e colaboración cos organismos intermedios xestores deste fondo na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) A realización das actuacións de verificación sobre as operacións financiadas con este fondo, de conformidade cos regulamentos comunitarios e coa restante normativa de aplicación.

As Xefaturas territoriais exercerán as seguintes funcións:

a) O réxime interior, a tramitación administrativa e o exercicio de competencias que en materia de expedientes sancionadores lle atribúa a normativa vixente.

b) A xestión de persoal.

c) A tramitación das incidencias relativas ao parque móbil da xefatura.

d) O inventario de bens mobles e inmobles adscritos.

e) A información ao público.

f) O control contable e a xustificación dos créditos que se lle asignen.

g) A elaboración de estatísticas.

Además a través dos Servizos desenvolverán as seguintes funcións:

Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro.

Corresponderanlle a este servizo as seguintes funcións:

a) A tramitación dos títulos habilitantes para o exercicio do marisqueo.

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

b) A tramitación de solicitudes de apertura, anulacións e peche das zonas de traballo solicitadas polas distintas confrarías e outras entidades asociativas de pescadores/as no ámbito dos seus respectivos plans de explotación.

c) A emisión e rexistro das titulacións náuticas de pesca e de lecer.

d) Actividades de fomento da organización sectorial e extensión pesqueira.

e) A organización e seguimento de cursos de formación.

f) A emisión de autorizacións e de certificados de conformidade relacionados coa realización de traballos subacuáticos.

g) A coordinación e o seguimento das medidas de xestión dos recursos marisqueiros.

h) En xeral, cantos asuntos lle sexan encomendados pola xefatura territorial en razón da súa competencia.

Servizo de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

Corresponderanlle a este servizo as seguintes funcións:

a) A tramitación das axudas con cargo a fondos europeos destinados a buques, industrias e acuicultura.

b) A tramitación dos títulos habilitantes para o exercicio da pesca e da acuicultura, así como as inmersións de especies.

c) A tramitación de procedementos de autorización, construción e modernización de buques pesqueiros e auxiliares.

d) O Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma.

e) A inscrición, baixa e modificación de datos no Rexistro de Empresas Halioalimentarias.

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

f) A tramitación de cambios de porto base dentro da mesma provincia marítima.

g) En xeral, cantos asuntos lle sexan encomendados pola xefatura territorial en razón da súa competencia.

Ademais, e posto que neste Plan Específico inclúese á Subdirección Xeral de Coordinación Orzamentaria e Contratación, que ten atribuídas as funcións de órgano Intermedio de Certificación (OIC) no FEMP así como a Subdirección Xeral de Planificación, Seguimento e Verificación do FEMP, que é o órgano intermedio de verificación (OIV), existen Manuais de descrición de funcións e procedementos para as actuacións cofinanciadas polo FEMP en España no período de programación 2014-2020 que lles son de aplicación e inclúen medidas de prevención da fraude.

1.2. Organización e funcionamento do centro directivo ou entidade instrumental

1.2.1. Organización

A Secretaría Xeral Técnica contará, para o exercicio das súas funcións e baixo a súa dependencia orgánica e funcional, cos seguintes órganos:

Vicesecretaría Xeral

Servizo de Apoio Técnico-Normativo

Servizo de Persoal

Servizo Técnico-Xurídico

Subdirección Xeral de Coordinación Orzamentaria e Contratación

Servizo de Xestión Económica e Control Orzamentario

Servizo de Contratación e Réxime Patrimonial.

Servizo de Xestión de Fondos Comunitarios

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

En canto á Subdirección xeral de Gardacostas, estrutúrase nas seguintes unidades:

Servizo de Protección de Recursos

Servizo de Busca, Salvamento Marítimo e Loita contra a Contaminación

Servizo de Inspección e Control dos Recursos.

A Subdirección Xeral de Planificación, Seguimento e Verificación do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca conta co Servizo de Verificación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca.

Á fronte das Xefaturas territoriais, nos seus respectivos ámbitos, están os/as xefes/as territoriais dos cales dependerán organicamente todos os servizos e as unidades administrativas da consellería que radiquen no ámbito territorial mencionado e en concreto:

Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro

Servizo de Pesca, Acuicultura e Innovación tecnolóxica

1.2.2. Recursos humanos

Inclúese persoal da Secretaría Xeral Técnica, Subdirección Xeral de Gardacostas, Subdirección Xeral de Planificación, Seguimento e Verificación do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, así como o persoal das Xefaturas territoriais de A Coruña, Celeiro e Vigo, nas que se inclúe o persoal das bases operativas de Gardacostas, Xefaturas comarcais e funcionarios de Confrarías.

Funcionarios con destino definitivo ou en comisión de servizos /adscrición provisional	Persoal laboral	Postos vacantes de funcionarios ou persoal laboral (postos sen titular definitivo ocupados ou non)
198 destino definitivo	8	163
54 CS/AP		

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

1.2.3. Recursos orzamentarios

No proxecto de orzamento de gastos para o ano 2022 a secretaría xeral técnica conta cunha dotación de 65.978.355 €.

O orzamento de gastos de persoal (capítulo I) ascende a 33.308.447 € e comprende os gastos salariais e de seguridade social de todo o persoal da consellería, con excepción do persoal interino contratado con cargo ao FEMP que percibe os seus salarios con cargo ao orzamento de gastos da centro xestor correspondente.

Para á atención do dos gastos en bens correntes e servizos (capítulo II) a secretaría xeral técnica conta cunha dotación para o ano 2022 de 1.635.507 €. A secretaría xeral técnica financia todo o gasto corrente necesario para o funcionamento normal dos servizos da consellería, a excepción do orixinado nos centros de formación e dos centros de investigación mariña adscritos á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

O capítulo IV da secretaría xeral técnica ascende a 3.478.329 € e está destinado basicamente á financiamento do gasto corrente do INTECMAR e da Fundación CETMAR. Tamén se financia con cargo a este capítulo a única orde axudas que, nestes momentos, se tramita neste centro directivo destinada aos familiares do persoas falecidas en accidentes no mar.

Polo que respecta ao capítulo VI (investimentos reais) a dotación da secretaría xeral técnica para o ano 2022 ascende a 16.320.246 €. A maior parte deste orzamento (14.652.446 €) corresponde aos gastos operativos do Servizo de Gardacostas de Galicia.

Neste capítulo VI cabe identificar un proxecto financiado polo MRR. Trátase do proxecto contable 2021 00156 (MRR. Mobilidade Eficiente e Sostible. MOVES III) cunha dotación total de 252.800 € procedentes do INEGA e con destino á adquisición de vehículos eléctricos ou híbridos (194.000 €) e á instalación de puntos de carga para estes vehículos (58.000 €).

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Por último, o capítulo VII do orzamento de gastos da secretaría xeral técnica ten unha dotación de 11.235.826 € destinada a financiar os gastos de capital da EPE PORTOS DE GALICIA (10.351.448 €) e do INTECMAR (884.378 €).

1.2.4. Marco normativo

O centro directivo/entidade instrumental asume como obriga o cumprimento das normas en materia de integridade que figuran no plan xeral. Adicionalmente, son aplicables a este centro directivo as seguintes normas:

• A Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude.

• Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

• Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

• Regulamento (CE) nº 1005/2008 do Consello do 29 de setembro, polo que se establece un sistema comunitario para previr, desalentar e eliminar a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada.

• Regulamento (CE) nº1224/2009 do Consello do 20 de novembro de 2009 polo que se establece un réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das normas da Política Pesqueira Común.

• Directiva 2008/99/CE do Parlamento Europea e do Consello, do 19 de novembro de 2008, relativa á protección do medio ambiente mediante o Dereito Penal.

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

• A Lei 3/2001, do 26 de marzo, de Pesca Marítima do Estado, modificada por Lei 33/2014, do 26 de decembro, en cuxo Título V regula o réxime de infraccións e y sancións no sector pesqueiro.

1.2.5. Procesos e procedementos que aplica o centro directivo/entidade instrumental.

- Xestión de persoal
- Tramitación normativa
- Tramitación convenios, ordes e encomendas de xestión
- Elaboración de propostas de resolución de expedientes sancionadores e resolución de recursos administrativos
- Tramitación de subvencións PE113E
- Xestión económica e control orzamentario
- Contratación e réxime patrimonial
- Certificación (OIC) do programa operativo para Galicia do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP
- Salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña
- Programación, planificación e control das accións de vixilancia e inspección tanto no sector extractivo como nos centros de comercialización e establecementos de produción, transformación e consumo, así como no transporte dos produtos en xeral.
- A planificación, seguimento e control na execución do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca en colaboración cos organismos intermedios de xestión.
- A realización das actuacións de verificación sobre as operacións financiadas con este fondo
- A tramitación dos títulos habilitantes para o exercicio do marisqueo.
- A tramitación de solicitudes de apertura, anulacións e peche das zonas de traballo solicitadas polas distintas confrarías e outras

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

entidades asociativas de pescadores/as no ámbito dos seus respectivos plans de explotación.

- A emisión e rexistro das titulacións náuticas de pesca e de lecer.
- Actividades de fomento da organización sectorial e extensión pesqueira.
- A organización e seguimento de cursos de formación.
- A emisión de autorizacións e de certificados de conformidade relacionados coa realización de traballos subacuáticos.
- A coordinación e o seguimento das medidas de xestión dos recursos marisqueiros.
- A tramitación das axudas con cargo a fondos europeos destinados a buques, industrias e acuicultura.
- A tramitación dos títulos habilitantes para o exercicio da pesca e da acuicultura, así como as inmersións de especies.
- A tramitación de procedementos de autorización, construción e modernización de buques pesqueiros e auxiliares.
- O Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma.
- A inscrición, baixa e modificación de datos no Rexistro de Empresas Halioalimentarias.
- A tramitación de cambios de porto base dentro da mesma provincia marítima.

1.3. As medidas do "ciclo da fraude"

1.3.1. Medidas de prevención:

a) Adóptase a declaración institucional prevista no plan xeral
b) Incorporaranse nos plans deste centro directivo/entidade instrumental as declaracións sobre a integridade no marco sectorial concreto ao que se refiren

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

c) Divulgarase a cultura da integridade na organización
d) Formación do persoal directivo públicos e dos restantes empregados públicos e concienciación específica nos responsables de transparencia e dos responsables de xestión de fondos.
e) Establecemento e implantación de medidas que regulen as declaracións de ausencia de conflitos de interese nos procedementos nos que se utilicen fondos e se regulen os supostos nos que actuar cando se denuncia ou detecta un conflito.

1.3.2. Medidas de detección:

a) Implantar o plan de prevención riscos do centro directivo/entidade instrumental, que avalíe os indicadores que poidan supoñer un risco de eventual fraude propio do seu tipo de actividade.
b) Exame dos riscos potenciais nas áreas con maior probabilidade de riscos de conformidade cos catálogos de riscos e medidas aprobados no documento técnico "Catálogo de riscos por área de actividade" aprobado polo Consello de Contas
c) Estender nos modelos de bases de subvencións, e nos modelos de pregos de cláusulas administrativas de contratación, a inclusión de medidas antifraude que permitan previr ou detectar situacións de riscos.
d) Obtención de información de determinadas bases de datos, entre outras: base de datos nacional de subvencións, rexistro administrativo de apoio á administración de xustiza (SIRAJ), listado de buques IUU e base de datos de publicidade concursal.
e) Obter declaracións responsables dos interesados

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

1.3.3. Medidas de corrección:

a) Realizaranse as modificacións no plan cando se detecten incidencias ou resultados de auditoría.
b) Determinarase o proceso interno de comunicación de incidencias, e o responsable encargado de comunicar os feitos á Consellería e aos órganos transversais previstos no plan xeral.
c) Suspender a tramitación de proxectos nos que se teñan detectados supostos de fraude que non consistan en meras irregularidades administrativas
d) Estableceranse modelos para a comunicación aos superiores da existencia dun conflito de interese, que debe resolver por escrito a avaliación da concorrencia dun conflito de interese

1.3.4. Medidas de persecución:

a) Inicio dos procedementos de reintegro cando produzan menoscabo nos recursos públicos ou fosen declaradas irregulares as actuacións
b) Establecemento dos órganos que trasladen os feitos afectados por fraude, sospeita de fraude ou das medidas adoptadas ás autoridades decisorias ou a autoridade responsable.
c) Revisión dos procedementos de xestión e control recollendo todas aquelas medidas que supoñan unha mellora na política de loita contra a fraude, sempre e cando se detecte que puido ter existido algún fallo ou carencia nos sistemas de control.

1.4. Funcións e responsabilidades na xestión dos riscos

1.4.1. A consellería, os centros directivos/entidades instrumentais

O centro directivo/entidade instrumental asume o compromiso de aplicar a medidas deste plan coa máxima dilixencia e implantar, nos seus procesos propios, as medidas e niveis de control que permitan unha eficaz execución

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

dos fondos dos que son responsables nun contexto de integridade e prevención da loita contra a fraude nos termos establecidos na normativa europea.

O compromiso do centro directivo/entidade instrumental coa política de integridade e prevención de riscos establecida no presente plan formalizarase asinando a proposta de aprobación deste plan específico polo órgano de dirección do mesmo.

Este plan integrarase xunto cos dos restantes centros directivos e entidades adscritas no plan da Consellería. A incorporación de máis centros directivos e entidades instrumentais, ou a actualización dos plans xa integrados suporá a modificación, por addenda, do plan de prevención de riscos da Consellería.

Una vez aprobado o plan da Consellería, que agrupará os dos diferentes centros directivos e das entidades instrumentais será remitido á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa para ser publicados no portal de transparencia.

1.4.1.1 Declaración de cumprimento dos órganos responsables.

Como órgano responsable da execución de fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia emítese a Declaración de xestión prevista na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (en diante, Orde HFP 1030/2021) coa periodicidade que se determine, que se adxunta a este plan co seguinte contido:

<<En fecha XXXXXX, este Centro manifiesta que los fondos se han utilizado para los fines previstos y se han gestionado de conformidad con todas las normas que resultan de aplicación, en particular las normas relativas a la prevención de conflictos de intereses, del fraude, de la corrupción y de la doble financiación procedente del Mecanismo y de otros

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

programas de la Unión y de conformidad con el principio de buena gestión financiera. Asimismo, manifiesta la veracidad de la información contenida en el informe en relación con el cumplimiento de hitos y objetivos, y confirma que no se han revocado medidas relacionadas con hitos y objetivos anteriormente cumplidos satisfactoriamente, atendiendo a lo establecido en el apartado 3 del artículo 24 del Reglamento (UE) 241/2021 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 12 de febrero de 2021, por el que se establece el Mecanismo de Recuperación y Resiliencia.>>

1.4.1.2. Persoas ou unidades responsables de integridade e prevención de riscos nas consellerías ou centros directivos/entidades instrumentais.

Este centro directivo/entidade instrumental / esta consellería designará unha persoa ou unidade que actúe como órgano responsable de integridade e prevención de riscos que velará polo cumprimento das medidas incluídas neste plan, actuará como interlocutor cos órganos/unidades transversais encargados do seu cumprimento e informará directamente aos órganos superiores de eventuais incidencias que poidan acontecer en relación coa aplicación do plan.

Sempre que sexa posible, a persoa ou unidade será a mesma que actualmente desempeñe a función de responsable de coordinación da calidade e da transparencia (antigos responsables de transparencia) designada por acordo do Consello da Xunta do 17 de xuño de 2021.

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2. COMPROMISO DE INTEGRIDADE E MARCO ÉTICO DA INTEGRIDADE INSTITUCIONAL

As medidas e accións incluídas neste plan son de aplicación a todo o centro directivo/entidade instrumental e constitúense en alicerces da política antifraude e nos elementos que sustentan a integridade da acción pública.

2.1. Medidas relativas ao compromiso institucional coa integridade, coa ética publica e coas medidas antifraude.

Acción 2.1.1. A manifestación expresa dos responsables públicos

Os altos cargos do centro directivo/entidade instrumental asumen como guía da súa conduta o compromiso principal distintivo de que a súa actuación non só require o cumprimento estrito da legalidade senón que precisa, ademais, dunha demostración diaria de ética, exemplaridade e honorabilidade no desempeño da responsabilidade que supón xestionar os recursos que son patrimonio de todos as galegas e os galegos, e o deber de salvagardar a imaxe e reputación das institucións autonómicas.

Con independencia do anterior, todos os altos cargos que participan no proceso de elaboración, proposta ou aprobación deste plan realizarán unha manifestación de compromiso co Código Ético e de comportamento íntegro e de loita contra a fraude en termos semellantes ás realizadas na declaración institucional do plan xeral.

Acción 2.1.2. As referencias á integridade na planificación estratéxica

Cando o centro directivo/entidade instrumental aprobe ou propoña a aprobación dun instrumento de planificación incluirá unha manifestación

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

expresa de que súa xestión se realizará de conformidade cos mecanismos de integridade que sexan de aplicación en cada suposto, e de ser o caso, unha análise dos riscos de xestión que poida implicar a adopción do instrumento de planificación, ben mediante unha mención especifica ou ben co recurso a elementos ou riscos e medidas descritos no plan xeral de prevención.

Acción 2.1.3. A difusión e a formación en materia de integridade institucional

O presente plan será difundido entre o persoal do centro directivo/entidade instrumental, adicionalmente divulgárase a través do portal de transparencia da Xunta de Galicia.

Periodicamente, os altos cargos recibirán formación en materia de liderado ético e nas políticas de integridade institucional.

2.2. Medidas relativas ao sistema de prevención de conflitos de interese.

Acción 2.2.1. Réxime xeral do conflito de intereses

Os altos cargos do centro directivo/entidade instrumental sométense ás prescricións do artigo 43 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno en todo o relativo ao réxime aplicable aos conflitos de intereses.

Así mesmo, ateranse na súa actuación aos principios recollidos no apartado IV do Código ético Institucional, ou instrumento xurídico que o substitúa ou desenvolva, e ás previsións existentes no mesmo Código respecto dos regalos, as dádivas, as mostras de cortesía e as atencións protocolarias.

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Acción 2.2.2. Réxime especial do conflito de intereses para os altos cargos nos supostos de actuacións financiadas do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

De conformidade coa Orde HFP/1030/2021, os altos cargos intervenientes na preparación, tramitación ou aprobación dun procedemento de subvencións ou contratación deixarán constancia por escrito no expediente da seguinte declaración:

<<Al objeto de garantizar la imparcialidad en el procedimiento de contratación/subvención arriba referenciado, el/los abajo firmante/s, como participante/s en el proceso de preparación y tramitación del expediente, declara/declaran:
Primero. Estar informado/s de lo siguiente:
1. Que el artículo 61.3 «Conflicto de intereses», del Reglamento (UE, Euratom) 2018/1046 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 18 de julio (Reglamento financiero de la UE) establece que «existirá conflicto de intereses cuando el ejercicio imparcial y objetivo de las funciones se vea comprometido por razones familiares, afectivas, de afinidad política o nacional, de interés económico o por cualquier motivo directo o indirecto de interés personal.»
2. Que el artículo 64 «Lucha contra la corrupción y prevención de los conflictos de intereses» de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, tiene el fin de evitar cualquier distorsión de la competencia y garantizar la transparencia en el procedimiento y asegurar la igualdad de trato a todos los candidatos y licitadores.
3. Que el artículo 23 «Abstención», de la Ley 40/2015, de 1 octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, establece que deberán abstenerse de intervenir en el procedimiento «las autoridades y el personal al servicio de las Administraciones en quienes se den algunas de las circunstancias señaladas en el apartado siguiente», siendo éstas:
a) Tener interés personal en el asunto de que se trate o en otro en cuya resolución pudiera influir la de aquél; ser administrador de sociedad o entidad interesada, o tener cuestión litigiosa pendiente con algún interesado.
b) Tener un vínculo matrimonial o situación de hecho asimilable y el parentesco de consanguinidad dentro del cuarto grado o de afinidad dentro del segundo, con cualquiera de los interesados, con los administradores de entidades o sociedades interesadas y también con los asesores, representantes legales o mandatarios que intervengan en el procedimiento, así como compartir despacho profesional o estar asociado con éstos para el asesoramiento, la representación o el mandato

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

c) Tener amistad íntima o enemistad manifiesta con alguna de las personas mencionadas en el apartado anterior.

d) Haber intervenido como perito o como testigo en el procedimiento de que se trate.

e) Tener relación de servicio con persona natural o jurídica interesada directamente en el asunto, o haberle prestado en los dos últimos años servicios profesionales de cualquier tipo y en cualquier circunstancia o lugar».

Segundo. Que no se encuentra/n incurso/s en ninguna situación que pueda calificarse de conflicto de intereses de las indicadas en el artículo 61.3 del Reglamento Financiero de la UE y que no concurre en su/s persona/s ninguna causa de abstención del artículo 23.2 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público que pueda afectar al procedimiento de licitación/concesión.

Tercero. Que se compromete/n a poner en conocimiento del órgano de contratación/comisión de evaluación, sin dilación, cualquier situación de conflicto de intereses o causa de abstención que dé o pudiera dar lugar a dicho escenario.

Cuarto. Conozco que, una declaración de ausencia de conflicto de intereses que se demuestre que sea falsa, acarreará las consecuencias disciplinarias/administrativas/judiciales que establezca la normativa de aplicación.

(Fecha y firma, nombre completo y DNI)

A verificación da dita declaración realizarase no momento da aprobación das bases ou do expediente de contratación. A mesma declaración incluírase tamén no momento de aprobación da resolución de concesión ou de adxudicación do contrato.

Acción 2.2.3. Réxime especial do conflito de intereses para os funcionarios públicos nos supostos de actuacións financiadas do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

Os funcionarios públicos, e de ser o caso, o restantes empregados públicos que interveñan na redacción de bases reguladoras de subvencións ou da elaboración das prescricións técnicas e das cláusulas administrativas de contratos que vaian a ser financiados con fondos derivados do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, deixarán constancia nos respectivos expedientes dunha declaración asinada nos mesmos termos que

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

no apartado anterior (acción 2.2.2). A verificación deste extremo realizárase no momento de aprobación das bases ou do expediente de contratación.

Do mesmo xeito, os funcionarios que interveñan nas comisións de baremación de subvencións ou nas mesas de contratación de expedientes financiados cos mesmos fondos deixarán constancia na acta de constitución da comisión ou da mesa dos extremos referidos na declaración anterior. A verificación deste extremo realizárase con carácter previo á resolución de concesión das axudas ou de adxudicación do contrato.

2.3. Medidas referidas ás canles de denuncias de irregularidades ou condutas de fraude

Acción 2.3.1. Difusión da canle de denuncias

O centro directivo/entidade instrumental difundirá a existencia dunha canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) (https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES) no que se garantirá que a presentación de denuncias, que precisará da identificación electrónica da persoa denunciante para evitar suplantacións ou denuncias automatizadas, será tratada pola administración autonómica garantindo o anonimato da persoa denunciante, de xeito que os órganos que deban investigar a denuncia non coñezan a identidade do denunciante.

Así mesmo, a canle poderá ser utilizada por empregados públicos para presentar medidas de mellora dos procedementos ou das accións antifraude. Tamén na canle poderanse denunciar incidencias que sexan realizadas por empresas ou por beneficiarios de subvencións.

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A xestión da canle de denuncias corresponderá á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.

2.4 Formación e compromiso coa competencia profesional dos empregados públicos

A formación en materia de integridade debe de converterse nunha ferramenta de sensibilización, de coñecemento e de propagación dunha cultura administrativa baseada en comportamentos éticos.

O centro /entidade instrumental asume o compromiso de favorecer a participación do seu persoal nas medidas de formación previstas no Programa Marco de Integridade Institucional que se desenvolverán coa colaboración da EGAP e diversificando os destinatarios entre os contidos xerais para todos os empregados e contidos dirixidos especialmente a altos cargos, niveis directivos intermedios e persoal de áreas específicas de risco, en particular o que xestione expedientes financiados con fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

Acción 2.4.1. Formación especifica nos centros directivos/entidades instrumentais que xestionen fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

En función das necesidades e no momento que se estime oportuno, este centro directivo/entidade instrumental poderá solicitar da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa que elabore unha formación específica en materia de integridade, destinada ao persoal que xestione estes fondos.

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

3. IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE

3.1. Medidas relativas ao diagnóstico e análise dos riscos xerais da organización.

3.1.1. Definición do risco e asunción dos riscos xerais da organización

Defínese o risco como a incidencia da incerteza sobre a consecución dos obxectivos dunha organización, e entenderase por administración de riscos o proceso sistemático que deben realizar as institucións para avaliar os riscos aos que están expostas no desenvolvemento das súas actividades, mediante a análise dos distintos factores que poden provocalos e coa finalidade de definir as estratexias que permitan controlalos, asegurando o logro dos obxectivos e metas dun xeito razoable.

O centro directivo/entidade instrumental asume como riscos propios os determinados no epígrafe "Catálogo de riscos xerais e medidas atenuantes que afectan ao conxunto da organización" que figura no plan xeral.

Tendo en conta as singularidades do centro directivo/entidade instrumental, non se diagnosticaron riscos nestas áreas diferentes aos riscos xerais incluídos no devandito catálogo, en particular nas áreas de contratación e subvencións.

3.2. Medidas para a aprobación dun plan de prevención de riscos e medidas antifraude por cada centro xestor

Acción 3.2.1. Metodoloxía para a avaliación do risco

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O centro directivo/entidade instrumental elaborou este plan específico de conformidade con metodoloxía prevista na Guía da Comisión Europea sobre auto avaliación de risco de fraude.

Na **primeira fase** definíronse os obxectivos do centro directivo/entidade instrumental e a relación daqueles procesos ou actividades que son precisos

A) Actividades principais

A.1. Actividade regulatoria

A.2. Actividade de autorización

B) Actividades de apoio

B.1. Xestión de persoal (recursos humanos)

B.2. Contratación administrativa

B.3. Xestión de subvencións

B.4. Encomendas de xestión

Na **segunda fase** identificáronse os riscos que poden afectar ao centro directivo/entidade instrumental. Enténdese por factores de risco as situacións ou circunstancias que incrementan a probabilidade de que se produzan incumprimentos (operativos, normativos, éticos, falta de fiabilidade da información) ou prácticas de fraude propiamente ditas no seo do centro directivo/entidade instrumental.

Factores de risco externos:

Cambios reguladores importantes

Cambios nos altos cargos da organización

Factores de risco internos ou institucionais:

Inadecuación ou debilidade dos mecanismos internos de supervisión

Ausencia de sistemas de alerta para o caso de que se produzan irregularidades

Actividades con alto grao de discrecionalidade

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Factores de risco individuais:

Relacións inadecuadas cos clientes

Falta de experiencia ou de formación

Inadecuada supervisión do traballo

Factores de risco procedementais:

Falta de manuais de procedementos

Falta de transparencia na toma de decisións

Falta de claridade na distribución de competencias

Ausencia de controis verticais e horizontais dos procedementos

Adicionalmente, pódense considerar riscos que provocarían os procesos máis susceptibles de sufrir fraude, segundo o ANEXO III. C.2.b) i E da Orde HFP/1030/2021, os seguintes:

I. Identificación de operacións que son máis susceptibles da fraude, como poden ser aquelas con alta intensidade, alto orzamento, moitos requisitos para xustificar polo solicitante, controis complexos, etc.

II. Identificación de posibles conflitos de intereses.

III. Resultados de traballos previos de auditorías internas.

IV. Resultados de auditorías da Comisión Europea ou do Tribunal de Contas Europeo, no seu caso.

V. Casos de fraude detectados con anterioridade

Teoricamente é posible pensar nun gran número de posibles riscos. Porén, a soa identificación de moitos "riscos" menores podería paralizar a dirección e impactar negativamente no seu compromiso coas accións propostas neste plan. Parece, polo tanto, máis adecuado centrarse nun número limitado de riscos, polo que se acoutou a análise aos riscos máis relevantes ou que pola súa natureza poderían ter maior impacto na organización, para evitar a

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

dispersión de esforzos, xa que para a maioría destes riscos a súa probabilidade e o seu impacto son baixos.

Na **terceira fase** procedeuse á gradación do risco. Definiuse o risco bruto como o nivel de risco sen ter en conta o efecto dos controis ou medidas existentes ou previstos no futuro.

A cuantificación do risco baséase nunha combinación da estimación da «probabilidade» do risco (ata que punto é probable que aconteza) e o seu «impacto» (que consecuencias pode ter) dende os puntos de vista financeiro e non financeiro. Para asegurar a coherencia da avaliación na determinación da probabilidade do risco estableceuse un horizonte temporal de cinco anos.

O impacto do risco mediuse de acordo coa seguinte puntuación

Puntuación	Impacto na reputación	Impacto nos obxectivos
1	Impacto limitado	Traballo adicional que supón o atraso doutros procesos
2	Impacto medio	Retrasa a consecución dun obxectivo operativo
3	Impacto significativo (por exemplo un suposto de fraude grave ou afecta a múltiples beneficiarios)	Pon en perigo a consecución dun obxectivo operativo ou atrasa un estratéxico
4	Impacto grave que supón investigación oficial ou unha percepción negativa nos medios de comunicación	Pon en perigo a consecución dun obxectivo estratéxico

A probabilidade do risco mediuse de acordo coa seguinte puntuación

Puntuación	Probabilidade
1	Pode acontecer en moi poucos casos
2	Pode acontecer ocasionalmente en algún momento
3	É moi probable que aconteza

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

4	Acontecerá con frecuencia

A cuantificación do risco resultou da aplicación de ambas valoracións coa seguinte escala:

Valor da puntuación resultante	Nivel de risco
Puntuación entre 1 e 3	Risco aceptable (verde)
Puntuación entre 4 e 6	Risco importante (amarelo)
Puntuación entre 8 e 16	Risco grave (vermello)

As medidas atenuantes que corrixan ou minimicen o impacto ou a probabilidade son semellantes ás que figuran nas medidas xerais de atenuación de riscos de contratación e subvencións que figuran no plan xeral. Porén, en función da puntuación acadada na avaliación de risco, o centro directivo/entidade instrumental propón as medidas que en función dos riscos analizados minimicen o risco.

Así, o centro xestor valorará as medidas de -1 a -4 en función de que minimicen o impacto do risco ou de -1 a -4 en función de que minimicen a probabilidade de que aconteza o risco.

O resultante de ditas puntuacións definen o risco neto como aquel nivel de risco resultante de aplicar os valores negativos das medidas e da súa eficacia.

A puntuación da medidas que minoran o risco é a seguinte:

Nivel de implantación de controis existentes	Minoración no risco inicial
N1_Sen medidas: A medida non existe, ao menos ata onde existe coñecemento	0
N2_Medidas parciais: A medida existe, pero non está implantada ou é ineficaz	1
N3_Medidas parciais: A medida existe, pero non é completamente eficaz	2
N4_Con medidas: A medida existe, e considérase eficaz	3

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

En consecuencia, o risco neto deriva das seguintes operacións:

Riscos	Valor probab.	Valor gravid.	Gradación do risco (antes de medidas)	Medidas			Valoración de risco
				N1	N2	N3	
Risco 1	7	5	6,0	X			Risco importante
Risco 2	4	8	6,0			X	Risco aceptable
Risco 3	1	6	3,5			X	Risco aceptable

Acción 3.2.3. Listaxes de verificación na aprobación dos expedientes financiados con PRTR

O centro directivo/entidade instrumental incluirá en cada un dos expedientes de subvencións ou contratación que xestione, que sexan financiados con fondos PRTR, unha folla de verificación na que se incluirán as medidas antifraude que se inclúen no expediente que se tramita.
Esta verificación servirá de base para a declaración sinalada no punto 1.4.2.1. que realizarán os titulares das Secretarías Xerais Técnicas.

A lista incluirá as seguintes verificacións:

Área	Medidas que se incorporan no expediente	Verificación. Grao de cumprimento valora de 1 a 4
Contratación e subvencións	Disponse dun plan de prevención de riscos e medidas antifraude ?	4
Contratación e subvencións	Disponse dunha declaración ao máis alto nivel de loita contra a fraude ?	4
Contratación e subvencións	O plan de prevención é coñecido polo persoal que tramita o expediente ?	1-4
Contratación e subvencións	Existe un plan de avaliación de riscos que identifique probabilidade, impacto e medidas de minimización ?	4
Contratación e subvencións	O persoal que tramita o expediente coñece o Código Ético e a normativa sobre regalos ?	1-4

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Contratación e subvencións	O persoal tramitador ten recibido formación sobre integridade ?	1-4
Subvencións	Existe declaración de ausencia de conflito de intereses do persoal que elabora as bases de subvención?	1-4
Subvencións	Existe declaración de ausencia conflitos de intereses do persoal que conforma a comisión de baremacion	1-4
Subvencións	Existe declaración de ausencia de conflito de interese do alto cargo que xestiona a convocatoria e resolución das subvencións?	1-4
Subvencións	Nas bases inclúense medidas para evitar o dobre financiamento?	1-4
Contratación	Existe declaración de ausencia de conflito de intereses do persoal que elabora os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas da contratación?	1-4
Contratación	Existe declaración de ausencia conflitos de intereses do persoal que conforma a mesa de contratación?	1-4
Contratación	Existe declaración de ausencia de conflito de interese do alto cargo responsable que aproba a contratación?	1-4
Contratación e subvencións	Existe unha canle para presentar denuncias ?	4
Contratación e subvencións	O centro directivo/entidade instrumental dispón dun mecanismo de bandeiras vermellas ?	4
Contratación e subvencións	Existe un órgano encargado de examinar as denuncias e propor medidas ?	4
Contratación e subvencións	Cando se detecta un fraude avalíase e propóñense medidas?	1-4

Acción 3.2.4. Mecanismos de detección a través de "bandeiras vermellas"

As bandeiras vermellas son sinais de alarma, pistas ou indicios de posible fraude que non implican necesariamente a existencia do mesmo. A verificación delas polo órgano xestor, polos órganos transversais, como os letrados no exercicio da súa función de verificación ou, no seu caso, polos equipos de auditoría, dará lugar á modificación do plan deste centro directivo/entidade instrumental e a implantación ou modificación das medidas establecidas nel.

Ámbitos	Indicios	Revisión	Órgano revisor
Pregos reitores do	Presentación dunha única oferta ou número anormalmente baixo de proposicións optando á licitación	Trimestral	Órgano xestor

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

procedemento amañados a favor dun licitador	Extraordinaria similitude entre os pregos reitores do procedemento e os produtos o servicios do contratista gañador	Trimestral	Órgano xestor
	Queixas doutros licitadores	Trimestral	Órgano xestor
	Pregos con prescricións máis restritivas ou máis xerais que as aprobadas en procedementos previos similares	Trimestral	Órgano xestor
	Pregos con cláusulas non comúns ou pouco razoables	Trimestral	Órgano xestor
	O poder adxudicador define un produto dunha marca concreta en lugar dun produto xenérico	Trimestral	Órgano xestor
Licitacións colusorias	A oferta gañadora é demasiado alta en comparación coas listas de prezos públicas, con obras ou servicios similares o promedios da industria, ou con prezos de referencia do mercado	Trimestral	Órgano xestor
	Todos os licitadores ofertan prezos altos de forma continuada	Trimestral	Órgano xestor
	Os prezos das ofertas baixan bruscamente cando novos licitadores participan no procedemento	Anual	Auditoría
	Os adxudicatarios se reparten ou alternan por rexión, tipo de traballo, tipo de obra	Anual	Órgano xestor
	O adxudicatario subcontrata aos licitadores perdedores	Anual	Órgano xestor
	Existen patróns de ofertas pouco usuais (por exemplo, as ofertas teñen porcentaxes exactas de rebaixa, a oferta gañadora está xusto debaixo do limiar de prezos aceptables, ofértase exactamente ao valor do orzamento do contrato, os prezos das ofertas son demasiado altos, demasiado próximos, moi distintos, números redondos, incompletos, etc.);	Anual	Auditoría
Conflito de interese	Favoritismo inexplicable ou inusual dun contratista ou vendedor en particular	Anual	Órgano xestor
	Aceptación continua de altos prezos e traballo de baixa calidade etc.	Anual	Órgano xestor
	Un empregado encargado da contratación non presenta declaración de conflito de interese	Trimestral	Órgano xestor
	O empregado encargado de contratación declina o ascenso a unha posición na que deixa de ter participación nos procedementos de contratación	Anual	Órgano xestor
	Empregado encargado de contratación parece facer negocios propios pola súa conta	Anual	Órgano xestor
	Excesiva socialización entre un empregado encargado de contratación e un provedor	Anual	Órgano xestor
Manipulación de ofertas	Queixas dos licitadores e falta de control adecuado nos procedementos de licitación	Trimestral	Órgano xestor
	Licitador excluído por causas dubidosas ou exceso de declaración de procedementos desertos	Anual	Órgano xestor
Riscos de fraccionamento	Aprécianse dúas ou máis adquisicións con similar obxecto efectuadas a idéntico adxudicatario por debaixo dos límites admitidos para a utilización de procedementos de adxudicación directa ou dos limiares de publicidade ou que exixirían procedementos con maiores garantías de concorrencia	Anual	Auditoría
	Separación inxustificada das compras, por exemplo, contratos separados para man de obra e materiais, estando ambos por debaixo dos limiares de licitación aberta	Anual	Auditoría
	Compras secuenciais xusto por debaixo dos limiares de publicidade das licitacións	Anual	Auditoría
Risco de limitación da concorrencia en subvencións	Falta de difusión nos medios obrigatorios establecidos Requisitos dos beneficiarios/destinatarios ambiguos Ausencia de publicación de baremos	Anual	Órgano xestor
Risco de trato discriminatorio na selección de beneficiarios	Non se segue un criterio homoxéneo para a selección de beneficiarios	Anual	Órgano xestor
Risco de incorrer en imparcialidade derivada de situacións de conflitos de intereses nas axudas	Trato preferente a determinadas solicitudes Presións manifestas sobre outros membros do comité	Anual	Órgano xestor
Risco de aplicación dos fondos a finalidades diferentes a aquelas para os que foron concedidos (desviación de obxecto)	Fondos que non atenden á finalidade ou obxectivo das bases	Anual	Órgano xestor
Risco de dobre	Recepción de importes fixos no lugar de porcentaxes do gasto	Anual	Órgano xestor

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

financiamento (incumprimento adicionalidade)	Varios cofinanciadores que financian a mesma operación Non existe documentación soporte das aportacións realizadas por terceiros Financiación non finalista e sen criterios de reparto		
Risco de falsidade documental	Incorrecta información presentada polos solicitantes de axudas Ocultación de información con obriga de remitir á Administración Manipulación na xustificación de gastos (Custos laborais rateados incorrectamente/ou duplicados en distintos proxectos)	Anual	Órgano xestor
Risco de perda da pista de auditoría	Incorrecta documentación das operacións subvencionadas Imprecisión na convocatoria da forma de documentar os gastos Imprecisión na definición de gastos elixibles Imprecisión no método do cálculo dos custos	Anual	Órgano xestor

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

4. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

4.1. Seguimento, supervisión e avaliación

O centro directivo/entidade instrumental realizará un control periódico para verificar o cumprimento das regras do plan e os seus efectos prácticos. Dita labor pode ser efectuada pola persoa ou unidade do responsable da integridade e prevención de riscos.

O seguimento realizarase anualmente e basearase nas respostas, que poden ser efectuadas a través de formularios, do persoal e altos cargos das unidades que xestionan os ditos procesos e sobre o grao de aplicación das medidas e dos mecanismos de control.

Este seguimento pode ser realizado a través das listas de verificación dos expedientes tramitados no ano anterior ao seguimento.

No marco das súas funcións de asistencia, a Asesoría Xurídica informará aos organismos encargados de vixiar o funcionamento e observancia do plan de prevención dos incumprimentos que observe e asesoraraos cando así o soliciten.

Con independencia da periodicidade anual, sempre que se teña detectado un risco, como consecuencia de reclamacións ou cando se reciban os resultados das auditorías efectuadas polos órganos de control, procederase a un seguimento das medidas incluídas no plan.

Non caso de que se materialice un acto contrario á integridade, de fraude ou de corrupción o centro directivo analizará os feitos ocorridos e determinará as modificacións que deben realizarse na estruturas e nos procesos de control.

4.2. Actualización e revisión

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Cando se detecten resultados de auditorías ou feitos derivados de reclamacións ou queixas das que se poidan derivar indicios de irregularidades ou melloras que se poidan implantar nos procedementos, procederase a unha actualización do plan.

Anualmente, con ocasión do seguimento do plan, procederase a valorar a necesidade de realizar unha actualización de procedementos, de avaliación de riscos ou de implantación de medidas.

4.3. Comunicación e difusión

O plan difundirase entre todo o persoal, especialmente entre o que integre as unidades que tramiten os expedientes de subvencións ou contratación.
Tamén será obxecto de comunicación cando se produzan novas incorporacións de persoal nas unidades.

Asinado por: CORTIÑAS FERNANDEZ, SILVIA
Cargo: Secretaria xeral técnica
Data e hora: 29/12/2021 08:37:46

CVE: hOX6tlXfZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Esta Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar, de acordo coa declaración institucional de Integridade e Compromiso Ético da Xunta de Galicia, asume un compromiso de tolerancia cero contra a fraude que vai máis ala do cumprimento das normas xurídicas porque se refire ás normas e principios éticos e morais e aos valores de integridade, honestidade e obxectividade. Este compromiso inclúe o establecemento dos mecanismos preventivos que consoliden unha cultura de prevención fronte aos posibles incumprimentos, impulsando o desenvolvemento de procedementos que a fagan efectiva, e prestando especial atención a aqueles feitos que poidan supoñer actos contrarios á integridade.

Santiago de Compostela,

Silvia Cortiñas Fernández

Secretaria Xeral Técnica

Asinado por: CORTIÑAS FERNANDEZ, SILVIA
Cargo: Secretaria xeral técnica
Data e hora: 28/12/2021 14:55:40

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, 5
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal

CVE: KAadefkFh0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DO/A DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

CVE: hlvwZUC68
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

ÍNDICE

PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTION E MEDIDAS ANTIFRAUDE PARA A DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA ..... **¡Error! Marcador no definido.**

1. CARACTERIZACIÓN DO CENTRO DIRECTIVO. DIAGNOSE DE SITUACIÓN. 4

1.1. Misión, visión e Valores 4

1.2. Organización e funcionamento do centro directivo 6

1.2.1. Organización 6

1.2.2. Recursos humanos 10

1.2.3. Recursos orzamentarios 10

1.2.4. Marco normativo 11

1.2.5. Procesos e procedementos que aplica o centro directivo 11

1.3. As medidas do "ciclo da fraude" 11

1.3.1. Medidas de prevención: 11

1.3.2. Medidas de detección: 12

1.3.3. Medidas de corrección: 12

1.3.4. Medidas de persecución: 13

1.4. Funcións e responsabilidades na xestión dos riscos 13

1.4.1. A consellería e centros directivos 13

2. COMPROMISO DE INTEGRIDADE E MARCO ÉTICO DA INTEGRIDADE INSTITUCIONAL 16

2.1. Medidas relativas ao compromiso institucional coa integridade, coa ética publica e coas medidas antifraude. 16

Acción 2.1.1. A manifestación expresa dos responsables públicos 16

Acción 2.1.2. As referencias á integridade na planificación estratéxica ... 16

Acción 2.1.3. A difusión e a formación en materia de integridade institucional 17

2.2. Medidas relativas ao sistema de prevención de conflitos de interese. 17

Acción 2.2.1. Réxime xeral do conflito de intereses 17

Acción 2.2.2. Réxime especial do conflito de intereses para os altos cargos nos supostos de actuacións financiadas do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. 18

CVE: hlvwZUC68
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Acción 2.2.3. Réxime especial do conflito de intereses para os funcionarios públicos nos supostos de actuacións financiadas do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. 19
2.3. Medidas referidas ás canles de denuncias de irregularidades ou condutas de fraude 20
Acción 2.3.1. Difusión da canle de denuncias 20
2.4 Formación e compromiso coa competencia profesional dos empregados públicos 21
Acción 2.4.1. Formación especifica nos centros directivos que xestionen fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia 21
3. IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE 22
3.1. Medidas relativas ao diagnóstico e análise dos riscos xerais da organización. 22
3.1.1. Definición do risco e asunción dos riscos xerais da organización 22
3.2. Medidas para a aprobación dun plan de prevención de riscos e medidas antifraude por cada centro xestor 22
Acción 3.2.1. Metodoloxía para a avaliación do risco 22
Acción 3.2.3. Listaxes de verificación na aprobación dos expedientes financiados con PRTR 26
Acción 3.2.4. Mecanismos de detección a través de "bandeiras vermellas" 27
4. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN 30
4.1. Seguimento, supervisión e avaliación 30
4.2. Actualización e revisión 30
4.3. Comunicación e difusión 31

CVE: hlvwZUC68
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

1. CARACTERIZACIÓN DO CENTRO DIRECTIVO. DIAGNOSE DE SITUACIÓN

1.1. Misión, visión e Valores

O presente documento define os mecanismos que a *Dirección xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica* (en diante o centro directivo) ten previsto implantar como o seu Plan específico de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude (en diante, o plan) aínda que xa ten implantado medidas antifraude como xestor do fondo europeo FEMP que é.

Este centro directivo asume como propias as directrices e manifestacións realizadas no Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude aprobado por Acordo do Consello da Xunta de data xx de decembro de 2021 (en diante, plan xeral).

A mellora continua na calidade dos servizos prestados, a atención ás necesidades de toda a cidadanía, e a transparencia e a integridade da actividade pública actúan como principios vertebradores que presiden a actividade deste centro directivo, e como tales son asumidos como compromiso de actuación dos seus órganos de dirección e dos empregados públicos que traballan no mesmo.

> *A misión deste centro directivo é a xestión sostible dos recursos mariños e os instrumentos necesario para elo con especial atención ás augas interiores de Galicia o marisqueo e a acuicultura, así coma tamén o fomento da competitividade da frota pesqueira galega, as empresas de acuicultura e as industrias de transformación e comercialización dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura incluíndo a promoción da competitividade e calidade deste produtos.*

A dirección do centro asume o compromiso de actuar de conformidade cos principios de integridade, honestidade, imparcialidade, obxectividade e

CVE: hlvwZUC68
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

respecto ao marco xurídico e á cidadanía establecidos na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O criterios de integridade e ética publica no desempeño das actividades e no desenvolvemento da acción pública da administración autonómica son os principios asumidos expresamente polo goberno galego coa aprobación do Programa Marco de Integridade Institucional e prevención de riscos de xestión o 26 de maio de 2021, que a través de 24 medidas establece os elementos do marco de infraestrutura ética ao que se somete a acción do goberno, a dos seus responsables máximos e a do conxunto dos empregados públicos.

A Dirección xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica ten como competencias e funcións as seguintes:

- *A dirección e coordinación das competencias e funcións en materia de ordenación pesquera en augas interiores e acuicultura.*
- *A dirección e coordinación das competencias e funcións en materia das industrias de transformación, comercialización y almacenamiento dos prodctos da pesca, o marisqueo e a acuicultura.*
- *A elaboración de estadísticas e rexistros en materia de pesca, marisqueo e acuicultura.*
- *A promoción da competitividade dos produtos pesqueiros, marisqueros e da acuicultura e o fomento da súa calidade.*
- *A conservación, protección e xestión sostible dos recursos mariños.*
- *A coordinación da sanidade dos animais acuáticos e dos establecementos de acuicultura.*
- *A cooperación pesqueira interinstitucional e co exterior, de acordo coa política pesqueira galega e coas regulamentacións básicas da Unión Europea e da Administración xeral do Estado.*

No *Plan, estratexia de riscos deste centro directivo* establécense como obxectivos do centro directivo os seguintes:

CVE: hlvwZUC68
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Obxectivo cuantitativo	Indicador
Importe asociado a casos de fraude inferior ao 1% do importe adxudicado ao abeiro do PRTR	Importe recuperado por caso de fraude na xestión dos PRTR
Obxectivo cualtitativo	Indicador
Desbotar prácticas fraudulentas na xestión dos PRTR	Nº de casos comunicados a través de canle en operacións do PRTR

1.2. Organización e funcionamento do centro directivo

1.2.1. Organización

Estrutúase para a súa misión nos seguintes órganos e unidades:

- *Subdirección General de Innovación Tecnológica, a quen lle corresponden as seguintes funcións:*

a) A execución de todas as accións desenvolvidas no ámbito da innovación tecnolóxica das estruturas pesqueiras galegas, especialmente no relativo a súa modernización e axeitamento aos mercados globalizados e, en particular, ao desenvolvemento da frota pesqueira galega e da industria de transformación dos produtos da pesca, do marisqueo dea acuicultura.

b) A coordinación administrativa, execución e seguimiento do orzamento das actuacións transversais da dirección xeral.

Para o desenvolvemento das súas funcións, esta subdirección xeral estructúrase nas siguientes unidades administrativas, con nivel orgánico de servizo:

** **Servicio de Innovación Tecnolóxicaa da Frota:** corresponderanlle as seguintes funcións:*

a) A planificación e xestión das diferentes liñas de axudas destinadas á frota galega.

CVE: hlvwZUC68
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

b) A xestión das diferentes medidas orientadas a favorecer a innovación e a competitividade da frota pesqueira galega mediante accións encamiñadas á súa reestruturación, renovación e modernización.

c) A tramitación das autorizacións para construír, modernizar e reconverter buques.

d) O control do esforzo pesqueiro a través das modificacións na composición da frota pesqueira galega.

e) En xeral, cantos asuntos lle sexan encomendados pola dirección xeral en razón da súa competencia.

**** Servizo de Innovación Tecnolóxica das Industrias:** corresponderanlle as seguintes funcións:*

a) A planificación e xestión das diferentes liñas de axudas destinadas ás empresas de transformación de produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura.

b) A xestión das diferentes medidas dedicadas á creación, renovación, modernización e innovación tecnolóxica das empresas de transformación e comercialización dos produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura.

c) En xeral, cantos asuntos lle sexan encomendados pola dirección xeral en razón da súa competencia.

- Subdirección Xeral de Pesca e Mercados da Pesca, a quen lle corresponden as seguintes funcións:

a) Programar, coordinar e efectuar o seguimento das actuacións en materia de ordenación das actividades da pesca.

b) Velar pola aplicación da normativa sobre a actividade pesqueira e colaborar na defensa e promoción dos intereses galegos en materia de pesca.

c) Fomentar todas aquelas accións encamiñadas a incrementar a competitividade das empresas da pesca, do marisqueo e da acuicultura nun contexto globalizado, mediante o reforzo das súas capacidades de innovación e adaptación ás demandas do mercado e, especialmente, no eido da regulación dos mercados pesqueiros, na mellora das canles de comercialización, na adopción de novos mecanismos de comercialización e na promoción dos produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura.

CVE: hlvwZUC68
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

d) En xeral, cantos asuntos lle sexan encomendados pola dirección xeral en razón da súa competencia.

Para o desenvolvemento das súas funcións, esta subdirección xeral estrutúrase nas seguintes unidades administrativas, con nivel orgánico de servizo:

** **Servizo de Pesca:** correspóndenlle a este servizo as seguintes funcións:*

a) A planificación, coordinación, execución e control das medidas e actuacións en materia de pesca profesional e recreativa.

b) A xestión dos instrumentos de planificación da actividade pesqueira.

c) A xestión dos títulos administrativos habilitantes para o exercicio da actividade pesqueira, tanto profesional coma recreativa.

d) O seguimento da actividade pesqueira. e) En xeral, cantos asuntos lle sexan encomendados pola dirección xeral en razón da súa competencia.

** **Servizo de Mercados:** correspóndenlle a este servizo as seguintes funcións:*

a) A xestión e o desenvolvemento dos instrumentos de planificación e ordenación da comercialización en orixe dos produtos pesqueiros, en particular, a regulación en primeira venda dos produtos da pesca nas lonxas pesqueiras e en establecementos autorizados.

b) O estudo, a avaliación e o fomento de propostas de implantación de novos mecanismos de comercialización; en particular, daquelas innovacións que favorezan a competitividade das empresas.

c) A realización de accións de promoción dos produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura.

d) A realización de accións que fomenten as denominacións de orixe e os distintivos de calidade no sector da pesca, do marisqueo e da acuicultura.

e) O fomento da creación e o control da actividade das organizacións de produtores pesqueiros e outras entidades representativas do sector recoñecidas no marco da Organización Común de Mercados.

f) En xeral, cantos asuntos lle sexan encomendados pola dirección xeral en razón da súa competencia.

CVE: hlvwZUC68
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

** **Servizo de Análise e de Rexistros:** correspóndenlle a este servizo as seguintes funcións:*

a) A recollida e avaliación dos datos para a elaboración das estatísticas da actividade de aproveitamento dos recursos mariños.

b) A elaboración das estatísticas no ámbito de competencias da dirección xeral.

c) O estudo e a elaboración de informes con base nas estatísticas e nos datos recollidos.

d) A formulación de liñas de actuación, con base nos datos estatísticos, encamiñadas ao incremento da produtividade, do control ou da competitividade das actividades da pesca, do marisqueo e da acuicultura.

e) A elaboración e xestión dos rexistros existentes que sexan da súa competencia e a daqueles que no sucesivo se creen.

f) En xeral, cantos asuntos lle sexan encomendados pola dirección xeral en razón da súa competencia.

- Subdirección Xeral de Acuicultura, a quen lle correspónden as seguintes funcións:

a) A elaboración e o desenvolvemento dos instrumentos de planificación territorial para o exercicio da actividade da acuicultura.

b) A ordenación, o fomento e o control da acuicultura, así como o establecemento das condicións para o seu exercicio.

Para o desenvolvemento das súas funcións, esta subdirección xeral estrutúrase nas seguintes unidades administrativas, con nivel orgánico de servizo:

** **Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura**: correspóndenlle as seguintes funcións:*

a) A planificación, coordinación, execución e control das medidas e actuacións en materia de acuicultura.

b) A xestión e o desenvolvemento dos instrumentos de planificación e ordenación da actividade da acuicultura.

CVE: hlvwZUC68
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

c) O seguimento e control da actividade de acuicultura.

d) En xeral, cantos asuntos lle sexan encomendados pola dirección xeral en razón da súa competencia.

** **Servizo de Planificación e Xestión da Acuicultura**: correspóndenlle a este servizo as seguintes función:*

a) A planificación e xestión das diferentes liñas de axuda destinadas á creación, renovación, modernización e innovación tecnolóxica das empresas da acuicultura.

b) A xestión dos títulos administrativos habilitantes para a acuicultura.

c) En xeral, cantos asuntos lle sexan encomendados pola dirección xeral en razón da súa competencia.

1.2.2. Recursos humanos

Funcionarios con destino definitivo ou en comisión de servizos no centro directivo	Persoal laboral no centro directivo	Postos vacantes de funcionarios ou persoal laboral
44	0	8

1.2.3. Recursos orzamentarios

Segundo o orzamento para 2022, a dotación orzamentaria deste centro directivo é de 85.174.290 €. Neste importe están incluídos 1.310.000 € correspondentes a:

15.02. 723A. 640.0. 2022 00153. Para Innovación (PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILENCIA CIENCIAS MARIÑAS)

15.02. 723A. 640.4. 2022 00154. Para Medidas de salud y bienestar de los animales (PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILENCIA CIENCIAS MARIÑAS)

CVE: hlvwZUC68
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

1.2.4. Marco normativo

O centro directivo asume como obriga o cumprimento das normas en materia de integridade que figuran no plan xeral. Adicionalmente, son aplicables a este centro directivo as seguintes normas:

- *Reglamento de Disposiciones Comunes (RDC) o Reglamento (UE) nº 1303/2013 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 17 de diciembre de 2013, por el que se establecen disposiciones comunes relativas al Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER), al Fondo Social Europeo (FSE), al Fondo de Cohesión, al Fondo Europeo Agrícola de Desarrollo Rural (FEADER) y al Fondo Europeo Marítimo y de Pesca (FEMP), y por el que se establecen disposiciones generales relativas al FEDER, al FSE, al Fondo de Cohesión y al FEMP, y se deroga el Reglamento (CE) nº 1083/2006 del Consejo, con corrección de errores: Diario Oficial de la Unión Europea (en adelante, DOUE) 26.7.2016 l200/140.*
- *Reglamento del Fondo Europeo Marítimo y de Pesca (RFEMP) o Reglamento (UE) nº 508/2014 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 15 de mayo de 2014, relativo al Fondo Europeo Marítimo y de Pesca, y por el que se derogan los Reglamentos (CE) nº 2328/2003, (CE) nº 861/2006, (CE) nº 1198/2006 y (CE) nº 791/2007 del Consejo, y el Reglamento (UE) nº 1255/2011 del Parlamento Europeo y del Consejo y modificaciones posteriores*

1.2.5. Procesos e procedementos que aplica o centro directivo.

Como actividades específica principal do centro directivo atópase a actividade subvencionadora.

1.3. As medidas do "ciclo da fraude"

Este centro directivo é xestor do fondo europeo FEMP (Fondo Europeo e Marítimo e de Pesca) polo que xa ten implantado medidas do ciclo da fraude: prevención, detección, corrección e persecución.

1.3.1. Medidas de prevención:

CVE: hlvwZUC68
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Principalmente as seguintes:

a) *Adóptase a declaración institucional prevista no plan xeral*
b) *Dispor dunha política de loita contra o fraude, recollida nun documento "Documento de Política de lota contra o fraude" accesible a todo o personal ao servizo da Administración e que tamén é de acceso público a través da web do portal FEMP da Consellería do Mar. Igualmente é accesible para o persoal o Código ético Institucional da Xunta de Galicia.*
c) *Compromiso de realizar formación para o persoal do centro directivo.*
d) *Dispor dun procedimiento a aplicar no caso de posible conflicto de intereses.*
e) *Asinar declaracións de ausencia de conflitos de interese en procedementos de subvencións e contratación.*
f) *Dispor dunha Avaliación do Risco de Fraude.*

1.3.2. Medidas de detección:

Principalmente as seguintes:

a) *Dispor dun procedemento a seguir en caso de detección dun posible caso de fraude.*
b) *Dispor de cátalogo de bandeiras vermellas de subvencións e contratatación.*
c) *Dar a coñecer nas ordes, resolución, portal FEMP etc... o canal de fraude do SNCA (Servicio Nacional de Coordinación Antifraude).*
d) *Comprobar cos medios dispoñibles as declaracións responsables dos interesados.*

1.3.3. Medidas de corrección:

a) *Comunicar ao canal do SNCA os posibles casos de fraude*
b) *Incrementar os controis nas operacións de risco.*

CVE: hlvwZUC68
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

1.3.4. Medidas de persecución:

a) *Se se detectara casos de fraude despois de establecido nas etapas anteriores e sempre que se detectara algún fallo nos procedmentos estabelcidos revisar os precoedementos para introducir melloras, proceder a revisión dos procedementos anteriores para estyablecer melloras.*

b) *Dar traslado dos casos de fraude detectados a aquelas administracións interesadas coa finalidade de mellorar os fluxos de información.*

c) *Iniciar os procedementos de reintegro cando produzan menoscabo nos recursos públicos ou fosen declaradas irregulares as actuacións.*

1.4. Funcións e responsabilidades na xestión dos riscos

1.4.1. A consellería e centros directivos

O centro directivo asume o compromiso de aplicar a medidas deste plan coa máxima dilixencia e implantar, nos seus procesos propios, as medidas e niveis de control que permitan unha eficaz execución dos fondos dos que son responsables nun contexto de integridade e prevención da loita contra a fraude nos termos establecidos na normativa europea.

O compromiso do centro directivo coa política de integridade e prevención de riscos establecida no presente plan formalizarase asinando a proposta de aprobación deste plan específico polo órgano de dirección do mesmo.

Este plan integrarase xunto cos dos restantes centros directivos e entidades adscritas no plan da Consellería. A incorporación de máis centros directivos ou a actualización dos plans xa integrados suporá a modificación, por addenda do plan de prevención de riscos da consellería.

Una vez aprobado o plan da Consellería, que agrupará os dos diferentes centros directivos e das entidades instrumentais será remitido á Dirección

CVE: hilvwZUC68
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa para ser publicados no portal de transparencia.

1.4.1.1 Declaración de cumprimento dos órganos responsables.

Como órgano responsable da execución de fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia emítese a Declaración de xestión prevista na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (en diante, Orde HFP 1030/2021)coa periodicidade que se determine, que se adxunta a este plan co seguinte contido:

<<En fecha XXXXXX, este Centro manifiesta que los fondos se han utilizado para los fines previstos y se han gestionado de conformidad con todas las normas que resultan de aplicación, en particular las normas relativas a la prevención de conflictos de intereses, del fraude, de la corrupción y de la doble financiación procedente del Mecanismo y de otros programas de la Unión y de conformidad con el principio de buena gestión financiera. Asimismo, manifiesta la veracidad de la información contenida en el informe en relación con el cumplimiento de hitos y objetivos, y confirma que no se han revocado medidas relacionadas con hitos y objetivos anteriormente cumplidos satisfactoriamente, atendiendo a lo establecido en el apartado 3 del artículo 24 del Reglamento (UE) 241/2021 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 12 de febrero de 2021, por el que se establece el Mecanismo de Recuperación y Resiliencia.>>

1.4.1.2. Persoas ou unidades responsables de integridade e prevención de riscos nas consellerías ou centros directivos.

Este centro directivo / esta consellería designará unha persoa ou unidade que actúe como órgano responsable de integridade e prevención de riscos que velará polo cumprimento das medidas incluídas neste plan, actuará como

CVE: hlvwZUC68
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

interlocutor cos órganos/unidades transversais encargados do seu cumprimento e informará directamente aos órganos superiores de eventuais incidencias que poidan acontecer en relación coa aplicación do plan.

Sempre que sexa posible a persoa ou unidade será a mesma que actualmente desempeñe a función de responsable de coordinación da calidade e da transparencia (antigos responsables de transparencia) designados por acordo do Consello da Xunta do 17 de xuño de 2021.

CVE: hlvwZUC68
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2. COMPROMISO DE INTEGRIDADE E MARCO ÉTICO DA INTEGRIDADE INSTITUCIONAL

As medidas e accións incluídas neste plan son de aplicación a todo o centro directivo e constitúense en alicerces da política antifraude e nos elementos que sustentan a integridade da acción pública.

2.1. Medidas relativas ao compromiso institucional coa integridade, coa ética publica e coas medidas antifraude.

Acción 2.1.1. A manifestación expresa dos responsables públicos

Os altos cargos do centro directivo asumen como guía da súa conduta o compromiso principal distintivo de que a súa actuación non só require o cumprimento estrito da legalidade senón que precisa, ademais, dunha demostración diaria de ética, exemplaridade e honorabilidade no desempeño da responsabilidade que supón xestionar os recursos que son patrimonio de todos as galegas e os galegos e o deber de salvagardar a imaxe e reputación das institucións autonómicas.

Con independencia do anterior, todos os altos cargos que participan no proceso de elaboración, proposta ou aprobación deste plan realizarán unha manifestación de compromiso co Código Ético e de comportamento íntegro e de loita contra a fraude en termos semellantes ás realizadas na declaración institucional do plan xeral.

Acción 2.1.2. As referencias á integridade na planificación estratéxica

Cando o centro directivo aprobe ou propoña a aprobación dun instrumento de planificación incluirá unha manifestación expresa de que súa xestión se

CVE: hlvwZUC68
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

realizará de conformidade cos mecanismos de integridade que sexan de aplicación en cada suposto, e de ser o caso, unha análise dos riscos de xestión que poida implicar a adopción do instrumento de planificación, ben mediante unha mención especifica ou ben co recurso a elementos ou riscos e medidas descritos no plan xeral de prevención.

Acción 2.1.3. A difusión e a formación en materia de integridade institucional

O presente plan será difundido entre o persoal do centro directivo, adicionalmente divulgárase a través do portal de transparencia da Xunta de Galicia.

Periodicamente, os altos cargos recibirán formación en materia de liderado ético e nas políticas de integridade institucional.

2.2. Medidas relativas ao sistema de prevención de conflitos de interese.

Acción 2.2.1. Réxime xeral do conflito de intereses

Os altos cargos do centro directivo sométense ás prescricións do artigo 43 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno en todo o relativo ao réxime aplicable aos conflitos de intereses.

Así mesmo, ateranse na súa actuación aos principios recollidos no apartado IV do Código ético Institucional, ou norma que o substitúa ou desenvolva, e ás previsións existentes no mesmo Código respecto dos regalos, as dádivas, as mostras de cortesía e as atencións protocolarias.

CVE: hlvwZUC68
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Acción 2.2.2. Réxime especial do conflito de intereses para os altos cargos nos supostos de actuacións financiadas do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

De conformidade coa Orde HFP/1030/2021, os altos cargos intervenientes na preparación, tramitación ou aprobación dun procedemento de subvencións ou contratación deixarán constancia por escrito no expediente da seguinte declaración;

<<Al objeto de garantizar la imparcialidad en el procedimiento de contratación/subvención arriba referenciado, el/los abajo firmante/s, como participante/s en el proceso de preparación y tramitación del expediente, declara/declaran:
Primero. Estar informado/s de lo siguiente:
1. Que el artículo 61.3 «Conflicto de intereses», del Reglamento (UE, Euratom) 2018/1046 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 18 de julio (Reglamento financiero de la UE) establece que «existirá conflicto de intereses cuando el ejercicio imparcial y objetivo de las funciones se vea comprometido por razones familiares, afectivas, de afinidad política o nacional, de interés económico o por cualquier motivo directo o indirecto de interés personal.»
2. Que el artículo 64 «Lucha contra la corrupción y prevención de los conflictos de intereses» de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, tiene el fin de evitar cualquier distorsión de la competencia y garantizar la transparencia en el procedimiento y asegurar la igualdad de trato a todos los candidatos y licitadores.
3. Que el artículo 23 «Abstención», de la Ley 40/2015, de 1 octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, establece que deberán abstenerse de intervenir en el procedimiento «las autoridades y el personal al servicio de las Administraciones en quienes se den algunas de las circunstancias señaladas en el apartado siguiente», siendo éstas:
a) Tener interés personal en el asunto de que se trate o en otro en cuya resolución pudiera influir la de aquél; ser administrador de sociedad o entidad interesada, o tener cuestión litigiosa pendiente con algún interesado.
b) Tener un vínculo matrimonial o situación de hecho asimilable y el parentesco de consanguinidad dentro del cuarto grado o de afinidad dentro del segundo, con cualquiera de los interesados, con los administradores de entidades o sociedades interesadas y también con los asesores, representantes legales o mandatarios que intervengan en el procedimiento, así como compartir despacho profesional o estar asociado con éstos para el asesoramiento, la representación o el mandato

CVE: hilvwZUC68
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

c) Tener amistad íntima o enemistad manifiesta con alguna de las personas mencionadas en el apartado anterior.

d) Haber intervenido como perito o como testigo en el procedimiento de que se trate.

e) Tener relación de servicio con persona natural o jurídica interesada directamente en el asunto, o haberle prestado en los dos últimos años servicios profesionales de cualquier tipo y en cualquier circunstancia o lugar».

Segundo. Que no se encuentra/n incurso/s en ninguna situación que pueda calificarse de conflicto de intereses de las indicadas en el artículo 61.3 del Reglamento Financiero de la UE y que no concurre en su/s persona/s ninguna causa de abstención del artículo 23.2 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público que pueda afectar al procedimiento de licitación/concesión.

Tercero. Que se compromete/n a poner en conocimiento del órgano de contratación/comisión de evaluación, sin dilación, cualquier situación de conflicto de intereses o causa de abstención que dé o pudiera dar lugar a dicho escenario.

Cuarto. Conozco que, una declaración de ausencia de conflicto de intereses que se demuestre que sea falsa, acarreará las consecuencias disciplinarias/administrativas/judiciales que establezca la normativa de aplicación.

(Fecha y firma, nombre completo y DNI)

A verificación da dita declaración realizarase no momento da aprobación das bases ou do expediente de contratación. A mesma declaración incluírase tamén no momento de aprobación da resolución de concesión ou de adxudicación do contrato.

Acción 2.2.3. Réxime especial do conflito de intereses para os funcionarios públicos nos supostos de actuacións financiadas do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Os funcionarios públicos, e de ser o caso, o restantes empregados públicos que interveñan na redacción de bases reguladoras de subvencións ou da elaboración das prescricións técnicas de contratos que vaian a ser financiados con fondos derivados do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, deixarán constancia nos respectivos expedientes dunha declaración asinada nos mesmos termos que no apartado anterior. A

CVE: hilvwZUC68
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

verificación deste extremo realizárase no momento de aprobación das bases ou do expediente de contratación.

Do mesmo xeito, os funcionarios que interveñan nas comisións de baremación de subvencións ou nas mesas de contratación de expedientes financiados cos mesmos fondos deixaran constancia na acta de constitución da comisión ou da mesa dos extremos referidos na declaración anterior. A verificación deste extremo realizárase con carácter previo á resolución de concesión das axudas ou de adxudicación do contrato

2.3. Medidas referidas ás canles de denuncias de irregularidades ou condutas de fraude

Acción 2.3.1. Difusión da canle de denuncias

O centro directivo difundirá a existencia dunha canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) (https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES) no que se garantirá que a presentación de denuncias, que precisará da identificación electrónica da persoa denunciante para evitar suplantacións ou denuncias automatizadas, será tratada pola administración autonómica garantindo o anonimato da persoa denunciante, de xeito que os órganos instrutores e os que teñan que resolver non coñezan a súa identidade.

Así mesmo, a canle poderá ser utilizada por empregados públicos para presentar medidas de mellora dos procedementos ou das accións antifraude. Tamén na canle poderanse denunciar incidencias que sexan realizadas por empresas ou por beneficiarios de subvencións.

A xestión da canle de denuncias corresponderá á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.

CVE: hlvwZUC68
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2.4 Formación e compromiso coa competencia profesional dos empregados públicos

A formación en materia de integridade debe de converterse nunha ferramenta de sensibilización, de coñecemento e de propagación dunha cultura administrativa baseada en comportamentos éticos.

O centro directivo asume o compromiso de favorecer a participación do seu persoal nas medidas de formación previstas no Programa Marco de Integridade Institucional que se desenvolverán coa colaboración da EGAP e diversificando os destinatarios entre os contidos xerais para todos os empregados e contidos dirixidos especialmente a altos cargos, niveis directivos intermedios e persoal de áreas específicas de risco, en particular o que xestione expedientes financiados con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Acción 2.4.1. Formación especifica nos centros directivos que xestionen fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

En función das necesidades e no momento que se estime oportuno, este centro directivo poderá solicitar da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa que elabore unha formación específica en materia de integridade, destinada ao persoal que xestione estes fondos, .

CVE: hlvwZUC68
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

3. IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE

3.1. Medidas relativas ao diagnóstico e análise dos riscos xerais da organización.

3.1.1. Definición do risco e asunción dos riscos xerais da organización

Defínese o risco como a incidencia da incerteza sobre a consecución dos obxectivos dunha organización, e entenderase por administración de riscos o proceso sistemático que deben realizar as institucións para avaliar os riscos aos que están expostas no desenvolvemento das súas actividades, mediante a análise dos distintos factores que poden provocalos e coa finalidade de definir as estratexias que permitan controlalos, asegurando o logro dos obxectivos e metas dun xeito razoable.

O centro directivo asume como riscos propios os determinados no epígrafe "Catálogo de riscos xerais e medidas atenuantes que afectan ao conxunto da organización" que figura no plan xeral.

Tendo en conta as singularidades do centro directivo, non se diagnosticaron riscos nestas áreas diferentes aos riscos xerais incluídos no devandito catálogo, en particular nas áreas de contratación e subvencións.

3.2. Medidas para a aprobación dun plan de prevención de riscos e medidas antifraude por cada centro xestor

Acción 3.2.1. Metodoloxía para a avaliación do risco

O centro directivo elaborou este plan específico de conformidade con metodoloxía prevista na Guía da Comisión Europea sobre auto avaliación de risco de fraude.

CVE: hlvwZUC68
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Na **primeira fase** definíronse os obxectivos do centro directivo e a relación daqueles procesos ou actividades que son precisos para acadalos.

Na **segunda fase** identificáronse os riscos que poden afectar ao centro directivo. Enténdese por factores de risco as situacións ou circunstancias que incrementan a probabilidade de que se produzan incumprimentos (operativos, normativos, éticos, falta de fiabilidade da información) ou prácticas de fraude propiamente ditas no seo do centro directivo.

Adicionalmente pódense considerar riscos que provocarían os procesos mais susceptibles de sufrir fraude, segundo o ANEXO III. C.2.b) i E da Orde HFP/1030/2021, os seguintes:

> I. Identificación de operacións que son máis susceptibles da fraude, como poden ser aquelas con alta intensidade, alto orzamento, moitos requisitos para xustificar polo solicitante, controis complexos, etc.
>
> II. Identificación de posibles conflitos de intereses.
>
> III. Resultados de traballos previos de auditorías internas.
>
> IV. Resultados de auditorías da Comisión Europea ou do Tribunal de Contas Europeo, no seu caso.
>
> V. Casos de fraude detectados con anterioridade

Teoricamente é posible pensar nun gran número de posibles riscos. Porén, a soa identificación de moitos "riscos" menores podería paralizar a dirección e impactar negativamente no seu compromiso coas accións propostas neste plan. Parece, polo tanto, máis adecuado centrarse nun número limitado de riscos, polo que se acotoua análise aos riscos máis relevantes ou que pola súa natureza poderían ter maior impacto na organización, para evitar a dispersión de esforzos, xa que para a maioría destes riscos a súa probabilidade e o seu impacto son baixos.

CVE: hilvwZUC68
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Na **terceira fase** procedeuse á gradación do risco. Definiuse o risco bruto como o nivel de risco sen ter en conta o efecto dos controis ou medidas existentes ou previstos no futuro.

A cuantificación do risco baséase nunha combinación da estimación da «probabilidade» do risco (ata que punto é probable que aconteza) e o seu «impacto» (que consecuencias pode ter) dende os puntos de vista financeiro e non financeiro. Para asegurar a coherencia da avaliación na determinación da probabilidade do risco estableceuse un horizonte temporal de cinco anos.

O impacto do risco mediuse de acordo coa seguinte puntuación

Puntuación	Impacto na reputación	Impacto nos obxectivos
1	Impacto limitado	Traballo adicional que supón o atraso doutros procesos
2	Impacto medio	Retrasa a consecución dun obxectivo operativo
3	Impacto significativo (por exemplo un suposto de fraude grave ou afecta a múltiples beneficiarios)	Pon en perigo a consecución dun obxectivo operativo ou atrasa un estratéxico
4	Impacto grave que supón investigación oficial ou unha percepción negativa nos medios de comunicación	Pon en perigo a consecución dun obxectivo estratéxico

A probabilidade do risco mediuse de acordo coa seguinte puntuación

Puntuación	Probabilidade
1	Pode acontecer en moi poucos casos
2	Pode acontecer ocasionalmente en algún momento
3	É moi probable que aconteza
4	Acontecerá con frecuencia

A cuantificación do risco resultou da aplicación de ambas valoracións coa seguinte escala:

CVE: hilvwZUC68
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Valor da puntuación resultante	Nivel de risco
Puntuación entre 1 e 3	Risco aceptable (verde)
Puntuación entre 4 e 6	Risco importante (amarelo)
Puntuación entre 8 e 16	Risco grave (vermello)

As medidas atenuantes que corrixan ou minimicen o impacto ou a probabilidade son semellantes ás que figuran nas medidas xerais de atenuación de riscos de contratación e subvencións que figuran no plan xeral. Porén, en función da puntuación acadada na avaliación de risco, o centro directivo propón as medidas que en función dos riscos analizados minimicen o risco

Así, o centro xestor valorará as medidas de -1 a -4 en función de que minimicen o impacto do risco ou de -1 a -4 en función de que minimicen a probabilidade de que aconteza o risco.

O resultante de ditas puntuacións definen o risco neto como aquel nivel de risco resultante de aplicar os valores negativos das medidas e da súa eficacia.

A puntuación da medidas que minoran o risco é a seguinte:

Nivel de implantación de controis existentes	Minoración no risco inicial
N1_Sen medidas: A medida non existe, ao menos ata onde existe coñecemento	0
N2_Medidas parciais: A medida existe, pero non está implantada	1
N3_Medidas parciais: A medida existe, pero non se considera eficaz	2
N4_Con medidas: A medida existe, e considérase eficaz	3

En consecuencia o risco neto deriva das seguintes operacións:

Riscos	Valor probab.	Valor gravid.	Gradación do risco (antes de medidas)	Medidas			Valoración de risco
				N1	N2	N3	
Risco 1	7	5	6,0	X			Risco importante
Risco 2	4	8	6,0			X	Risco aceptable

CVE: hlvwZUC68
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Risco 3	1	6	3,5			X	Risco aceptable

Indicar que *este centro directivo xa ten implantado e aplica a matriz de risco de fraude do FEMP* baseada nas orientacións de Comisión europea así como a autoriodade de xestión de FEMP.

Acción 3.2.3. Listaxes de verificación na aprobación dos expedientes financiados con PRTR

O centro directivo incluirá en cada un dos expedientes de subvencións ou contratación que xestione, que sexan financiados con fondos PRTR, unha folla de verificación na que se incluirán as medidas antifraude que se inclúen no expediente que se tramita.
Esta verificación servirá de base para a declaración sinalada no punto 1.4.2.1. que realizarán os titulares das Secretarías Xerais Técnicas.

A lista incluirá as seguintes verificacións:

Área	Medidas que se incorporan no expediente	Verificación. Grao de cumprimento valora de 1 a 4
Contratación e subvencións	Disponse dun plan de prevención de riscos e medidas antifraude ?	4
Contratación e subvencións	Disponse dunha declaración ao mais alto nivel de loita contra a fraude ?	4
Contratación e subvencións	O plan de prevención e coñecido polo persoal que tramita o expediente ?	1-4
Contratación e subvencións	Existe un plan de avaliación de riscos que identifique probabilidade, impacto e medidas de minimización ?	4
Contratación e subvencións	O persoal que tramita o expediente coñece o Código Ético e a normativa sobre regalos ?	1-4

CVE: hlvwZUC68
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Contratación e subvencións	O persoal tramitador ten recibido formación sobre integridade ?	1-4
Subvencións	Existe declaración de ausencia de conflito de intereses do persoal que elabora as bases de subvención?	1-4
Subvencións	Existe declaración de ausencia conflitos de intereses do persoal que conforma a comisión de baremacion	1-4
Subvencións	Existe declaración de ausencia de conflito de interese do algo cargo que xestiona a convocatoria e resolución das subvencións?	1-4
Subvencións	Nas bases incluense medidas para evitar o dobre financiamento?	1-4
Contratación	Existe declaración de ausencia de conflito de intereses do persoal que elabora os pregos de prescricións técnicas da contratación?	1-4
Contratación	Existe declaración de ausencia conflitos de intereses do persoal que conforma a mesa de contratación?	1-4
Contratación	Existe declaración de ausencia de conflito de interese do algo cargo que xestiona e aproba a contratación?	1-4
Contratación e subvencións	Existe unha canle para presentar denuncias ?	4
Contratación e subvencións	O centro directivo dispón dun mecanismo de bandeiras vermellas ?	4
Contratación e subvencións	Existe un órgano encargado de examinar as denuncias e propor medidas ?	4
Contratación e subvencións	Cando se detecta un fraude avaliase e propóñense medidas?	1-4

Acción 3.2.4. Mecanismos de detección a través de "bandeiras vermellas"

As bandeiras vermellas son sinais de alarma, pistas ou indicios de posible fraude que non implican necesariamente a existencia do mesmo. A verificación delas polo órgano xestor ou por órganos transversais como as intervencións delegadas ou unidades de auditoría, dará lugar á modificación do plan deste centro directivo e a implantación ou modificación das medidas establecidas nel.

Ámbitos	Indicios	Revisión	Órgano revisor
Pregos reitores do procedemento amañados a favor dun licitador	Presentación dunha única oferta ou número anormalmente baixo de proposicións optando á licitación.	Trimestral	Órgano xestor
	Extraordinaria similitude entre os pregos reitores do procedemento e os produtos o servicios do contratista gañador;	Trimestral	Órgano xestor
	Queixas doutros licitadores;	Trimestral	Órgano xestor

CVE: hlvwZUC68
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

	Pregos con prescricións máis restritivas ou máis xerais que as aprobadas en procedementos previos similares;	Trimestral	Órgano xestor
	Pregos con cláusulas comúns ou pouco razoables;	Trimestral	Órgano xestor
	O poder adxudicador define un produto dunha marca concreta en lugar dun produto xenérico	Trimestral	Órgano xestor
Licitacións colusorias	A oferta gañadora é demasiado alta en comparación cos custes previstos, coas listas de prezos públicas, con obras ou servicios similares o promedios da industria, ou con prezos de referencia do mercado	Trimestral	Órgano xestor
	Todos os licitadores ofertan prezos altos de forma continuada	Trimestral	Órgano xestor
	Os prezos das ofertas baixan bruscamente cando novos licitadores participan no procedemento	Anual	Intervención
	Os adxudicatarios se reparten ou alternan por rexión, tipo de traballo, tipo de obra	Anual	Órgano xestor
	O adxudicatario subcontrata aos licitadores perdedores	Anual	Órgano xestor
	Existen patróns de ofertas pouco usuais (por exemplo, as ofertas teñen porcentaxes exactas de rebaixa, a oferta gañadora está xusto debaixo do umbral de prezos aceptables, se oferta exactamente ao valor do orzamento do contrato, os prezos das ofertas son demasiado altos, demasiado próximos, moi distintos, números redondos, incompletos, etc.);	Anual	Intervención
Conflito de interese	Favoritismo inexplicable ou inusual dun contratista ou vendedor en particular	Anual	Órgano xestor
	Aceptación continua de altos prezos e traballo de baixa calidade etc.	Anual	Órgano xestor
	Un empregado encargado da contratación non presenta declaración de conflito de interese	Trimestral	Órgano xestor
	O empregado encargado de contratación declina o ascenso a unha posición na que deixa de ter participación nos procedementos de contratación	Anual	Órgano xestor
	Empregado encargado de contratación parece facer negocios propios pola súa conta	Anual	Órgano xestor
	Excesiva socialización entre un empregado encargado de contratación e un provedor	Anual	Órgano xestor
Manipulación de ofertas	Queixas dos licitadores e falta de control adecuado nos procedementos de licitación	Trimestral	Órgano xestor
	Licitador excluído por causas dubidosas ou exceso de declaración de procedementos desertos	Anual	Órgano xestor
Riscos de fracionamento	Aprécianse dúas ou máis adquisicións con similar obxecto efectuadas a idéntico adxudicatario por debaixo dos límites admitidos para a utilización de procedementos de adxudicación directa ou dos umbrais de publicidade ou que exixirían procedementos con maiores garantías de concorrencia;	Anual	Intervención
	Separación inxustificada das compras, por exemplo, contratos separados para man de obra e materiais, estando ambos por debaixo dos umbrais de licitación aberta	Anual	Intervención
	Compras secuenciais xusto por debaixo dos umbrais de publicidade das licitacións	Anual	Intervención
Risco de limitación da concorrencia en subvencións	Falta de difusión nos medios obrigatorios establecidos Requisitos dos beneficiarios/destinatarios ambiguos Rexeitamento ou inadmisión de solicitude por entrega fóra de prazo Ausencia de publicación de baremos	Anual	Órgano xestor
Risco de trato discriminatorio na selección de beneficiarios	Non se segue un criterio homoxéneo para a selección de beneficiarios	Anual	Órgano xestor
Risco de incorrer en imparcialidade derivada de situacións de conflitos de intereses nas axudas	Trato preferente a determinadas solicitudes - Presións manifestas sobre outros membros do comité	Anual	Órgano xestor
Risco de aplicación dos fondos a finalidades diferentes a aquelas para os que foron concedidos (desviación de obxecto)	Fondos que non atenden a finalidade ou obxectivo das bases	Anual	Órgano xestor
Risco de dobre financiamento (incumprimento adicionalidade)	-Recepción de importes fixos no lugar de porcentaxes do gasto -Varios cofinanciadores que financian a mesma operación -Non existe documentación soporte das aportacións realizadas por terceiros Financiación non finalista e sen criterios de reparto	Anual	Órgano xestor

CVE: hlvwZUC68
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Risco de falsidade documental	Incorrecta información presentada polos solicitantes de axudas Ocultación de información con obriga de remitir á Administración Manipulación na xustificación de gastos (Custos laborais rateados incorrectamente/ou duplicados en distintos proxectos)	Anual	Órgano xestor
Risco de perda da pista de auditoría	Incorrecta documentación das operacións subvencionadas Imprecisión na convocatoria da forma de documentar os gastos Imprecisión na definición de gastos elixibles Imprecisión no método do calculo dos custes	Anual	Órgano xestor

CVE: hlvwZUC68
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

4. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

4.1. Seguimento, supervisión e avaliación

O centro directivo realizará un control periódico para verificar o cumprimento das regras do plan e os seus efectos prácticos. Dita labor pode ser efectuada pola persoa ou unidade do responsable da integridade e prevención de riscos.

O seguimento realizarase anualmente e basearase nas respostas, que poden ser efectuadas a través de formularios, do persoal e altos cargos das unidades que xestionan os ditos procesos e sobre o grao de aplicación das medidas e dos mecanismos de control.
Este seguimento pode ser realizado a través das listas de verificación dos expedientes tramitados no ano anterior ao seguimento.

Con independencia da periodicidade anual, sempre que se teña detectado un risco ben polo órgano xestor como consecuencia de reclamacións ou cando se reciban os resultados das auditorías efectuadas por órganos de control, procederase a un seguimento das medidas incluídas no plan.

Non caso de que se materialice un acto contrario á integridade, de fraude ou de corrupción o centro directivo analizará os feitos ocorridos e determinará as modificacións que deben realizarse na estruturas e nos procesos de control.

4.2. Actualización e revisión

Cando se detecten resultados de auditorías ou feitos derivados de reclamacións ou queixas das que se poidan derivar indicios de irregularidades

CVE: hlvwZUC68
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

ou melloras que se poidan implantar nos procedementos, procederase a unha actualización do plan.

Anualmente, con ocasión do seguimento do plan, procederase a valorar a necesidade de realizar unha actualización de procedementos, de avaliación de riscos ou de implantación de medidas.

4.3. Comunicación e difusión

O plan difundirase entre todo o persoal que integre unidades que tramiten expedientes de subvencións ou contratación.

Tamén será obxecto de comunicación cando se produzan novas incorporacións de persoal nas unidades.

Asinado por: RODRIGUEZ MOREDA, MARIA MERCEDES
Cargo: Directora Xeral de Pesca Acuicultura e Innovación Tecnolóxica
Data e hora: 23/12/2021 15:06:14

CVE: hlvwZUC68
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, de acordo coa declaración institucional de Integridade e Compromiso Ético da Xunta de Galicia, asume un compromiso de tolerancia cero contra a fraude que vai máis ala do cumprimento das normas xurídicas porque se refire ás normas e principios éticos e morais e aos valores de integridade, honestidade e obxectividade. Este compromiso inclúe o establecemento dos mecanismos preventivos que consoliden unha cultura de prevención fronte aos posibles incumprimentos, impulsando o desenvolvemento de procedementos que a fagan efectiva, e prestando especial atención a aqueles feitos que poidan supoñer actos contrarios á integridade

Mercedes Rodríguez Moreda

Directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Asinado por: RODRIGUEZ MOREDA, MARIA MERCEDES
Cargo: Directora Xeral de Pesca Acuicultura e Innovación Tecnolóxica
Data e hora: 21/12/2021 13:32:11

DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA
CONSELLERÍA DO MAR
Praza de Europa, 5A, 4º
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 546 347
sxmar.cmrm@xunta.gal

CVE: IK3tWebBf8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 21·22

PLAN ESPECÍFICO DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

CVE: x9HEjq6Rv1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

ÍNDICE

1. CARACTERIZACIÓN DO CENTRO DIRECTIVO. DIAGNOSE DE SITUACIÓN. 5
1.1. Misión, visión e Valores 5
1.2. Organización e funcionamento do centro directivo 7
1.2.1. Organización 7
1.2.2. Recursos humanos 8
1.2.3. Recursos orzamentarios 8
1.2.4. Marco normativo 9
1.2.5. Procesos e procedementos que aplica o centro directivo. 9
1.2. As medidas do "ciclo da fraude" 10
1.3.1. Medidas de prevención: 10
1.3.2. Medidas de detección: 11
Realizaranse as seguintes actuacións: 11
1) Dispoñer dun adecuado sistema de verificación de las operacións que consiste en: 11
a. Sistema de alerta de "bandeiras vermellas": para a detección da fraude, utilizaranse indicadores específicos que emitirán sinais de alerta cando se dean determinadas situacións. 11
b. Inclúese nos procesos de verificación a atención aos puntos de risco de fraude 11
2) Información procedente das bases de datos con información sobre o fraude e os procedementos de intercambio de información. 11
1.3.3. Medidas de corrección: 12
A detección de posible fraude, ou a súa sospeita, conlevará a inmediata paralización do expediente afectado, a notificación no máis breve prazo posible aos organismos implicados na realización das operacións e a investigación, corrección e, no seu caso, persecución dos autores da fraude finalmente detectada 12
O procedemento de corrección da posible fraude establécese nos criterios de actuación do SNCA. 12
1.3.4. Medidas de persecución: 12
Finalizado o procedemento de corrección, levará a cabo a revisión dos procedementos de xestión e control relacionados coa fraude. A revisión será obxectiva e crítica e levará á inclusión de medidas correctoras dos puntos débiles detectados. 12
1.4. Funcións e responsabilidades na xestión dos riscos 12
1.4.1. O centro directivo 12

CVE: x9HEjq6Rv1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2. COMPROMISO DE INTEGRIDADE E MARCO ÉTICO DA INTEGRIDADE INSTITUCIONAL 15
2.1. Medidas relativas ao compromiso institucional coa integridade, coa ética publica e coas medidas antifraude. 15
Acción 2.1.1. A manifestación expresa dos responsables públicos 15
Acción 2.1.2. As referencias á integridade na planificación estratéxica 15
Acción 2.1.3. A difusión e a formación en materia de integridade institucional 16
2.2. Medidas relativas ao sistema de prevención de conflitos de interese. 16
Acción 2.2.1. Réxime xeral do conflito de intereses 16
Acción 2.2.2. Réxime especial do conflito de intereses para os altos cargos nos supostos de actuacións financiadas do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia. 17
Acción 2.2.3. Réxime especial do conflito de intereses para os funcionarios públicos nos supostos de actuacións financiadas do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia. 19
2.3. Medidas referidas ás canles de denuncias de irregularidades ou condutas de fraude 20
Acción 2.3.1. Difusión da canle de denuncias 20
2.4 Formación e compromiso coa competencia profesional dos empregados públicos 20
Acción 2.4.1. Formación especifica nos centros directivos/entidades instrumentais que xestionen fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia. 21
3. IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE 22
3.1. Medidas relativas ao diagnóstico e análise dos riscos xerais da organización 22
3.1.1. Definición do risco e asunción dos riscos xerais da organización 22
3.2. Medidas para a aprobación dun plan de prevención de riscos e medidas antifraude por cada centro xestor 23
Acción 3.2.1. Metodoloxía para a avaliación do risco 23
Acción 3.2.3. Listaxes de verificación na aprobación dos expedientes financiados con PRTR 27
Acción 3.2.4. Mecanismos de detección a través de "bandeiras vermellas" 29
4. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN 33
4.1. Seguimento, supervisión e avaliación 33

CVE: x9HEjq6Rv1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

4.2. Actualización e revisión.....33
4.3. Comunicación e difusión.....34

CVE: x9HEjq6Rv1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

1. CARACTERIZACIÓN DO CENTRO DIRECTIVO. DIAGNOSE DE SITUACIÓN

1.1. Misión, visión e Valores

O presente documento define os mecanismos que a *Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro* (en diante, o centro directivo) ten previsto implantar como o seu Plan específico de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude (en diante, o plan).

Este centro directivo asume como propias as directrices e manifestacións realizadas no Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude aprobado por Acordo do Consello da Xunta de data 10 de decembro de 2021 (en diante, plan xeral).

A mellora continua na calidade dos servizos prestados, a atención ás necesidades de toda a cidadanía, e a transparencia e a integridade da actividade pública actúan como principios vertebradores que presiden a actividade deste centro directivo, e como tales son asumidos como compromiso de actuación dos seus órganos de dirección e dos empregados públicos que traballan no mesmo.

O Plan específico de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude deste centro directivo ten por obxecto acadar un modelo de organización pública orientada ao cumprimento dos principios de responsabilidade, transparencia, optimización dos recursos, integridade institucional e medidas antifraude para unha boa xestión dos recursos públicos, incluídos aqueles derivados do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

A dirección do centro directivo asume o compromiso de actuar de conformidade cos principios de integridade, honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico e á cidadanía establecidos na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CVE: x9HEjq6Rv1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O criterios de integridade e ética publica no desempeño das actividades e no desenvolvemento da acción pública da administración autonómica son os principios asumidos expresamente polo goberno galego coa aprobación do Programa Marco de Integridade Institucional e prevención de riscos de xestión do 26 de maio de 2021, que a través de 24 medidas establece os elementos do marco de infraestrutura ética ao que se somete a acción do goberno, a dos seus responsables máximos e a do conxunto dos empregados públicos.

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten como competencias e funcións as seguintes:

a) A ordenación do marisqueo, o establecemento das condicións para o exercicio da actividade marisqueira e a conservación, protección e xestión sustentable dos recursos marisqueiros.

b) O fomento da organización sectorial.

c) A ordenación, dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de extensión pesqueira, ensino e titulacións náutico-pesqueiras e de lecer.

d) A investigación mariña, que se desenvolverá en coordinación coa consellería competente en materia de investigación e desenvolvemento tecnolóxico.

e) A programación e coordinación das infraestruturas e equipamentos portuarios pesqueiros.

Entre os obxectivos deste plan está a análise dos principais riscos de xestión detectados e as medidas de minimización dos devanditos riscos.

Neste senso cabe indicar que este centro directivo, como órgano intermedio de xestión do Fondo Europeo e Marítimo de Pesca (en diante, FEMP), e de acordo co establecido no punto 2.2.2 do Anexo III do Regulamento de Execución (UE) 1011/20141, onde se establece que é aplicable ao órgano intermedio de xestión dispoñer dun marco para garantir que se realiza un exercicio de xestión

CVE: x9HEjq6Rv1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

de riscos apropiado cando resulte necesario e, en particular, no caso de que se introduzan modificacións significativas no sistema de xestión e control, ten que identificar e avaliar os riscos que afecten á xestión no desenvolvemento do programa FEMP a nivel deste órgano intermedio de xestión.

Así mesmo, realiza unha avaliación específica do risco de fraude na xestión dos fondos FEMP seguindo as orientacións para os estados membros e as autoridades responsables dos programas que figuran no documento da Comisión Europea "Evaluación del riesgo de fraude y medidas efectivas y proporcionadas contra el fraude".

1.2. Organización e funcionamento do centro directivo

1.2.1. Organización

Segundo o Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, a estrutura orgánica da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro a nivel de servizo ou equivalente é a seguinte:

- Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro

- Subdirección Xeral de Xestión, Ensino e Relacións Sectoriais

  - Servizo de Coordinación e Apoio á Xestión

  - Servizo de Ensino e Titulacións Náutico- Pesqueiras

  - Servizo de Apoio e Relacións coas Organizacións Sectoriais

- Subdirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

  - Servizo de Xestión de Recursos Marisqueiros

  - Servizo de Desenvolvemento das Zonas de Pesca

- Subdirección Xeral de Investigación e Apoio Científico-Técnico

  - Servizo de Xestión de Proxectos

  - Servizo de Planificación

CVE: x9HEjq6Rv1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Dependendo funcionalmente da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e con nivel orgánico de servizo, está o Centro de Investigacións Mariñas (CIMA).

Tamén con dependencia funcional da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro están os seguintes centros públicos de ensinanzas náuticas e marítimo-pesqueiras:

a) Instituto Galego de Formación en Acuicultura (Igafa).

b) Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo.

c) Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira.

d) Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol.

1.2.2. Recursos humanos

Á data de aprobación deste plan os recursos humanos deste centro directivo están constituídos polos seguintes efectivos:

Funcionarios con destino definitivo ou en comisión de servizos	Persoal laboral	Postos vacantes de funcionarios ou persoal laboral
160	88	18

1.2.3. Recursos orzamentarios

No ano 2021 o orzamento da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro é de 43.700.466 €, desglosado da seguinte forma por capítulos de gasto:

- Capítulo II: 1.484.576,00 €
- Capítulo IV: 478.247,00 €

CVE: x9HEjq6Rv1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Capítulo VI: 9.988.767,00 €
- Capítulo VII: 31.748.876,00 €

1.2.4. Marco normativo

O centro directivo asume como obriga o cumprimento das normas en materia de integridade que figuran no plan xeral. Adicionalmente, son aplicables a este centro directivo as seguintes normas:

- *Regulamento de Disposicións Comúns (RDC) ou Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao Fondo Social Europeo (FSE), ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) y ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao FEDER, ao FSE, ao Fondo de Cohesión e ao FEMP, e se deroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, coa corrección de erros (DOUE) 26.7.2016 L200/140 e modificado polo Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo de 2018.*
- *Regulamento del Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (RFEMP) ou Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, de 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se derogan os Regulamentos (CE) nº 2328/2003, (CE) nº 861/2006, (CE) nº 1198/2006 e (CE) nº 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) nº 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello.*

1.2.5. Procesos e procedementos que aplica o centro directivo.

Os procesos e procedementos empregados na xestión son os seguintes:

- Contratación administrativa

- Convenios

CVE: x9HEjq6Rv1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Xestión de Subvencións

- Encomendas de Xestión

1.2. As medidas do "ciclo da fraude"

As actuacións antifraude levaranse a cabo nos catro ámbitos do ciclo da loita contra a fraude:

- Prevención
- Detección
- Corrección
- Persecución

1.3.1. Medidas de prevención:

Para prevención da fraude adoptaranse as seguintes medidas:

1) Autoavaliación do risco de fraude: este centro directivo levará a cabo unha avaliación do risco de fraude mediante a metodoloxía proposta na Guía da Comisión Europea sobre auto avaliación de risco de fraude.
2) Este centro directivo, como órgano intermedio de xestión do FEMP, elaborou unha declaración, "Política de loita contra a fraude", publicada no portal da Consellería do Mar, co compromiso do órgano intermedio de xestión de perseguir a fraude. A declaración inclúe a determinación en contra de todo tipo de prácticas fraudulentas que poñan en perigo alcanzar os logros definidos no programa operativo do FEMP ou atenten contra os orzamentos públicos autonómicos, nacionais e comunitarios.
3) Medidas de difusión e divulgación da loita contra a fraude:
    a. Informar aos diversos axentes implicados na xestión sobre as principais medidas adoptadas en relación á fraude e dos resultados da detección de fraude.
    b. Incorporar nas participacións do centro directivo en xornadas, seminarios, etc. unha referencia á política de loita contra a fraude.

CVE: x9HEjq6Rv1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

c. Está publicada na páxina web da Consellería do Mar a información relativa para comunicar ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (en diante, SNCA) os feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade, así como unha descrición do procedemento para a remisión da información ao citado servizo e o tratamento por este da información recibida.

d. Inclusión nas convocatorias de bases de axudas dunha referencia expresa á posibilidade de comunicar ao SNCA, os feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade.

4) Formación en materia de fraude. O persoal deste centro directivo participará nas accións formativas que se programen en materia de prevención e loita contra a fraude.

5) Adicionalmente, este centro directivo poderá ter acceso á ferramenta deseñada pola Comisión Europea denominada ARACHNE.

1.3.2. Medidas de detección:

Realizaranse as seguintes actuacións:

1) Dispoñer dun adecuado sistema de verificación de las operacións que consiste en:

   a. Sistema de alerta de "bandeiras vermellas": para a detección da fraude, utilizaranse indicadores específicos que emitirán sinais de alerta cando se dean determinadas situacións.

   b. Inclúese nos procesos de verificación a atención aos puntos de risco de fraude.

2) Información procedente das bases de datos con información sobre o fraude e os procedementos de intercambio de información.

CVE: x9HEjq6Rv1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

1.3.3. Medidas de corrección:

A detección de posible fraude, ou a súa sospeita, conlevará a inmediata paralización do expediente afectado, a notificación no máis breve prazo posible aos organismos implicados na realización das operacións e a investigación, corrección e, no seu caso, persecución dos autores da fraude finalmente detectada.

O procedemento de corrección da posible fraude establécese nos criterios de actuación do SNCA.

1.3.4. Medidas de persecución:

Finalizado o procedemento de corrección, levará a cabo a revisión dos procedementos de xestión e control relacionados coa fraude. A revisión será obxectiva e crítica e levará á inclusión de medidas correctoras dos puntos débiles detectados.

Garantirase a absoluta cooperación co SNCA, coa autoridade de xestión do FEMP e coas autoridades inspectoras, policiais e xudiciais responsables dos procedementos, especialmente no que respecta ao mantemento e conservación de arquivos seguros e con garantía de transferencia en casos de cambio de persoal.

No caso de menoscabo nos recursos públicos ou fosen declaradas irregulares as actuacións procederase ao inicio dos procedementos de reintegro.

1.4. Funcións e responsabilidades na xestión dos riscos

1.4.1. O centro directivo

O centro directivo asume o compromiso de aplicar a medidas deste plan coa máxima dilixencia e implantar, nos seus procesos propios, as medidas e niveis de control que permitan unha eficaz execución dos fondos dos que son

CVE: x9HEjq6Rv1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

responsables nun contexto de integridade e prevención da loita contra a fraude nos termos establecidos na normativa europea.

O compromiso do centro directivo coa política de integridade e prevención de riscos establecida no presente plan formalizarase asinando a proposta de aprobación deste plan específico polo órgano de dirección do mesmo.

Este plan integrarase xunto cos dos restantes centros directivos e entidades adscritas no plan da Consellería. A incorporación de máis centros directivos e entidades instrumentais, ou a actualización dos plans xa integrados suporá a modificación, por addenda, do plan de prevención de riscos da Consellería.

Una vez aprobado o plan da Consellería, que agrupará os dos diferentes centros directivos e das entidades instrumentais será remitido á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa para ser publicados no portal de transparencia.

1.4.1.1 Declaración de cumprimento dos órganos responsables.

Como órgano responsable da execución de fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia emítese a Declaración de xestión prevista na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (en diante, Orde HFP 1030/2021) coa periodicidade que se determine, que se adxunta a este plan co seguinte contido:

<<En fecha XXXXXX, este Centro manifiesta que los fondos se han utilizado para los fines previstos y se han gestionado de conformidad con todas las normas que resultan de aplicación, en particular las normas relativas a la prevención de conflictos de intereses, del fraude, de la corrupción y de la doble financiación procedente del Mecanismo y de otros programas de la Unión y de

CVE: x9HEjq6Rv1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

conformidad con el principio de buena gestión financiera. Asimismo, manifiesta la veracidad de la información contenida en el informe en relación con el cumplimiento de hitos y objetivos, y confirma que no se han revocado medidas relacionadas con hitos y objetivos anteriormente cumplidos satisfactoriamente, atendiendo a lo establecido en el apartado 3 del artículo 24 del Reglamento (UE) 241/2021 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 12 de febrero de 2021, por el que se establece el Mecanismo de Recuperación y Resiliencia.>>

1.4.1.2. Persoas ou unidades responsables de integridade e prevención de riscos no centro directivo

Este centro directivo designará unha persoa ou unidade que actúe como órgano responsable de integridade e prevención de riscos que velará polo cumprimento das medidas incluídas neste plan, actuará como interlocutor cos órganos/unidades transversais encargados do seu cumprimento e informará directamente aos órganos superiores de eventuais incidencias que poidan acontecer en relación coa aplicación do plan.

Sempre que sexa posible, a persoa ou unidade será a mesma que actualmente desempeñe a función de responsable de coordinación da calidade e da transparencia (antigos responsables de transparencia) designada por acordo do Consello da Xunta do 17 de xuño de 2021.

CVE: x9HEjq6Rv1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2. COMPROMISO DE INTEGRIDADE E MARCO ÉTICO DA INTEGRIDADE INSTITUCIONAL

As medidas e accións incluídas neste plan son de aplicación a todo o centro directivo e constitúense en alicerces da política antifraude e nos elementos que sustentan a integridade da acción pública.

2.1. Medidas relativas ao compromiso institucional coa integridade, coa ética publica e coas medidas antifraude.

Acción 2.1.1. A manifestación expresa dos responsables públicos

Os altos cargos do centro directivo asumen como guía da súa conduta o compromiso principal distintivo de que a súa actuación non só require o cumprimento estrito da legalidade senón que precisa, ademais, dunha demostración diaria de ética, exemplaridade e honorabilidade no desempeño da responsabilidade que supón xestionar os recursos que son patrimonio de todos as galegas e os galegos, e o deber de salvagardar a imaxe e reputación das institucións autonómicas.

Con independencia do anterior, todos os altos cargos que participan no proceso de elaboración, proposta ou aprobación deste plan realizarán unha manifestación de compromiso co Código Ético e de comportamento íntegro e de loita contra a fraude en termos semellantes ás realizadas na declaración institucional do plan xeral.

Acción 2.1.2. As referencias á integridade na planificación estratéxica

Cando o centro directivo aprobe ou propoña a aprobación dun instrumento de planificación incluirá unha manifestación expresa de que súa xestión se

CVE: x9HEjq6Rv1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

realizará de conformidade cos mecanismos de integridade que sexan de aplicación en cada suposto, e de ser o caso, unha análise dos riscos de xestión que poida implicar a adopción do instrumento de planificación, ben mediante unha mención especifica ou ben co recurso a elementos ou riscos e medidas descritos no plan xeral de prevención.

Acción 2.1.3. A difusión e a formación en materia de integridade institucional

O presente plan será difundido entre o persoal do centro directivo, adicionalmente divulgárase a través do portal de transparencia da Xunta de Galicia.

Periodicamente, os altos cargos recibirán formación en materia de liderado ético e nas políticas de integridade institucional.

2.2. Medidas relativas ao sistema de prevención de conflitos de interese.

Acción 2.2.1. Réxime xeral do conflito de intereses

Os altos cargos do centro directivo sométense ás prescricións do artigo 43 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno en todo o relativo ao réxime aplicable aos conflitos de intereses.

Así mesmo, ateranse na súa actuación aos principios recollidos no apartado IV do Código ético Institucional, ou instrumento xurídico que o substitúa ou desenvolva, e ás previsións existentes no mesmo Código respecto dos regalos, as dádivas, as mostras de cortesía e as atencións protocolarias.

CVE: x9HEjq6Rv1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Acción 2.2.2. Réxime especial do conflito de intereses para os altos cargos nos supostos de actuacións financiadas do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

De conformidade coa Orde HFP/1030/2021, os altos cargos intervenientes na preparación, tramitación ou aprobación dun procedemento de subvencións ou contratación deixarán constancia por escrito no expediente da seguinte declaración:

<<Al objeto de garantizar la imparcialidad en el procedimiento de contratación/subvención arriba referenciado, el/los abajo firmante/s, como participante/s en el proceso de preparación y tramitación del expediente, declara/declaran:
Primero. Estar informado/s de lo siguiente:
1. Que el artículo 61.3 «Conflicto de intereses», del Reglamento (UE, Euratom) 2018/1046 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 18 de julio (Reglamento financiero de la UE) establece que «existirá conflicto de intereses cuando el ejercicio imparcial y objetivo de las funciones se vea comprometido por razones familiares, afectivas, de afinidad política o nacional, de interés económico o por cualquier motivo directo o indirecto de interés personal.»
2. Que el artículo 64 «Lucha contra la corrupción y prevención de los conflictos de intereses» de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, tiene el fin de evitar cualquier distorsión de la competencia y garantizar la transparencia en el procedimiento y asegurar la igualdad de trato a todos los candidatos y licitadores.
3. Que el artículo 23 «Abstención», de la Ley 40/2015, de 1 octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, establece que deberán abstenerse de intervenir en el procedimiento «las autoridades y el personal al servicio de las Administraciones en quienes se den algunas de las circunstancias señaladas en el apartado siguiente», siendo éstas:

CVE: x9HEjq6Rv1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

a) Tener interés personal en el asunto de que se trate o en otro en cuya resolución pudiera influir la de aquél; ser administrador de sociedad o entidad interesada, o tener cuestión litigiosa pendiente con algún interesado.

b) Tener un vínculo matrimonial o situación de hecho asimilable y el parentesco de consanguinidad dentro del cuarto grado o de afinidad dentro del segundo, con cualquiera de los interesados, con los administradores de entidades o sociedades interesadas y también con los asesores, representantes legales o mandatarios que intervengan en el procedimiento, así como compartir despacho profesional o estar asociado con éstos para el asesoramiento, la representación o el mandato

c) Tener amistad íntima o enemistad manifiesta con alguna de las personas mencionadas en el apartado anterior.

d) Haber intervenido como perito o como testigo en el procedimiento de que se trate.

e) Tener relación de servicio con persona natural o jurídica interesada directamente en el asunto, o haberle prestado en los dos últimos años servicios profesionales de cualquier tipo y en cualquier circunstancia o lugar».

Segundo. Que no se encuentra/n incurso/s en ninguna situación que pueda calificarse de conflicto de intereses de las indicadas en el artículo 61.3 del Reglamento Financiero de la UE y que no concurre en su/s persona/s ninguna causa de abstención del artículo 23.2 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público que pueda afectar al procedimiento de licitación/concesión.

Tercero. Que se compromete/n a poner en conocimiento del órgano de contratación/comisión de evaluación, sin dilación, cualquier situación de conflicto de intereses o causa de abstención que dé o pudiera dar lugar a dicho escenario.

Cuarto. Conozco que, una declaración de ausencia de conflicto de intereses que se demuestre que sea falsa, acarreará las consecuencias disciplinarias/administrativas/judiciales que establezca la normativa de aplicación.

(Fecha y firma, nombre completo y DNI)

CVE: x9HEjq6Rv1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A verificación da dita declaración realizarase no momento da aprobación das bases ou do expediente de contratación. A mesma declaración incluírase tamén no momento de aprobación da resolución de concesión ou de adxudicación do contrato.

Acción 2.2.3. Réxime especial do conflito de intereses para os funcionarios públicos nos supostos de actuacións financiadas do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

Os funcionarios públicos, e de ser o caso, o restantes empregados públicos que interveñan na redacción de bases reguladoras de subvencións ou da elaboración das prescricións técnicas e das cláusulas administrativas de contratos que vaian a ser financiados con fondos derivados do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, deixarán constancia nos respectivos expedientes dunha declaración asinada nos mesmos termos que no apartado anterior (acción 2.2.2). A verificación deste extremo realizárase no momento de aprobación das bases ou do expediente de contratación.

Do mesmo xeito, os funcionarios que interveñan nas comisións de baremación de subvencións ou nas mesas de contratación de expedientes financiados cos mesmos fondos deixarán constancia na acta de constitución da comisión ou da mesa dos extremos referidos na declaración anterior. A verificación deste extremo realizárase con carácter previo á resolución de concesión das axudas ou de adxudicación do contrato.

CVE: x9HEjq6Rv1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2.3. Medidas referidas ás canles de denuncias de irregularidades ou condutas de fraude

Acción 2.3.1. Difusión da canle de denuncias

O centro directivo difundirá a existencia dunha canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) (https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES) no que se garantirá que a presentación de denuncias, que precisará da identificación electrónica da persoa denunciante para evitar suplantacións ou denuncias automatizadas, será tratada pola administración autonómica garantindo o anonimato da persoa denunciante, de xeito que os órganos que deban investigar a denuncia non coñezan a identidade do denunciante.

Así mesmo, a canle poderá ser utilizada por empregados públicos para presentar medidas de mellora dos procedementos ou das accións antifraude. Tamén na canle poderanse denunciar incidencias que sexan realizadas por empresas ou por beneficiarios de subvencións.

A xestión da canle de denuncias corresponderá á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.

2.4 Formación e compromiso coa competencia profesional dos empregados públicos

A formación en materia de integridade debe de converterse nunha ferramenta de sensibilización, de coñecemento e de propagación dunha cultura administrativa baseada en comportamentos éticos.

O centro asume o compromiso de favorecer a participación do seu persoal nas medidas de formación previstas no Programa Marco de Integridade

CVE: x9HEjq6Rv1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Institucional que se desenvolverán coa colaboración da EGAP e diversificando os destinatarios entre os contidos xerais para todos os empregados e contidos dirixidos especialmente a altos cargos, niveis directivos intermedios e persoal de áreas específicas de risco, en particular o que xestione expedientes financiados con fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

Acción 2.4.1. Formación especifica nos centros directivos/entidades instrumentais que xestionen fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

En función das necesidades e no momento que se estime oportuno, este centro directivo poderá solicitar da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa que elabore unha formación específica en materia de integridade, destinada ao persoal que xestione estes fondos.

CVE: x9HEjq6Rv1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

3. IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE

3.1. Medidas relativas ao diagnóstico e análise dos riscos xerais da organización.

3.1.1. Definición do risco e asunción dos riscos xerais da organización

Defínese o risco como a incidencia da incerteza sobre a consecución dos obxectivos dunha organización, e entenderase por administración de riscos o proceso sistemático que deben realizar as institucións para avaliar os riscos aos que están expostas no desenvolvemento das súas actividades, mediante a análise dos distintos factores que poden provocalos e coa finalidade de definir as estratexias que permitan controlalos, asegurando o logro dos obxectivos e metas dun xeito razoable.

O centro directivo asume como riscos propios os determinados no epígrafe "Catálogo de riscos xerais e medidas atenuantes que afectan ao conxunto da organización" que figura no plan xeral.

Tendo en conta as singularidades do centro directivo, non se diagnosticaron riscos nestas áreas diferentes aos riscos xerais incluídos no devandito catálogo, en particular nas áreas de contratación e subvencións.

CVE: x9HEjq6Rv1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

3.2. Medidas para a aprobación dun plan de prevención de riscos e medidas antifraude por cada centro xestor

Acción 3.2.1. Metodoloxía para a avaliación do risco

O centro directivo elaborou este plan específico de conformidade con metodoloxía prevista na Guía da Comisión Europea sobre auto avaliación de risco de fraude.

Na **primeira fase** definíronse os obxectivos do centro directivo e a relación daqueles procesos ou actividades que son precisos para acadalos.

A) Actividades principais

A.1. Actividade regulatoria

A.2. Actividade de autorización

A.2. Actividade de prestación de servizos

B) Actividades de apoio

B.1. Contratación administrativa

B.2. Convenios

B.3. Xestión de subvencións

B.4. Encomendas de xestión

Na **segunda fase** identificáronse os riscos que poden afectar ao centro directivo. Enténdese por factores de risco as situacións ou circunstancias que incrementan a probabilidade de que se produzan incumprimentos (operativos, normativos, éticos, falta de fiabilidade da información) ou prácticas de fraude propiamente ditas no seo do centro directivo.

Factores de risco externos:

CVE: x9HEjq6Rv1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Debilidades no marco normativo necesario para fortalecer a integridade e a loita contra a fraude

Cambios reguladores importantes

Factores de risco internos ou institucionais:

Limitacións orzamentarias

Ausencia de sistemas de alerta para o caso de que se produzan irregularidades

Procesos pouco informatizados

Factores de risco individuais:

Escaseza de persoal

Falta de experiencia ou de formación

Factores de risco procedementais:

Procedementos complexos na xestión de subvencións

Adicionalmente, pódense considerar riscos que provocarían os procesos máis susceptibles de sufrir fraude, segundo o ANEXO III. C.2.b) i E da Orde HFP/1030/2021, os seguintes:

I. Identificación de operacións que son máis susceptibles da fraude, como poden ser aquelas con alta intensidade, alto orzamento, moitos requisitos para xustificar polo solicitante, controis complexos, etc.

II. Identificación de posibles conflitos de intereses.

III. Resultados de traballos previos de auditorías internas.

IV. Resultados de auditorías da Comisión Europea ou do Tribunal de Contas Europeo, no seu caso.

V. Casos de fraude detectados con anterioridade

CVE: x9HEjq6Rv1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Teoricamente é posible pensar nun gran número de posibles riscos. Porén, a soa identificación de moitos "riscos" menores podería paralizar a dirección e impactar negativamente no seu compromiso coas accións propostas neste plan. Parece, polo tanto, máis adecuado centrarse nun número limitado de riscos, polo que se acoutou a análise aos riscos máis relevantes ou que pola súa natureza poderían ter maior impacto na organización, para evitar a dispersión de esforzos, xa que para a maioría destes riscos a súa probabilidade e o seu impacto son baixos.

Na **terceira fase** procedeuse á gradación do risco. Definiuse o risco bruto como o nivel de risco sen ter en conta o efecto dos controis ou medidas existentes ou previstos no futuro.

A cuantificación do risco baséase nunha combinación da estimación da «probabilidade» do risco (ata que punto é probable que aconteza) e o seu «impacto» (que consecuencias pode ter) dende os puntos de vista financeiro e non financeiro. Para asegurar a coherencia da avaliación na determinación da probabilidade do risco estableceuse un horizonte temporal de cinco anos.

O impacto do risco mediuse de acordo coa seguinte puntuación

Puntuación	Impacto na reputación	Impacto nos obxectivos
1	Impacto limitado	Traballo adicional que supón o atraso doutros procesos
2	Impacto medio	Retrasa a consecución dun obxectivo operativo
3	Impacto significativo (por exemplo un suposto de fraude grave ou afecta a múltiples beneficiarios)	Pon en perigo a consecución dun obxectivo operativo ou atrasa un estratéxico

CVE: x9HEjq6Rv1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

4	Impacto grave que supón investigación oficial ou unha percepción negativa nos medios de comunicación	Pon en perigo a consecución dun obxectivo estratéxico

A probabilidade do risco mediuse de acordo coa seguinte puntuación

Puntuación	Probabilidade
1	Pode acontecer en moi poucos casos
2	Pode acontecer ocasionalmente en algún momento
3	É moi probable que aconteza
4	Acontecerá con frecuencia

A cuantificación do risco resultou da aplicación de ambas valoracións coa seguinte escala:

Valor da puntuación resultante	Nivel de risco
Puntuación entre 1 e 3	Risco aceptable (verde)
Puntuación entre 4 e 6	Risco importante (amarelo)
Puntuación entre 8 e 16	Risco grave (vermello)

As medidas atenuantes que corrixan ou minimicen o impacto ou a probabilidade son semellantes ás que figuran nas medidas xerais de atenuación de riscos de contratación e subvencións que figuran no plan xeral. Porén, en función da puntuación acadada na avaliación de risco, o centro directivo propón as medidas que en función dos riscos analizados minimicen o risco.

Así, o centro xestor valorará as medidas de -1 a -4 en función de que minimicen o impacto do risco ou de -1 a -4 en función de que minimicen a probabilidade de que aconteza o risco.

CVE: x9HEjq6Rv1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O resultante de ditas puntuacións definen o risco neto como aquel nivel de risco resultante de aplicar os valores negativos das medidas e da súa eficacia.

A puntuación da medidas que minoran o risco é a seguinte:

Nivel de implantación de controis existentes	Minoración no risco inicial
N1_Sen medidas: A medida non existe, ao menos ata onde existe coñecemento	0
N2_Medidas parciais: A medida existe, pero non está implantada ou é ineficaz	1
N3_Medidas parciais: A medida existe, pero non é completamente eficaz	2
N4_Con medidas: A medida existe, e considérase eficaz	3

En consecuencia, o risco neto deriva das seguintes operacións:

Riscos	Valor probab.	Valor gravid.	Gradación do risco (antes de medidas)	Medidas			Valoración de risco
				N1	N2	N3	
Risco 1	7	5	6,0	X			Risco importante
Risco 2	4	8	6,0			X	Risco aceptable
Risco 3	1	6	3,5			X	Risco aceptable

Acción 3.2.3. Listaxes de verificación na aprobación dos expedientes financiados con PRTR

O centro directivo incluirá en cada un dos expedientes de subvencións ou contratación que xestione, que sexan financiados con fondos PRTR, unha folla de verificación na que se incluirán as medidas antifraude que se inclúen no expediente que se tramita.

CVE: x9HEjq6Rv1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Esta verificación servirá de base para a declaración sinalada no punto 1.4.2.1. que realizarán os titulares das Secretarías Xerais Técnicas.

A lista incluirá as seguintes verificacións:

Área	Medidas que se incorporan no expediente	Verificación. Grao de cumprimento valora de 1 a 4
Contratación e subvencións	Disponse dun plan de prevención de riscos e medidas antifraude ?	4
Contratación e subvencións	Disponse dunha declaración ao máis alto nivel de loita contra a fraude ?	4
Contratación e subvencións	O plan de prevención é coñecido polo persoal que tramita o expediente ?	1-4
Contratación e subvencións	Existe un plan de avaliación de riscos que identifique probabilidade, impacto e medidas de minimización ?	4
Contratación e subvencións	O persoal que tramita o expediente coñece o Código Ético e a normativa sobre regalos ?	1-4
Contratación e subvencións	O persoal tramitador ten recibido formación sobre integridade ?	1-4
Subvencións	Existe declaración de ausencia de conflito de intereses do persoal que elabora as bases de subvención?	1-4

CVE: x9HEjq6Rv1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Subvencións	Existe declaración de ausencia conflitos de intereses do persoal que conforma a comisión de baremacion	1-4
Subvencións	Existe declaración de ausencia de conflito de interese do alto cargo que xestiona a convocatoria e resolución das subvencións?	1-4
Subvencións	Nas bases inclúense medidas para evitar o dobre financiamento?	1-4
Contratación	Existe declaración de ausencia de conflito de intereses do persoal que elabora os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas da contratación?	1-4
Contratación	Existe declaración de ausencia conflitos de intereses do persoal que conforma a mesa de contratación?	1-4
Contratación	Existe declaración de ausencia de conflito de interese do alto cargo responsable que aproba a contratación?	1-4
Contratación e subvencións	Existe unha canle para presentar denuncias ?	4
Contratación e subvencións	O centro directivo dispón dun mecanismo de bandeiras vermellas ?	4
Contratación e subvencións	Existe un órgano encargado de examinar as denuncias e propor medidas ?	4
Contratación e subvencións	Cando se detecta un fraude avalíase e propóñense medidas?	1-4

Acción 3.2.4. Mecanismos de detección a través de "bandeiras vermellas"

As bandeiras vermellas son sinais de alarma, pistas ou indicios de posible fraude que non implican necesariamente a existencia do mesmo. A verificación delas polo órgano xestor, polos órganos transversais, como os letrados no

CVE: x9HEjq6Rv1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

exercicio da súa función de verificación ou, no seu caso, polos equipos de auditoría, dará lugar á modificación do plan deste centro directivo e a implantación ou modificación das medidas establecidas nel.

Ámbitos	Indicios	Revisión	Órgano revisor
Pregos reitores do procedemento amañados a favor dun licitador	Presentación dunha única oferta ou número anormalmente baixo de proposicións optando á licitación	Trimestral	Órgano xestor
	Extraordinaria similitude entre os pregos reitores do procedemento e os produtos o servicios do contratista gañador	Trimestral	Órgano xestor
	Queixas doutros licitadores	Trimestral	Órgano xestor
	Pregos con prescricións máis restritivas ou máis xerais que as aprobadas en procedementos previos similares	Trimestral	Órgano xestor
	Pregos con cláusulas non comúns ou pouco razoables	Trimestral	Órgano xestor
	O poder adxudicador define un produto dunha marca concreta en lugar dun produto xenérico	Trimestral	Órgano xestor
Licitacións colusorias	A oferta gañadora é demasiado alta en comparación coas listas de prezos públicas, con obras ou servicios similares o promedios da industria, ou con prezos de referencia do mercado	Trimestral	Órgano xestor
	Todos os licitadores ofertan prezos altos de forma continuada	Trimestral	Órgano xestor
	Os prezos das ofertas baixan bruscamente cando novos licitadores participan no procedemento	Anual	Auditoría
	Os adxudicatarios se reparten ou alternan por rexión, tipo de traballo, tipo de obra	Anual	Órgano xestor
	O adxudicatario subcontrata aos licitadores perdedores	Anual	Órgano xestor
	Existen patróns de ofertas pouco usuais (por exemplo, as ofertas teñen porcentaxes exactas de rebaixa, a oferta gañadora está xusto debaixo do limiar de prezos aceptables, ofértase exactamente ao valor do orzamento do contrato, os prezos das ofertas son demasiado altos, demasiado próximos, moi distintos, números redondos, incompletos, etc.);	Anual	Auditoría
Conflito de interese	Favoritismo inexplicable ou inusual dun contratista ou vendedor en particular	Anual	Órgano xestor

CVE: x9HEjq6Rv1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

	Aceptación continua de altos prezos e traballo de baixa calidade etc.	Anual	Órgano xestor
	Un empregado encargado da contratación non presenta declaración de conflito de interese	Trimestral	Órgano xestor
	O empregado encargado de contratación declina o ascenso a unha posición na que deixa de ter participación nos procedementos de contratación	Anual	Órgano xestor
	Empregado encargado de contratación parece facer negocios propios pola súa conta	Anual	Órgano xestor
	Excesiva socialización entre un empregado encargado de contratación e un provedor	Anual	Órgano xestor
Manipulación de ofertas	Queixas dos licitadores e falta de control adecuado nos procedementos de licitación	Trimestral	Órgano xestor
	Licitador excluído por causas dubidosas ou exceso de declaración de procedementos desertos	Anual	Órgano xestor
Riscos de fraccionamento	Aprécianse dúas ou máis adquisicións con similar obxecto efectuadas a idéntico adxudicatario por debaixo dos límites admitidos para a utilización de procedementos de adxudicación directa ou dos limiares de publicidade ou que exixirían procedementos con maiores garantías de concorrencia	Anual	Auditoría
	Separación inxustificada das compras, por exemplo, contratos separados para man de obra e materiais, estando ambos por debaixo dos limiares de licitación aberta	Anual	Auditoría
	Compras secuenciais xusto por debaixo dos limiares de publicidade das licitacións	Anual	Auditoría
Risco de limitación da concorrencia en subvencións	Falta de difusión nos medios obrigatorios establecidos Requisitos dos beneficiarios/destinatarios ambiguos Ausencia de publicación de baremos	Anual	Órgano xestor
Risco de trato discriminatorio na selección de beneficiarios	Non se segue un criterio homoxéneo para a selección de beneficiarios	Anual	Órgano xestor
Risco de incorrer en imparcialidade derivada de	Trato preferente a determinadas solicitudes Presións manifestas sobre outros membros do comité	Anual	Órgano xestor

CVE: x9HEjq6Rv1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

situacións de conflitos de intereses nas axudas			
Risco de aplicación dos fondos a finalidades diferentes a aquelas para os que foron concedidos (desviación de obxecto)	Fondos que non atenden á finalidade ou obxectivo das bases	Anual	Órgano xestor
Risco de dobre financiamento (incumprimento adicionalidade)	Recepción de importes fixos no lugar de porcentaxes do gasto Varios cofinanciadores que financian a mesma operación Non existe documentación soporte das aportacións realizadas por terceiros Financiación non finalista e sen criterios de reparto	Anual	Órgano xestor
Risco de falsidade documental	Incorrecta información presentada polos solicitantes de axudas Ocultación de información con obriga de remitir á Administración Manipulación na xustificación de gastos (Custos laborais rateados incorrectamente/ou duplicados en distintos proxectos)	Anual	Órgano xestor
Risco de perda da pista de auditoría	Incorrecta documentación das operacións subvencionadas Imprecisión na convocatoria da forma de documentar os gastos Imprecisión na definición de gastos elixibles Imprecisión no método do cálculo dos custos	Anual	Órgano xestor

CVE: x9HEjq6Rv1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

4. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

4.1. Seguimento, supervisión e avaliación

O centro directivo realizará un control periódico para verificar o cumprimento das regras do plan e os seus efectos prácticos. Dita labor pode ser efectuada pola persoa ou unidade do responsable da integridade e prevención de riscos.
O seguimento realizarase anualmente e basearase nas respostas, que poden ser efectuadas a través de formularios, do persoal e altos cargos das unidades que xestionan os ditos procesos e sobre o grao de aplicación das medidas e dos mecanismos de control.
Este seguimento pode ser realizado a través das listas de verificación dos expedientes tramitados no ano anterior ao seguimento.
No marco das súas funcións de asistencia, a Asesoría Xurídica informará aos organismos encargados de vixiar o funcionamento e observancia do plan de prevención dos incumprimentos que observe e asesoraraos cando así o soliciten.
Con independencia da periodicidade anual, sempre que se teña detectado un risco, como consecuencia de reclamacións ou cando se reciban os resultados das auditorías efectuadas polos órganos de control, procederase a un seguimento das medidas incluídas no plan.
Non caso de que se materialice un acto contrario á integridade, de fraude ou de corrupción o centro directivo analizará os feitos ocorridos e determinará as modificacións que deben realizarse na estruturas e nos procesos de control.

4.2. Actualización e revisión

Cando se detecten resultados de auditorías ou feitos derivados de reclamacións ou queixas das que se poidan derivar indicios de irregularidades

CVE: x9HEjq6Rv1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

ou melloras que se poidan implantar nos procedementos, procederase a unha actualización do plan.

Anualmente, con ocasión do seguimento do plan, procederase a valorar a necesidade de realizar unha actualización de procedementos, de avaliación de riscos ou de implantación de medidas.

4.3. Comunicación e difusión

O plan difundirase entre todo o persoal, especialmente entre o que integre as unidades que tramiten os expedientes de subvencións ou contratación.
Tamén será obxecto de comunicación cando se produzan novas incorporacións de persoal nas unidades.

Asinado por: RODRIGUEZ CARBALLO, SUSANA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 22/12/2021 14:35:16

CVE: x9HEjq6Rv1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, de acordo coa declaración institucional de Integridade e Compromiso Ético da Xunta de Galicia, asume un compromiso de tolerancia cero contra a fraude que vai máis ala do cumprimento das normas xurídicas porque se refire ás normas e principios éticos e morais e aos valores de integridade, honestidade e obxectividade. Este compromiso inclúe o establecemento dos mecanismos preventivos que consoliden unha cultura de prevención fronte aos posibles incumprimentos, impulsando o desenvolvemento de procedementos que a fagan efectiva, e prestando especial atención a aqueles feitos que poidan supoñer actos contrarios á integridade.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

Asinado por: RODRIGUEZ CARBALLO, SUSANA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 22/12/2021 14:35:16

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesenvolvemento@xunta.gal

CVE: Zxw0kfKKF0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

PLAN ESPECÍFICO DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DOS CENTROS DIRECTIVOS E ENTIDADES INSTRUMENTAIS DA XUNTA DE GALICIA: EPE PORTOS DE GALICIA.

CVE: 3P4KWRU1J8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

ÍNDICE

1. CARACTERIZACIÓN DO CENTRO DIRECTIVO. DIAGNOSE DE SITUACIÓN. 4
1.1. Misión, visión e Valores 4
1.2. Organización e funcionamento do centro directivo ou entidade instrumental 8
1.2.1. Organización 8
1.2.2. Recursos humanos 9
1.2.3. Recursos orzamentarios 10
1.2.4. Marco normativo 11
1.2.5. Procesos e procedementos que aplica o centro directivo/entidade instrumental. 11
1.3. As medidas do "ciclo da fraude" 14
1.3.1. Medidas de prevención: 14
1.3.2. Medidas de detección: 14
1.3.3. Medidas de corrección: 15
1.3.4. Medidas de persecución: 15
1.4. Funcións e responsabilidades na xestión dos riscos 16
1.4.1. A consellería, os centros directivos/entidades instrumentais 16
2. COMPROMISO DE INTEGRIDADE E MARCO ÉTICO DA INTEGRIDADE INSTITUCIONAL 19
2.1. Medidas relativas ao compromiso institucional coa integridade, coa ética publica e coas medidas antifraude. 19
Acción 2.1.1. A manifestación expresa dos responsables públicos 19
Acción 2.1.2. As referencias á integridade na planificación estratéxica ... 19
Acción 2.1.3. A difusión e a formación en materia de integridade institucional 20
2.2. Medidas relativas ao sistema de prevención de conflitos de interese. 20
Acción 2.2.1. Réxime xeral do conflito de intereses 20
Acción 2.2.2. Réxime especial do conflito de intereses para os altos cargos nos supostos de actuacións financiadas do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia. 21
Acción 2.2.3. Réxime especial do conflito de intereses para os funcionarios públicos nos supostos de actuacións financiadas do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia. 22

CVE: 3P4KWRU1J8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2.3. Medidas referidas ás canles de denuncias de irregularidades ou condutas de fraude 23
Acción 2.3.1. Difusión da canle de denuncias 23
2.4 Formación e compromiso coa competencia profesional dos empregados públicos 24
Acción 2.4.1. Formación especifica nos centros directivos/entidades instrumentais que xestionen fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia. 24
3. IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE 25
3.1. Medidas relativas ao diagnóstico e análise dos riscos xerais da organización. 25
3.1.1. Definición do risco e asunción dos riscos xerais da organización 25
3.2. Medidas para a aprobación dun plan de prevención de riscos e medidas antifraude por cada centro xestor 25
Acción 3.2.1. Metodoloxía para a avaliación do risco 25
Acción 3.2.3. Listaxes de verificación na aprobación dos expedientes financiados con PRTR 30
Acción 3.2.4. Mecanismos de detección a través de "bandeiras vermellas" 31
4. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN 34
4.1. Seguimento, supervisión e avaliación 34
4.2. Actualización e revisión 34
4.3. Comunicación e difusión 35

CVE: 3P4KWRU1J8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

1. CARACTERIZACIÓN DO CENTRO DIRECTIVO. DIAGNOSE DE SITUACIÓN

1.1. Misión, visión e Valores

O presente documento define os mecanismos que a Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia (en adiante EPE Portos de Galicia) adscrita á Consellería do Mar ten previsto implantar como o seu Plan específico de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude (en diante, o plan).

Esta EPE Portos de Galicia asume como propias as directrices e manifestacións realizadas no Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude aprobado por Acordo do Consello da Xunta de data 10 de decembro de 2021 (en diante, plan xeral).

A mellora continua na calidade dos servizos prestados, a atención ás necesidades de toda a cidadanía, e a transparencia e a integridade da actividade pública actúan como principios vertebradores que presiden a actividade deste EPE Portos de Galicia, e como tales son asumidos como compromiso de actuación dos seus órganos de dirección e dos empregados públicos que traballan no mesmo.

A EPE Portos de Galicia, creada inicialmente pola Lei 5/1994, do 29 de novembro, ten como misión desenvolver e xestionar as funcións e servizos que en materia de portos de competencia da Comunidade Autónoma que lle foron adscritos a tal efecto por lei, con suxeición aos principios da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, tendo como obxecto o proxecto, construción, conservación, mellora, ordenación, administración e explotación das obras, instalacións, servizos e actividades portuarias, así como a planificación das zonas de servizo e as futuras ampliacións das mesmas, nos termos previstos na presente lei.

CVE: 3P4KWRU1J8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A dirección da EPE Portos de Galicia asume o compromiso de actuar de conformidade cos principios de integridade, honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico e á cidadanía establecidos na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O criterios de integridade e ética publica no desempeño das actividades e no desenvolvemento da acción pública da administración autonómica son os principios asumidos expresamente polo goberno galego coa aprobación do Programa Marco de Integridade Institucional e prevención de riscos de xestión do 26 de maio de 2021, que a través de 24 medidas establece os elementos do marco de infraestrutura ética ao que se somete a acción do goberno, a dos seus responsables máximos e a do conxunto dos empregados públicos.

A EPE Portos de Galicia ten como competencias e funcións as seguintes:

- O proxecto, construción, conservación, mellora, ordenación, administración e explotación das obras, instalacións, servizos e actividades portuarias, así como a planificación das zonas de servizo e as futuras ampliacións das mesmas, nos termos previstos na presente lei.
- Asumirá igualmente as funcións que, no ámbito de competencias da Comunidade Autónoma, poidan serlle atribuídas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de xestión e actuacións no dominio público marítimo-terrestre.

As funcións que lle competen son:

- Dentro da esfera de actividades encadradas no seu obxecto a EPE Portos de Galicia xestionará a explotación das instalacións portuarias e dos demais bens adscritos ao seu patrimonio.
- Asumirá o fomento global da actividade económica no ámbito dos portos de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, das actividades industriais e comerciais directamente relacionadas co tráfico portuario e o fomento da investigación e desenvolvemento

CVE: 3P4KWRU1J8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

tecnolóxico en materias relacionadas coa explotación e construción portuarias.

No Plan de Actuacións, Investimentos e Financiamentos 2022 (en adiante PAIF 2022), establécense como obxectivos do EPE Portos de Galicia os seguintes:

Dentro da liña estratéxica de crecemento, entendida como potenciación xeración de negocio e de recursos económicos, actuarase para o vindeiro 2022 en:

1. Afianzar a concepción multifuncional dos portos galegos, ampliando os seus usos a outras actividades, especialmente relacionadas co ocio, turismo e o deporte, e contribuíndo, polo tanto, ao aumento do atractivo do litoral galego.

2. Integración dos portos galegos nas redes portuarias que permitan desenvolver as súas complementariedades ao tempo que se procura unha relativa especialización.

3. A transformación dos portos en plataformas para a localización de novos procesos aumentando o valor engadido das mercadorías e da pesca e que contribúan ao desenvolvemento económico e á creación de emprego.

4. Favorecer a interrelación porto-cidade mediante acordos de colaboración coas diferentes administracións desenvolvendo a planificación urbanística que permita que os cidadáns vexan os portos como entes xeradores de desenvolvemento nun ámbito compatible coa actividade cívica.

Dentro da liña estratéxica de sustentabilidade actuarase en:

1. Estimular a mellora continua do medio portuario e a súa xestión ambiental co obxecto de facilitar, unha mellor comprensión do papel dos portos e os seus esforzos para chegar a un desenvolvemento sostible.

2. Asegurar o máximo respecto ao medio ambiente.

3. Incrementar a conciencia de seguridade, tanto dende o punto da prevención de riscos laborais como da seguridade como protección dos portos e das instalacións portuarias de acordo coa normativa internacional en vigor.

4. Mellorar a coordinación das diferentes actividades co respecto ao ambiente e entorno litoral.

Dentro da liña estratéxica de eficiencia, actuarase en:

CVE: 3P4KWRU1J8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

1. Mellora na eficiencia das instalacións e xestión dos subministros.

2. Comunicación entre a administración portuaria e os actores relevantes.

3. Mellora e modernización dos servizos prestados nos portos.

4. Xestión áxil e eficaz das actividades portuarias.

Dentro da liña estratéxica de TIC, actuarase en:

1. Desenvolvemento e implementación de ferramentas de xestión eficiente dentro do marco xenérico e integrado de ferramentas da Comunidade Autónoma.

2. Integración de ferramentas nunha plataforma única, sinxela e áxil que conforme un cadro de mando do ente Portos de Galicia.

3. Consecución da Administración electrónica plenamente eficiente.

4. Formación e destreza nos usuarios internos e externos do entorno TIC dos nosos portos.

Como consecuencia destes eixes búscase a integración dos portos galegos dentro dunha rede que permita a súa coordinación dentro dun sistema portuario competitivo, podendo así desenvolver as súas complementariedades.

E, por outro lado, fomentar a coordinación entre os portos e as vilas nas que se sitúan, máxime tendo en conta a idiosincrasia do asentamento da poboación galega na costa en forma de grande imbricación da malla urbana nos portos con incidencia na actividade económica e empresarial delas.

Obxectivos e indicadores

OBX ESTRATÉXICO/INTERMEDIO	DESCRICIÓN OBX ESTRATÉXICO/INTERMEDIO	2022	2023	2024
OE.3.1.01	Modernizar os portos de Galicia, garantindo medios precisos para desenvolver un modelo de negocio en cada dársena en base ás actividades con máis demanda e á especialización e para colaborar á sustentabilidade da actividade pesqueira	15.609.632	9.921.340	1.950.000
	TOTAL	**15.609.632**	**9.921.340**	**1.950.000**

OBX OPERATIVO	DESCRICIÓN OBX OPERATIVO	2022	2023	2024
0002	Modernización e adecuación das instalacións existentes para adaptalas ás novas necesidades do mercado e da suntentabilidade na pesca. Construción das infraestruturas necesarias para a mellora da seguridade e das condicións de traballo dos pescadores.	15.609.632	9.921.340	1.950.000
	TOTAL	**15.609.632**	**9.921.340**	**1.950.000**

INDICADOR	DESCRICIÓN INDICADOR	2022	2023	2024	UNIDADES
R3101b	Mellora dos equipamentos % portos	33			%
R3101c	% autorizacións concesións novas relación nº total	5			%

CVE: 3P4KWRU1J8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

P00098	Ingresos concesións/ingresos correntes	24			%
P00131	Nº de portos con actuación	60			nº
P00157	Nº de atraques destinados á náutica recreativa	0			nº

I.2. Territorialización

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
NON TERRITORIALIZABLE	5.444.045	12.472.555	15.609.632
TOTAL	**5.444.045**	**12.472.555**	**15.609.632**

Todas as actuacións previstas, tanto os investimentos como os gastos de xestión e servizos portuarios, teñen un marco xeral que afecta a todas as instalacións portuarias de Galicia en todo o ámbito territorial de acordo co principio de unidade de xestión portuaria.

Xa que logo no que afecta a este Plan, establécense os seguintes obxectivos:

Obxectivo cuantitativo	Indicador
Importe asociado a casos de fraude do importe adxudicado ao abeiro do PRTR ou doutras fontes de financiamento	Importe recuperado por caso de fraude na xestión dos PRTR ou doutras fontes de financiamiento
Obxectivo cualitativo	Indicador
Desbotar prácticas fraudulentas na xestión dos PRTR e na xestión da contratación pública xeral	Nº de casos comunicados a través de canle en operacións do PRTR ou da contratación pública xeral

1.2. Organización e funcionamento do centro directivo ou entidade instrumental

1.2.1. Organización

Para o desenvolvemento das súas funcións a EPE Portos de Galicia estrutúrase en:

Organos superiores de Goberno: Consello Reitor en canto órgano colegiado de goberno e Presidencia, órgano unipersoal de goberno.

CVE: 3P4KWRU1J8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Órgano executivo responsable da Xestión ordinaria e inspección da Entidade e dos portos e a súa explotación: a Dirección.

Unidades Administrativas de xestión: Áreas de Explotación e Planificación e de Infraestruturas, Medio Ambiente e Seguridade.

Tres Zonas Territoriais: Norte, Centro e Sur, esencialmente coincidentes coas provincias marítimas.

Unidades administrativas transversais: Departamentos de Secretaría Xeral e Asesoría Xurídica, Departamento de Xestión e Control Orzamentario e Departamento de Contabilidade e Tesourería e Servizos Xerais.

1.2.2. Recursos humanos

Funcionarios con destino definitivo ou en comisión de servizos	Persoal laboral	Postos vacantes de funcionarios ou persoal laboral
_____	116	

CVE: 3P4KWRU1J8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

1.2.3. Recursos orzamentarios

Ente Público Portos de Galicia - Orzamentos 2022			
INGRESOS			**2022**
			€
Capítulo I	Impostos directos		-
Capítulo III	Tasas e outros ingresos		18.102.149,09
Capítulo IV	Transferencias correntes		-
Capítulo V	Ingresos patrimoniais		5.000,00
'Total operacións correntes			***18.107.149,09***
Capítulo VI	Enaxenación Inv.reais		-
Capítulo VII	Transferencias de capital		10.351.448,22
Capítulo VIII	Activos financeiros (Remanentes Tesourería)		5.067.635,14
Capítulo VIII	Achegas Consellería do Mar para compensación de pérdas		-
Capítulo IX	Pasivos financeiros		-
'Total operacións de capital			***10.351.448,22***
'Total operacións financeiras			***5.067.635,14***
TOTAL			***33.526.232,45***
GASTOS			**2022**
			€
Capítulo I	Gastos de persoal		5.444.044,98
Capítulo II	Gastos en bens correntes e servicios		12.472.554,98
Capítulo III	Gastos financeiros		-
Capítulo IV	Transferencias correntes		-
'Total operacións correntes			***17.916.599,96***
Capítulo VI	Investimentos reais		15.609.632,49
Capítulo VII	Transferencias de capital		-
Capítulo VIII	Activos financeiros		-
Capítulo IX	Pasivos financeiros		-
	(Amortiz.capital préstamos l/p.)		
'Total operacións de capital			***15.609.632,49***
'Total operacións financeiras			-
TOTAL			***33.526.232,45***

CVE: 3P4KWRU1J8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

1.2.4. Marco normativo

A EPE Portos de Galicia asume como obriga o cumprimento das normas en materia de integridade que figuran no plan xeral. Adicionalmente, son aplicables a este centro directivo as seguintes normas, sectoriais específicas en materia portuaria:

Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia.

Lei 22/1988, do 22 de xullo, de Costas.

Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante.

Normativa transversal en materias tales como ambiental, urbanística, marítima, control de fronteiras, sanidade exterior.

1.2.5. Procesos e procedementos que aplica o EPE Portos de Galicia.

- Procedementos de prestación de servizos portuarios xerais (públicos): control, ordenación, coordinación, etc. do tráfico portuario marítimo e terrestre, operacións portuarias, policía administrativa dos portos, servizos de alumeado e limpeza, recollida de refugallos do convenio MARPOL,
- Procedementos de contratación suxeitos á Lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público por importe acumulado para o 2022 de **32.526.232,45 M€.**
- Procedementos de autorización e concesión de utilización e aproveitamento exclusivo do dominio público portuario.
- Procedementos de autorización por prestación de servizos portuarios gravados mediante taxas reguladas na Lei 6/2003, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, e correspondentes procedementos de xestion tributaria da redación en vía voluntaria destas taxa, conforme a normativa tributaria e á regulación das reclamacións económico-administrativas, por un volume de ingresos de explotación de **18.107.149,09 M€.**

CVE: 3P4KWRU1J8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Procedementos de autorización e licencia para a prestación de servizos portuarios especiais: manipulación de cargas, estiba, desestiba, servizos ao pasaxe, practicaxe, remolque portuario, amarre e desamarre de buques.
- Procedementos de autorización de actividades de consignación buques e mercadorías, lonxas, fornecemento de combustible, posta a disposicion de medios mecánicos, almacenamento e depósitos e transporte horizontal.

Magnitudes significativas en Contratación Pública:

Investimentos:

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2022	CONCELLO
(PARTE INVESTIMENTO) SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INFRAESTRUCTURAS PORTUARIAS	2.022	2.022	350.000	350.000	900
A GUARDA: MELLORA FUNCIONAL DA RAMPLA DE VARADA DO PORTO	2.021	2.022	149.000	134.000	3605023
ADQUISICIÓN APLICACIÓNS INFORMÁTICAS	2.022	2.022	100.000	300.000	900
AGUETE: INSTALACIÓNS DE MÓDULOS DE DIQUE FLOTANTE NO PORTO	2.021	2.022	159.995	144.995	3624026
ALDÁN: NOVOS DEPARTAMENTOS E REMODELACIÓN DA LONXA NO PORTO	2.022	2.023	1.000.000	100.000	3624008
BUEU: AMPLIACIÓN NAVE DE REDES	2.022	2.022	80.000	80.000	3624004
BUEU: MELLORA DA ACCESIBILIDADE NO PORTO	2.022	2.023	250.000	75.000	3624004
BURELA: NAVE PARA ALMACEN DE CAIXAS NO PORTO	2.022	2.023	600.000	100.000	2722902
CAMARIÑAS: DEPARTAMENTO PARA USUARIOS	2.022	2.023	300.000	50.000	1547016
CAMPELO: AMPLIACIÓN DA LONXA	2.022	2.022	480.251	480.251	1517087
CANGAS: AMPLIACIÓN DOS ATRAQUES DE PASAXE NO PORTO DE CANGAS	2.021	2.022	559.093	559.093	3624008
CANIDO: NOVA LONXA NO PORTO DE CANIDO	2.021	2.022	119.163	59.163	3605036
CARIÑO: DRAGAXE NO PORTO	2.022	2.022	50.000	50.000	1530901
CARIÑO: REFORMA DA CUBERTA DA LONXA DO PORTO	2.022	2.022	109.674	109.674	1530901
CELEIRO: CAMBIO DE CUBERTA NO EDIFICIO NÁUTICO PESQUEIRO DO PORTO	2.022	2.022	249.908	249.908	2723066
CELEIRO: PANTALÁN PARA EMBARCACIONES MENORES	2.021	2.021	461.192	200.000	2723066
CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O PROXECTO "ESTUDO INTEGRAL E TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA PARA O DESEÑO DE ESTRUCTURAS AERODINÁMICAS"	2.022	2.022	45.031	45.031	01
CONVENIO ENTRE A EPE PORTOS DE GALICIA E A AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) PARA O IMPULSO DO EMPREGO DE ENERXÍAS RENOVABLES NO PORTO DE RIBEIRA	2.021	2.022	8.388	3.355	1506073
DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓNS DA ZONA NORTE	2.022	2.022	70.000	150.000	01
DRAGAXE NO PORTO DE LAXE	2.019	2.021	3.026.524	526.524	1508040
DRAGAXES VARIOS PORTOS	2.022	2.022	250.000	750.000	902
ESTEIRO: RAMPLA	2.021	2.021	180.000	20.000	1527053
FISTERRA: REPOSICIÓN DE PAVIMENTO	2.022	2.023	200.000	100.000	1518037
GROVE: AMPLIACIÓN E MELLORA DA LONXA	2.021	2.022	640.000	150.000	3637022
LIQUIDACIÓNS FINAIS DE OBRAS	2.021	2.021	899.431	899.431	900
MALPICA: REFORZO ESTRUCTURAL DO VIAL INTERIOR DO PORTO	2.021	2.022	161.010	141.010	1508043
MALPICA: REMODELACIÓN DOS DEPARTAMENTOS DE EXPORTADORES	2.022	2.023	150.000	50.000	1508043
MOAÑA: SUBSTITUCIÓN DE PARAMENTOS NO PEIRAO MEXILOEIRO DE MOAÑA	2.021	2.021	50.000	50.000	3624029
MOBLAXE, EQUIPAMENTO E OUTROS EQUIPOS INFORMÁTICOS	2.022	2.022	105.000	105.000	900
MUROS: REPOSICIÓN DE CUBERTA E ACONDICIONAMENTO DA LONXA	2.021	2.022	250.000	250.000	1527053
NOVA CONSTRUCCIÓN, AMPLIACIÓN, REFORMA E MELLORA DE INSTALACIÓNS ABOIANTES DE ATRAQUE NOS PORTOS DE CORME, PONTEDEUME, FISTERRA, O FREIXO, MUROS, MIÑO, BETANZOS E CORCUBIÓN	2.021	2.022	1.070.000	695.500	900

CVE: 3P4KWRU1J8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

NOVA CONSTRUCCIÓN, AMPLIACIÓN, REFORMA E MELLORA DE INSTALACIÓNS ABOIANTES DE ATRAQUE NOS PORTOS DE SADA, RIANXO E A POBRA DO CARAMIÑAL	2.021	2.022	1.619.000	1.459.000	900
O GROVE: REORDENACIÓN DE ATRAQUES NO PORTO	2.022	2.023	3.000.000	50.000	3637022
O SON: ACONDICIONAMENTO DO BORDO INTERIOR (CONVENIO)DO PORTO	2.018	2.022	3.350.244	350.244	1528071
OBRAS MENORES: DOTACIÓN DE SERVIZOS NOS PORTOS	2.022	2.022	300.000	500.000	900
ORTIGUEIRA: URBANIZACIÓN ENTORNO DEPARTAMENTOS DE USUARIOS	2.022	2.022	256.359	256.359	1530061
OUTROS SERVIZOS (INVESTIMENTO-VARIOS A. TÉCNICAS INFRAESTRUCTURAS)	2.021	2.021	150.000	300.000	900
PALMEIRA: MELLORA DA MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE NO ENTORNO DO PORTO	2.022	2.023	700.000	250.000	1506073
PORTO DO SON: ACONDICIONAMENTO DA LONXA	2.022	2.022	20.000	20.000	1528071
PORTO DO SON: DEPARTAMENTOS PARA USUARIOS	2.022	2.023	750.000	50.000	1528071
PORTO DO SON: NOVA NAVE DE REDES	2.022	2.023	370.000	20.000	1528071
PORTOCUBELO: ACONDICIONAMENTO DA LONXA DE PONTOCUBELO	2.021	2.022	150.000	150.000	1527020
PORTOSÍN: ACONDICIONAMENTO DA LONXA	2.022	2.022	80.000	80.000	1528071
REDACCIÓN DE ESTUDOS AMBIENTAIS E REDACCIÓN DE PROXECTOS DE DRAGAXE DA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA	2.020	2.022	622.607	322.607	902
RIANXO: EDIFICIOS DE DEPARTAMENTOS PARA USUARIOS NO PORTO	2.019	2.022	1.630.000	1.330.000	1506072
RIBADEO: DRAGAXE DO PORTO	2.022	2.023	1.600.000	200.000	2724051
SAN CIBRAO: ACONDICIONAMENTO DOS LOCAIS DE ARMADORES	2.022	2.023	150.000	20.000	2723013
SANXENXO: DEPARTAMENTOS PARA USUARIOS	2.022	2.023	300.000	25.000	3637051
SERVICIO DE REDACCIÓN DE ESTUDOS E PROXECTOS PARA DIVERSAS ACTUACIÓNS DA ENTIDADE PÚBLICA	2.020	2.023	1.477.322	1.005.557	10047
TRAGOVE: AMPLIACIÓN DE LONXA	2.022	2.023	400.000	200.000	3637006
VARIOS: MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA EN VARIOS PORTOS	2.022	2.023	1.000.000	500.000	900
VARIOS: MELLORA DA SINALIZACIÓN VERTICAL NOS ESPAZOS PORTUARIOS	2.022	2.023	236.425	150.000	902
VARIOS: MELLORA DOS MEDIOS DE AMARRE E DEFENSAS EN DIVERSOS PORTOS DA ZONA NORTE, CENTRO E SUR	2.022	2.023	1.277.449	320.000	902
VARIOS: MELLORA DOS PAVIMENTOS EN VARIOS PORTOS	2.022	2.022	150.000	250.000	900
VARIOS: SINALIZACIÓN MARÍTIMA DOS POLÍGONOS DE BATEAS	2.022	2.023	200.000	150.000	900
VARIOS: VIXILANCIA INTEGRAL E CONTROL DE ACCESOS PBIP (PARTE INVESTIMENTO)	2.022	2.022	401.550	361.550	900
VIVEIRO-CELEIRO:ACONDICIONAMIENTO DE NAVE DE REPARACIÓN DE REDES NO PEIRAO DO PORTO DE CELEIRO	2.022	2.022	311.380	311.380	2723066
		TOTAL	**32.625.996**	**15.609.632**	

Servizos exteriores

DESCRICIÓN	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022	PREVISIÓN 2023	PREVISIÓN 2024
ARRENDAMENTO E CÁNONES	113.756	112.559	115.400	115.400	115.400
COMUNICACIÓNS E OUTROS SERVIZOS	4.955.350	5.719.899	5.948.325	5.948.325	5.948.325
PRIMAS DE SEGUROS	102.616	103.969	121.700	121.700	121.700
PUBLICIDADE/INFORMACIÓN DIVULGACIÓN	65.444	153.740	159.000	159.000	159.000
REPARACIÓNS E CONSERVACIÓNS	3.323.313	2.830.100	3.093.541	3.093.541	3.093.541
SERVIZOS PROFESIONAIS INDEPENDIENTES	50.293	94.153	94.200	94.200	94.200
SUMINISTROS	2.205.890	2.317.939	2.706.390	2.706.390	2.706.390
TOTAL	**10.816.662**	**11.332.359**	**12.238.556**	**12.238.556**	**12.238.556**

Datos al cierrre: 31/12/2020 – Cuentas Anuales:

CVE: 3P4KWRU1J8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Contratación administrativa

Tipo de contrato	Subasta	Concurso	Proced.negoc. + Outros	Contratos menores	Certificaciones Liquidaciones Finales	Obras Emerxencia	Total
De obras		6.387.645,10	0,00	1.918.796,94	208.463,27	0,00	8.514.905,31
De Xestión e Servicios			0,00				0,00
De suministros		24.656,00	0,00	189.839,18			214.495,18
De Consultoría y Asistencia		0,00	0,00	0,00			0,00
De servicios		277.893,56	0,00	957.206,34			1.235.099,90
Total	0,00	6.690.194,66	0,00	3.065.842,46	208.463,27	0,00	9.964.500,39

Tipo de contrato	Pte adxudicar a 31/12/2019	Convocado	Adjudicado	Anulado	Baixas de adxudicación	Pte adxudicar a 31/12/2020
De obras	8.992.845,49	10.359.936,30	8.514.905,31	1.942.175,45	1.172.040,06	7.723.660,97
De Xestión e Servicios	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
De suministros	31.196,52	279.587,94	214.495,18	0,00	17.329,28	78.960,00
De Consultoría y Asistencia	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
De servicios	611.017,99	8.845.337,34	1.235.099,90	154.624,10	177.147,05	7.889.484,28
Convenios	579.758,52	0,00	365.152,04	0,00	214.606,48	0,00
Total	**10.214.818,52**	**19.484.861,58**	**10.329.652,43**	**2.096.799,55**	**1.581.122,87**	**15.692.105,25**

1.3. As medidas do "ciclo da fraude"

1.3.1. Medidas de prevención:

a) Adóptase a declaración institucional prevista no plan xeral

b) Incorporaranse nos plans deste EPE Portos de Galicia as declaracións sobre a integridade no marco sectorial concreto ao que se refiren

c) Divulgarase a cultura da integridade na organización

d) Asúmese o compromiso de realizar a formación para altos cargos

e) Asúmese o compromiso de realizar a formación para responsables das Áreas, Zonas e Departamentos.

f) Asúmese o compromiso de estipular respecto do persoal da EPE, as obrigas e responsabilidades en relación a conductas antifraude e de cumprimento en materia de integridade e comportamento ético.

g) Establecemento e implantación de medidas que regulen as declaracións de ausencia de conflitos de interese nos procedementos nos que se utilicen fondos (tales como os de contratación pública, subvencións, xestión do dominio público portuario) e se regulen os supostos nos que actuar cando se denuncia ou detecta un conflito.

CVE: 3P4KWRU1J8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

1.3.2. Medidas de detección:

a) Implantar o plan de prevención riscos da EPE Portos de Galicia, que avalíe os indicadores que poidan supoñer un risco de eventual fraude propio do seu tipo de actividade.

b) Establecer mecanismos de seguimento do cumprimento das condiciones de confidencialidade, sixilo e seguridade da información para o persoal.

1.3.3. Medidas de corrección:

a) Realizaranse as modificacións no plan cando se detecten incidencias ou resultados de auditoría.

b) Determinarase o proceso interno de comunicación de incidencias, e o responsable encargado de comunicar os feitos á Consellería e aos órganos transversais previstos no plan xeral.

c) Exame dos riscos potenciais nas áreas con maior probabilidade de riscos de conformidade cos catálogos de riscos e medidas aprobados no documento técnico "Catálogo de riscos por área de actividade" aprobado polo Consello de Contas.

d) Estender nos modelos de pregos de cláusulas administrativas de contratación, e nos modelos de bases de subvencións a inclusión de medidas antifraude que permitan previr ou detectar situacións de riscos

1.3.4. Medidas de persecución:

a) Inicio dos procedementos de reintegro cando produzan menoscabo nos recursos públicos ou fosen declaradas irregulares as actuacións.

b) Cando as actuacións detectadas constitúan practicas colusorias contrarias á competencia, remitir a investigación e eventual sanción á Comisión Galega da Competencia.

CVE: 3P4KWRU1J8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

1.4. Funcións e responsabilidades na xestión dos riscos

1.1.1. Dirección: exerce as funcións superiores executivas da xestión ordinaria, inspección da entidade conforme ao artigo 15 da Lei 6/2017 de Portos de Galicia.

1.1.1.1. Departamento de Secretaría Xeral-Asesoría Xurídica. Baixo dependencia directa do Director, unidade que supervisará a integridade e prevención de riscos que velará polo cumprimento das medidas incluídas neste plan, actuará como interlocutor cos órganos/unidades transversais encargados do seu cumprimento e informará directamente aos órganos superiores de eventuais incidencias que poidan acontecer en relación coa aplicación do plan

1.1.1.2. Departamento de Contabilidade e Tesourería. Baixo dependencia directa do Director realizará o seguimento e análises de indicios de prácticas irregulares a través da xestión contable, fiscal e patrimonial.

1.1.1.3. Departamento Xestión e Control Orzamentario Baixo dependencia directa do Director realizará o seguimento e análises de indicios de prácticas irregulares a través da xestión e control orzamentaria.

1.4.1. A EPE Portos de Galicia.

A EPE Portos de Galicia asume o compromiso de aplicar a medidas deste plan coa máxima dilixencia e implantar, nos seus procesos propios, as medidas e niveis de control que permitan unha eficaz execución dos fondos dos que son responsables nun contexto de integridade e prevención da loita contra a fraude nos termos establecidos na normativa europea.

O compromiso do EPE Portos de Galicia coa política de integridade e prevención de riscos establecida no presente plan formalizarase asinando a proposta de aprobación deste plan específico polo órgano de dirección do mesmo.

CVE: 3P4KWRU1J8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Este plan integrarase xunto cos dos restantes centros directivos e entidades adscritas no plan da Consellería. A incorporación de máis centros directivos e entidades instrumentais, ou a actualización dos plans xa integrados suporá a modificación, por addenda, do plan de prevención de riscos da Consellería.

Una vez aprobado o plan da Consellería, que agrupará os dos diferentes centros directivos e das entidades instrumentais será remitido á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa para ser publicados no portal de transparencia.

1.4.1.1 Declaración de cumprimento dos órganos responsables.

Como órgano responsable da execución de fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia emítese a Declaración de xestión prevista na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (en diante, Orde HFP 1030/2021) coa periodicidade que se determine, que se adxunta a este plan co seguinte contido:

<<En fecha XXXXXX, este Centro manifiesta que los fondos se han utilizado para los fines previstos y se han gestionado de conformidad con todas las normas que resultan de aplicación, en particular las normas relativas a la prevención de conflictos de intereses, del fraude, de la corrupción y de la doble financiación procedente del Mecanismo y de otros programas de la Unión y de conformidad con el principio de buena gestión financiera. Asimismo, manifiesta la veracidad de la información contenida en el informe en relación con el cumplimiento de hitos y objetivos, y confirma que no se han revocado medidas relacionadas con hitos y objetivos anteriormente cumplidos satisfactoriamente, atendiendo a lo establecido en el apartado 3 del artículo 24 del Reglamento (UE) 241/2021 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 12 de febrero de 2021, por el que se establece el Mecanismo de Recuperación y Resiliencia.>>

1.4.1.2. Persoas ou unidades responsables de integridade e prevención de riscos na EPE Portos de Galicia.

CVE: 3P4KWRU1J8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Este EPE Portos de Galicia designará unha persoa ou unidade que actúe como órgano responsable de integridade e prevención de riscos que velará polo cumprimento das medidas incluídas neste plan, actuará como interlocutor cos órganos/unidades transversais encargados do seu cumprimento e informará directamente aos órganos superiores de eventuais incidencias que poidan acontecer en relación coa aplicación do plan.

Baixo dependencia Directa da Dirección da EPE, a unidade responsable será o Departamento de Secretaría Xeral e Asesoría Xurídica, que é a mesma que actualmente desempeña a función de responsable de coordinación da calidade e da transparencia (antigos responsables de transparencia) designada por acordo do Consello da Xunta do 17 de xuño de 2021.

CVE: 3P4KWRU1J8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2. COMPROMISO DE INTEGRIDADE E MARCO ÉTICO DA INTEGRIDADE INSTITUCIONAL

As medidas e accións incluídas neste plan son de aplicación a todo o EPE Portos de Galicia e constitúense en alicerces da política antifraude e nos elementos que sustentan a integridade da acción pública.

2.1. Medidas relativas ao compromiso institucional coa integridade, coa ética publica e coas medidas antifraude.

Acción 2.1.1. A manifestación expresa dos responsables públicos

Os altos cargos do EPE Portos de Galicia asumen como guía da súa conduta o compromiso principal distintivo de que a súa actuación non só require o cumprimento estrito da legalidade senón que precisa, ademais, dunha demostración diaria de ética, exemplaridade e honorabilidade no desempeño da responsabilidade que supón xestionar os recursos que son patrimonio de todos as galegas e os galegos, e o deber de salvagardar a imaxe e reputación das institucións autonómicas.

Con independencia do anterior, todos os altos cargos que participan no proceso de elaboración, proposta ou aprobación deste plan realizarán unha manifestación de compromiso co Código Ético e de comportamento íntegro e de loita contra a fraude en termos semellantes ás realizadas na declaración institucional do plan xeral.

Acción 2.1.2. As referencias á integridade na planificación estratéxica

Cando o EPE Portos de Galicia aprobe ou propoña a aprobación dun instrumento de planificación incluirá unha manifestación expresa de que súa

CVE: 3P4KWRU1J8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

xestión se realizará de conformidade cos mecanismos de integridade que sexan de aplicación en cada suposto, e de ser o caso, unha análise dos riscos de xestión que poida implicar a adopción do instrumento de planificación, ben mediante unha mención especifica ou ben co recurso a elementos ou riscos e medidas descritos no plan xeral de prevención.

Acción 2.1.3. A difusión e a formación en materia de integridade institucional

O presente plan será difundido entre o persoal do EPE Portos de Galicia, adicionalmente divulgárase a través do portal de transparencia da Xunta de Galicia.

Periodicamente, os altos cargos recibirán formación en materia de liderado ético e nas políticas de integridade institucional.

2.2. Medidas relativas ao sistema de prevención de conflitos de interese.

Acción 2.2.1. Réxime xeral do conflito de intereses

Os altos cargos do EPE Portos de Galicia sométense ás prescricións do artigo 43 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno en todo o relativo ao réxime aplicable aos conflitos de intereses.

Así mesmo, ateranse na súa actuación aos principios recollidos no apartado IV do Código ético Institucional, ou instrumento xurídico que o substitúa ou desenvolva, e ás previsións existentes no mesmo Código respecto dos regalos, as dádivas, as mostras de cortesía e as atencións protocolarias.

CVE: 3P4KWRU1J8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Acción 2.2.2. Réxime especial do conflito de intereses para os altos cargos nos supostos de actuacións financiadas do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

De conformidade coa Orde HFP/1030/2021, os altos cargos intervenientes na preparación, tramitación ou aprobación dun procedemento de subvencións ou contratación deixarán constancia por escrito no expediente da seguinte declaración:

<<Al objeto de garantizar la imparcialidad en el procedimiento de contratación/subvención arriba referenciado, el/los abajo firmante/s, como participante/s en el proceso de preparación y tramitación del expediente, declara/declaran:
Primero. Estar informado/s de lo siguiente:
1. Que el artículo 61.3 «Conflicto de intereses», del Reglamento (UE, Euratom) 2018/1046 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 18 de julio (Reglamento financiero de la UE) establece que «existirá conflicto de intereses cuando el ejercicio imparcial y objetivo de las funciones se vea comprometido por razones familiares, afectivas, de afinidad política o nacional, de interés económico o por cualquier motivo directo o indirecto de interés personal.»
2. Que el artículo 64 «Lucha contra la corrupción y prevención de los conflictos de intereses» de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, tiene el fin de evitar cualquier distorsión de la competencia y garantizar la transparencia en el procedimiento y asegurar la igualdad de trato a todos los candidatos y licitadores.
3. Que el artículo 23 «Abstención», de la Ley 40/2015, de 1 octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, establece que deberán abstenerse de intervenir en el procedimiento «las autoridades y el personal al servicio de las Administraciones en quienes se den algunas de las circunstancias señaladas en el apartado siguiente», siendo éstas:
a) Tener interés personal en el asunto de que se trate o en otro en cuya resolución pudiera influir la de aquél; ser administrador de sociedad o entidad interesada, o tener cuestión litigiosa pendiente con algún interesado.
b) Tener un vínculo matrimonial o situación de hecho asimilable y el parentesco de consanguinidad dentro del cuarto grado o de afinidad dentro del segundo, con cualquiera de los interesados, con los administradores de entidades o sociedades interesadas y también con los asesores, representantes legales o mandatarios que intervengan en el procedimiento, así como compartir despacho profesional o estar asociado con éstos para el asesoramiento, la representación o el mandato

CVE: 3P4KWRU1J8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

c) Tener amistad íntima o enemistad manifiesta con alguna de las personas mencionadas en el apartado anterior.

d) Haber intervenido como perito o como testigo en el procedimiento de que se trate.

e) Tener relación de servicio con persona natural o jurídica interesada directamente en el asunto, o haberle prestado en los dos últimos años servicios profesionales de cualquier tipo y en cualquier circunstancia o lugar».

Segundo. Que no se encuentra/n incurso/s en ninguna situación que pueda calificarse de conflicto de intereses de las indicadas en el artículo 61.3 del Reglamento Financiero de la UE y que no concurre en su/s persona/s ninguna causa de abstención del artículo 23.2 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público que pueda afectar al procedimiento de licitación/concesión.

Tercero. Que se compromete/n a poner en conocimiento del órgano de contratación/comisión de evaluación, sin dilación, cualquier situación de conflicto de intereses o causa de abstención que dé o pudiera dar lugar a dicho escenario.

Cuarto. Conozco que, una declaración de ausencia de conflicto de intereses que se demuestre que sea falsa, acarreará las consecuencias disciplinarias/administrativas/judiciales que establezca la normativa de aplicación.

(Fecha y firma, nombre completo y DNI)

A verificación da dita declaración realizarase no momento da aprobación das bases ou do expediente de contratación. A mesma declaración incluírase tamén no momento de aprobación da resolución de concesión ou de adxudicación do contrato.

Acción 2.2.3. Réxime especial do conflito de intereses para os funcionarios públicos nos supostos de actuacións financiadas do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

Os funcionarios públicos, e de ser o caso, o restantes empregados públicos que interveñan na redacción de bases reguladoras de subvencións ou da elaboración das prescricións técnicas e das cláusulas administrativas de contratos que vaian a ser financiados con fondos derivados do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, deixarán constancia nos respectivos expedientes dunha declaración asinada nos mesmos termos que

CVE: 3P4KWRU1J8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

no apartado anterior (acción 2.2.2). A verificación deste extremo realizárase no momento de aprobación das bases ou do expediente de contratación.

Do mesmo xeito, os funcionarios que interveñan nas comisións de baremación de subvencións ou nas mesas de contratación de expedientes financiados cos mesmos fondos deixarán constancia na acta de constitución da comisión ou da mesa dos extremos referidos na declaración anterior. A verificación deste extremo realizárase con carácter previo á resolución de concesión das axudas ou de adxudicación do contrato.

2.3. Medidas referidas ás canles de denuncias de irregularidades ou condutas de fraude

Acción 2.3.1. Difusión da canle de denuncias

A EPE Portos de Galicia difundirá a existencia dunha canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) (https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES) no que se garantirá que a presentación de denuncias, que precisará da identificación electrónica da persoa denunciante para evitar suplantacións ou denuncias automatizadas, será tratada pola administración autonómica garantindo o anonimato da persoa denunciante, de xeito que os órganos que deban investigar a denuncia non coñezan a identidade do denunciante.

Así mesmo, a canle poderá ser utilizada por empregados públicos para presentar medidas de mellora dos procedementos ou das accións antifraude. Tamén na canle poderanse denunciar incidencias que sexan realizadas por empresas ou por beneficiarios de subvencións.

A xestión da canle de denuncias corresponderá á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.

CVE: 3P4KWRU1J8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2.4 Formación e compromiso coa competencia profesional dos empregados públicos

A formación en materia de integridade debe de converterse nunha ferramenta de sensibilización, de coñecemento e de propagación dunha cultura administrativa baseada en comportamentos éticos.

O centro /entidade instrumental asume o compromiso de favorecer a participación do seu persoal nas medidas de formación previstas no Programa Marco de Integridade Institucional que se desenvolverán coa colaboración da EGAP e diversificando os destinatarios entre os contidos xerais para todos os empregados e contidos dirixidos especialmente a altos cargos, niveis directivos intermedios e persoal de áreas específicas de risco, en particular o que xestione expedientes financiados con fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

Acción 2.4.1. Formación especifica nos centros directivos/entidades instrumentais que xestionen fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

En función das necesidades e no momento que se estime oportuno, este EPE Portos de Galicia poderá solicitar da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa que elabore unha formación específica en materia de integridade, destinada ao persoal que xestione estes fondos.

CVE: 3P4KWRU1J8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

3. IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE

3.1. Medidas relativas ao diagnóstico e análise dos riscos xerais da organización.

3.1.1. Definición do risco e asunción dos riscos xerais da organización

Defínese o risco como a incidencia da incerteza sobre a consecución dos obxectivos dunha organización, e entenderase por administración de riscos o proceso sistemático que deben realizar as institucións para avaliar os riscos aos que están expostas no desenvolvemento das súas actividades, mediante a análise dos distintos factores que poden provocalos e coa finalidade de definir as estratexias que permitan controlalos, asegurando o logro dos obxectivos e metas dun xeito razoable.

O EPE Portos de Galicia asume como riscos propios os determinados no epígrafe "Catálogo de riscos xerais e medidas atenuantes que afectan ao conxunto da organización" que figura no plan xeral.

Tendo en conta as singularidades do EPE Portos de Galicia, non se diagnosticaron riscos nestas áreas diferentes aos riscos xerais incluídos no devandito catálogo, en particular nas áreas de contratación e subvencións.

3.2. Medidas para a aprobación dun plan de prevención de riscos e medidas antifraude por cada centro xestor

Acción 3.2.1. Metodoloxía para a avaliación do risco

O EPE Portos de Galicia elaborou este plan específico de conformidade con metodoloxía prevista na Guía da Comisión Europea sobre auto avaliación de risco de fraude.

CVE: 3P4KWRU1J8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Na **primeira fase** definíronse os obxectivos do EPE Portos de Galicia e a relación daqueles procesos ou actividades que son precisos para acadalos.

A) Actividades principais

A.1. Actividade regulatoria

A.2. Actividade de autorización

A.2. Actividade de prestación de servizos

B) Actividades de apoio

B.1. Xestión de persoal (recursos humanos)

B.2. Contratación administrativa

B.3. Xestión de subvencións

B.4. Encomendas de xestión

Na **segunda fase** identificáronse os riscos que poden afectar ao EPE Portos de Galicia. Enténdese por factores de risco as situacións ou circunstancias que incrementan a probabilidade de que se produzan incumprimentos (operativos, normativos, éticos, falta de fiabilidade da información) ou prácticas de fraude propiamente ditas no seo do EPE Portos de Galicia.

Factores de risco externos:

Risco 1 Debilidades no marco normativo necesario para fortalecer a integridade e a loita contra a fraude

Risco 2 Cambios reguladores importantes

Risco 3 Cambios nos altos cargos da organización

Factores de risco internos ou institucionais:

Risco 4 Ausencia de sistemas de alerta para o caso de que se produzan irregularidades

CVE: 3P4KWRU1J8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Risco 5 Actividades con grao significativo de discrecionalidade

Factores de risco individuais:

Risco 6 Relacións inadecuadas cos clientes e proveedores

Factores de risco procedementais:

Risco 7 Elevado grado de actividade na actualización permanente de manuais de procedementos

Teoricamente é posible pensar nun gran número de posibles riscos. Porén, a soa identificación de moitos "riscos" menores podería paralizar a dirección e impactar negativamente no seu compromiso coas accións propostas neste plan. Parece, polo tanto, máis adecuado centrarse nun número limitado de riscos, polo que se acoutou a análise aos riscos máis relevantes ou que pola súa natureza poderían ter maior impacto na organización, para evitar a dispersión de esforzos, xa que para a maioría destes riscos a súa probabilidade e o seu impacto son baixos.

Na **terceira fase** procedeuse á gradación do risco. Definiuse o risco bruto como o nivel de risco sen ter en conta o efecto dos controis ou medidas existentes ou previstos no futuro.

A cuantificación do risco baséase nunha combinación da estimación da «probabilidade» do risco (ata que punto é probable que aconteza) e o seu «impacto» (que consecuencias pode ter) dende os puntos de vista financeiro e non financeiro. Para asegurar a coherencia da avaliación na determinación da probabilidade do risco estableceuse un horizonte temporal de cinco anos.

O impacto do risco mediuse de acordo coa seguinte puntuación

Puntuación	Impacto na reputación	Impacto nos obxectivos
1	Impacto limitado	Traballo adicional que supón o atraso doutros procesos

CVE: 3P4KWRU1J8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2	Impacto medio	Retrasa a consecución dun obxectivo operativo
3	Impacto significativo (por exemplo un suposto de fraude grave ou afecta a múltiples beneficiarios)	Pon en perigo a consecución dun obxectivo operativo ou atrasa un estratéxico
4	Impacto grave que supón investigación oficial ou unha percepción negativa nos medios de comunicación	Pon en perigo a consecución dun obxectivo estratéxico

A probabilidade do risco mediuse de acordo coa seguinte puntuación

Puntuación	Probabilidade
1	Pode acontecer en moi poucos casos
2	Pode acontecer ocasionalmente en algún momento
3	É moi probable que aconteza
4	Acontecerá con frecuencia

A cuantificación do risco resultou da aplicación de ambas valoracións coa seguinte escala:

Valor da puntuación resultante	Nivel de risco
Puntuación entre 1 e 3	Risco aceptable (verde)
Puntuación entre 4 e 6	Risco importante (amarelo)
Puntuación entre 8 e 16	Risco grave (vermello)

As medidas atenuantes que corrixan ou minimicen o impacto ou a probabilidade son semellantes ás que figuran nas medidas xerais de atenuación de riscos de contratación e subvencións que figuran no plan xeral. Porén, en función da puntuación acadada na avaliación de risco, o EPE Portos de Galicia propón as medidas que en función dos riscos analizados minimicen o risco.

CVE: 3P4KWRU1J8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Riscos	Medida que minora o risco bruto
Risco 1	Detectada unha debilidade do marco normativo: elevación de proposta de regulación normativa correctora da debilidade ao órgano competente.
Risco 2	Adaptación e revisión dos procedementos á entrada en vigor dos cambios regulatorios
Risco 3	Entrega aos altos cargos das normas, manuais e plans de funcionamento da Entidade
Risco 4	Establecemento de canal de aviso de alerta de irregularidades á unidade administrativa responsable do seguimento do plan (antigas unidaes de transparencia)
Risco 5	Establecemento de instrucións de servizo, e ordenanzas ou pregos que establezan criterios orientativos para acotar os ámbitos de discrecionalidade
Risco 6	Información e Formación constante do persoal sobre integridade ética e conductas antifraude. Cursos e píldoras formativas, para incentivar a proactividade da organización.
Risco 7	Revisión constante e programada dos manuais.

Así, o centro xestor valora as medidas de -1 a -4 en función de que minimicen o impacto do risco ou de -1 a -4 en función de que minimicen a probabilidade de que aconteza o risco.

O resultante de ditas puntuacións definen o risco neto como aquel nivel de risco resultante de aplicar os valores negativos das medidas e da súa eficacia.

A puntuación da medidas que minoran o risco é a seguinte:

Nivel de implantación de controis existentes	Minoración no risco inicial
N1_Sen medidas: A medida non existe, ao menos ata onde existe coñecemento	0
N2_Medidas parciais: A medida existe, pero non está implantada ou é ineficaz	1
N3_Medidas parciais: A medida existe, pero non é completamente eficaz	2
N4_Con medidas: A medida existe, e considérase eficaz	3

En consecuencia, o risco neto deriva das seguintes operacións:

Riscos	Valor probab.	Valor gravid.	Gradación do risco (antes de medidas)	Medidas			Valoración de risco
				N1	N2	N3	
Risco 1	7	5	6,0	X			Risco importante

CVE: 3P4KWRU1J8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Risco 2	4	8	6,0			X	Risco aceptable
Risco 3	1	6	3,5			X	Risco aceptable
Risco 4	3	6	3	X			Risco importante
Risco 5	1	8	2			X	Risco aceptable
Risco 6	1	7	4			X	Risco importante
Risco 3	1	6	2			X	Risco aceptable

Acción 3.2.3. Listaxes de verificación na aprobación dos expedientes financiados con PRTR

O EPE Portos de Galicia incluirá en cada un dos expedientes de subvencións ou contratación que xestione, que sexan financiados con fondos PRTR, unha folla de verificación na que se incluirán as medidas antifraude que se inclúen no expediente que se tramita.

Esta verificación servirá de base para a declaración sinalada no punto 1.4.2.1. que realizarán os titulares das Secretarías Xerais Técnicas.

A lista incluirá as seguintes verificacións:

Área	Medidas que se incorporan no expediente	Verificación. Grao de cumprimento valora de 1 a 4
Contratación e subvencións	Disponse dun plan de prevención de riscos e medidas antifraude ?	4
Contratación e subvencións	Disponse dunha declaración ao máis alto nivel de loita contra a fraude ?	4
Contratación e subvencións	O plan de prevención é coñecido polo persoal que tramita o expediente ?	3
Contratación e subvencións	Existe un plan de avaliación de riscos que identifique probabilidade, impacto e medidas de minimización ?	4
Contratación e subvencións	O persoal que tramita o expediente coñece o Código Ético e a normativa sobre regalos ?	4

CVE: 3P4KWRU1J8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Contratación e subvencións	O persoal tramitador ten recibido formación sobre integridade ?	1
Subvencións	Existe declaración de ausencia de conflito de intereses do persoal que elabora as bases de subvención?	1
Subvencións	Existe declaración de ausencia conflitos de intereses do persoal que conforma a comisión de baremacion	1
Subvencións	Existe declaración de ausencia de conflito de interese do alto cargo que xestiona a convocatoria e resolución das subvencións?	4
Subvencións	Nas bases inclúense medidas para evitar o dobre financiamento?	4
Contratación	Existe declaración de ausencia de conflito de intereses do persoal que elabora os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas da contratación?	2
Contratación	Existe declaración de ausencia conflitos de intereses do persoal que conforma a mesa de contratación?	4
Contratación	Existe declaración de ausencia de conflito de interese do alto cargo responsable que aproba a contratación?	4
Contratación e subvencións	Existe unha canle para presentar denuncias ?	1
Contratación e subvencións	O EPE Portos de Galicia dispón dun mecanismo de bandeiras vermellas ?	4
Contratación e subvencións	Existe un órgano encargado de examinar as denuncias e propor medidas ?	4
Contratación e subvencións	Cando se detecta un fraude avalíase e propóñense medidas?	4

Acción 3.2.4. Mecanismos de detección a través de "bandeiras vermellas"

As bandeiras vermellas son sinais de alarma, pistas ou indicios de posible fraude que non implican necesariamente a existencia do mesmo. A verificación delas polo órgano xestor, polos órganos transversais, como os letrados no exercicio da súa función de verificación ou, no seu caso, polos equipos de auditoría, dará lugar á modificación do plan deste EPE Portos de Galicia e a implantación ou modificación das medidas establecidas nel.

Ámbitos	Indicios	Revisión	Órgano revisor
Pregos reitores do procedemento amañados a favor dun licitador	Presentación dunha única oferta ou número anormalmente baixo de proposicións optando á licitación	Trimestral	Órgano xestor
	Extraordinaria similitude entre os pregos reitores do procedemento e os produtos o servicios do contratista gañador	Trimestral	Órgano xestor

CVE: 3P4KWRU1J8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

	Queixas doutros licitadores	Trimestral	Órgano xestor
	Pregos con prescricións máis restritivas ou máis xerais que as aprobadas en procedementos previos similares	Trimestral	Órgano xestor
	Pregos con cláusulas non comúns ou pouco razoables	Trimestral	Órgano xestor
	O poder adxudicador define un produto dunha marca concreta en lugar dun produto xenérico	Trimestral	Órgano xestor
Licitacións colusorias	A oferta gañadora é demasiado alta en comparación coas listas de prezos públicas, con obras ou servicios similares o promedios da industria, ou con prezos de referencia do mercado	Trimestral	Órgano xestor
	Todos os licitadores ofertan prezos altos de forma continuada	Trimestral	Órgano xestor
	Os prezos das ofertas baixan bruscamente cando novos licitadores participan no procedemento	Anual	Auditoría
	Os adxudicatarios se reparten ou alternan por rexión, tipo de traballo, tipo de obra	Anual	Órgano xestor
	O adxudicatario subcontrata aos licitadores perdedores	Anual	Órgano xestor
	Existen patróns de ofertas pouco usuais (por exemplo, as ofertas teñen porcentaxes exactas de rebaixa, a oferta gañadora está xusto debaixo do limiar de prezos aceptables, ofértase exactamente ao valor do orzamento do contrato, os prezos das ofertas son demasiado altos, demasiado próximos, moi distintos, números redondos, incompletos, etc.);	Anual	Auditoría
Conflito de interese	Favoritismo inexplicable ou inusual dun contratista ou vendedor en particular	Anual	Órgano xestor
	Aceptación continua de altos prezos e traballo de baixa calidade etc.	Anual	Órgano xestor
	Un empregado encargado da contratación non presenta declaración de conflito de interese	Trimestral	Órgano xestor
	O empregado encargado de contratación declina o ascenso a unha posición na que deixa de ter participación nos procedementos de contratación	Anual	Órgano xestor
	Empregado encargado de contratación parece facer negocios propios pola súa conta	Anual	Órgano xestor
	Excesiva socialización entre un empregado encargado de contratación e un provedor	Anual	Órgano xestor
Manipulación de ofertas	Queixas dos licitadores e falta de control adecuado nos procedementos de licitación	Trimestral	Órgano xestor
	Licitador excluído por causas dubidosas ou exceso de declaración de procedementos desertos	Anual	Órgano xestor
Riscos de fraccionamento	Aprécianse dúas ou máis adquisicións con similar obxecto efectuadas a idéntico adxudicatario por debaixo dos límites admitidos para a utilización de procedementos de adxudicación directa ou dos limiares de publicidade ou que exixirían procedementos con maiores garantías de concorrencia	Anual	Auditoría
	Separación inxustificada das compras, por exemplo, contratos separados para man de obra e materiais, estando ambos por debaixo dos limiares de licitación aberta	Anual	Auditoría
	Compras secuenciais xusto por debaixo dos limiares de publicidade das licitacións	Anual	Auditoría
Risco de limitación da concorrencia en subvencións	Falta de difusión nos medios obrigatorios establecidos Requisitos dos beneficiarios/destinatarios ambiguos Ausencia de publicación de baremos	Anual	Órgano xestor
Risco de trato discriminatorio na selección de beneficiarios	Non se segue un criterio homoxéneo para a selección de beneficiarios	Anual	Órgano xestor
Risco de incorrer en imparcialidade derivada de situacións de conflitos de intereses nas axudas	Trato preferente a determinadas solicitudes Presións manifestas sobre outros membros do comité	Anual	Órgano xestor
Risco de aplicación dos fondos a finalidades diferentes a aquelas para os que foron concedidos (desviación de obxecto)	Fondos que non atenden á finalidade ou obxectivo das bases	Anual	Órgano xestor
Risco de dobre financiamento (incumprimento adicionalidade)	Recepción de importes fixos no lugar de porcentaxes do gasto Varios cofinanciadores que financian a mesma operación Non existe documentación soporte das aportacións realizadas por terceiros Financiación non finalista e sen criterios de reparto	Anual	Órgano xestor

CVE: 3P4KWRU1J8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Risco de falsidade documental	Incorrecta información presentada polos solicitantes de axudas Ocultación de información con obriga de remitir á Administración Manipulación na xustificación de gastos (Custos laborais rateados incorrectamente/ou duplicados en distintos proxectos)	Anual	Órgano xestor
Risco de perda da pista de auditoría	Incorrecta documentación das operacións subvencionadas Imprecisión na convocatoria da forma de documentar os gastos Imprecisión na definición de gastos elixibles Imprecisión no método do cálculo dos custos	Anual	Órgano xestor

CVE: 3P4KWRU1J8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

4. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

4.1. Seguimento, supervisión e avaliación

O EPE Portos de Galicia realizará un control periódico para verificar o cumprimento das regras do plan e os seus efectos prácticos. Dita labor pode ser efectuada pola persoa ou unidade do responsable da integridade e prevención de riscos.

O seguimento realizarase anualmente e basearase nas respostas, que poden ser efectuadas a través de formularios, do persoal e altos cargos das unidades que xestionan os ditos procesos e sobre o grao de aplicación das medidas e dos mecanismos de control.

Este seguimento pode ser realizado a través das listas de verificación dos expedientes tramitados no ano anterior ao seguimento.

No marco das súas funcións de asistencia, a Asesoría Xurídica informará aos organismos encargados de vixiar o funcionamento e observancia do plan de prevención dos incumprimentos que observe e asesoraraos cando así o soliciten.

Con independencia da periodicidade anual, sempre que se teña detectado un risco, como consecuencia de reclamacións ou cando se reciban os resultados das auditorías efectuadas polos órganos de control, procederase a un seguimento das medidas incluídas no plan.

Non caso de que se materialice un acto contrario á integridade, de fraude ou de corrupción o centro directivo analizará os feitos ocorridos e determinará as modificacións que deben realizarse na estruturas e nos procesos de control.

4.2. Actualización e revisión

Cando se detecten resultados de auditorías ou feitos derivados de reclamacións ou queixas das que se poidan derivar indicios de irregularidades

CVE: 3P4KWRU1J8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

ou melloras que se poidan implantar nos procedementos, procederase a unha actualización do plan.

Anualmente, con ocasión do seguimento do plan, procederase a valorar a necesidade de realizar unha actualización de procedementos, de avaliación de riscos ou de implantación de medidas.

4.3. Comunicación e difusión

O plan difundirase entre todo o persoal, especialmente entre o que integre as unidades que tramiten os expedientes de subvencións ou contratación.
Tamén será obxecto de comunicación cando se produzan novas incorporacións de persoal nas unidades.

Asinado por: FERNANDEZ AÑON, ROI
Cargo: Director
Data e hora: 28/12/2021 09:00:18

CVE: 3P4KWRU1J8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

DECLARACIÓN DE COMPROMISO CONTRA A FRAUDE

Portos de Galicia, de acordo coa declaración institucional de Integridade e Compromiso Ético da Xunta de Galicia, asume un compromiso de tolerancia cero contra a fraude que vai máis ala do cumprimento das normas xurídicas porque se refire ás normas e principios éticos e morais e aos valores de integridade, honestidade e obxectividade. Este compromiso inclúe o establecemento dos mecanismos preventivos que consoliden unha cultura de prevención fronte aos posibles incumprimentos, impulsando o desenvolvemento de procedementos que a fagan efectiva, e prestando especial atención a aqueles feitos que poidan supoñer actos contrarios á integridade.

Susana Lenguas Gil
Presidenta de Portos de Galicia

Asinado por: LENGUAS GIL, SUSANA
Cargo: Presidenta
Data e hora: 21/12/2021 16:44:26

CVE: bIEz6pqT82
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

PLAN ESPECÍFICO DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DO INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA (INTECMAR)

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o **23/12/2021 14:07**
Asinado por: **SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA**
Director/a do INTECMAR
CVE: **6adc584c-046b-4458-8295-4edd2577b842c**

ÍNDICE

1. CARACTERIZACIÓN DE INTECMAR. DIAGNOSE DE SITUACIÓN 4
1.1. Misión, visión e Valores 4
1.2. Organización e funcionamento de Intecmar 7
1.2.1. Organización 7
1.2.2. Recursos humanos 9
1.2.3. Recursos orzamentarios 10
1.2.4. Marco normativo 11
1.2.5. Procesos e procedementos que aplica a Intecmar. 12
1.3. As medidas do "ciclo da fraude" 13
1.3.1. Medidas de prevención: 13
1.3.2. Medidas de detección: 15
1.3.3. Medidas de corrección: 16
1.3.4. Medidas de persecución: 16
1.4. Funcións e responsabilidades na xestión dos riscos 17
1.4.1. A entidade instrumental Intecmar 19
2. COMPROMISO DE INTEGRIDADE E MARCO ÉTICO DA INTEGRIDADE INSTITUCIONAL 21
2.1. Medidas relativas ao compromiso institucional coa integridade, coa ética publica e coas medidas antifraude. 21
Acción 2.1.1. A manifestación expresa dos responsables públicos 21
Acción 2.1.2. As referencias á integridade na planificación estratéxica ... 21
Acción 2.1.3. A difusión e a formación en materia de integridade institucional 22
2.2. Medidas relativas ao sistema de prevención de conflitos de interese. 22
Acción 2.2.1. Réxime xeral do conflito de intereses 22
Acción 2.2.2. Réxime especial do conflito de intereses para os altos cargos nos supostos de actuacións financiadas do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia. 22
Acción 2.2.3. Réxime especial do conflito de intereses para os funcionarios públicos nos supostos de actuacións financiadas do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia. 24
2.3. Medidas referidas ás canles de denuncias de irregularidades ou condutas de fraude 25

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o 23/12/2021 14:07
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Director/a do INTECMAR
CVE: 6adc584c-046b-4458-8295-4edd257b842c

Acción 2.3.1. Difusión da canle de denuncias 25
2.4 Formación e compromiso coa competencia profesional dos empregados públicos 25
Acción 2.4.1. Formación especifica nos centros directivos/entidades instrumentais que xestionen fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia. 26
3. IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE 27
3.1. Medidas relativas ao diagnóstico e análise dos riscos xerais da organización. 27
3.1.1. Definición do risco e asunción dos riscos xerais da organización 27
3.2. Medidas para a aprobación dun plan de prevención de riscos e medidas antifraude por cada centro xestor 28
Acción 3.2.1. Metodoloxía para a avaliación do risco 28
Acción 3.2.2. Listaxes de verificación na aprobación dos expedientes financiados con PRTR 30
Acción 3.2.3. Mecanismos de detección a través de "bandeiras vermellas" 32
4. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN 34
4.1. Seguimento, supervisión e avaliación 34
4.2. Actualización e revisión 34
4.3. Comunicación e difusión 35

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o 23/12/2021 14:07
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Director/a do INTECMAR
CVE: 6adc584c-046b-4458-8295-4edd2577b842c

1. CARACTERIZACIÓN DE INTECMAR. DIAGNOSE DE SITUACIÓN

1.1. Misión, visión e Valores

O presente documento define os mecanismos que o *Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (en diante, Intecmar)* Intecmar ten previsto implantar como o seu Plan específico de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude (en diante, o plan).

Intecmar asume como propias as directrices e manifestacións realizadas no Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude aprobado por Acordo do Consello da Xunta de data 10 de decembro de 2021 (en diante, plan xeral).

A mellora continua na calidade dos servizos prestados, a atención ás necesidades de toda a cidadanía, e a transparencia e a integridade da actividade pública actúan como principios vertebradores que presiden a actividade de Intecmar, e como tales son asumidos como compromiso de actuación dos seus órganos de dirección e dos empregados públicos que traballan no mesmo.

A misión de Intecmar é aplicar as disposicións legais en materia de control técnico-sanitario dos produtos do mar e asesorar a Administración da Comunidade autónoma de Galicia sobre pesca, marisqueo e acuicultura, no ámbito das zonas de produción en augas competencia desta Comunidade Autónoma, así como nos episodios de contaminación mariña accidental que se produzan ou afecten ao litoral.

A dirección de Intecmar asume o compromiso de actuar de conformidade cos principios de integridade, honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico e á cidadanía establecidos na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o 23/12/2021 14:07
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Director/a do INTECMAR
CVE: 6adc584c-046b-4458-8295-4edd2577b842c

O criterios de integridade e ética publica no desempeño das actividades e no desenvolvemento da acción pública da administración autonómica son os principios asumidos expresamente polo goberno galego coa aprobación do Programa Marco de Integridade Institucional e prevención de riscos de xestión do 26 de maio de 2021, que a través de 24 medidas establece os elementos do marco de infraestrutura ética ao que se somete a acción do goberno, a dos seus responsables máximos e a do conxunto dos empregados públicos.

O Intecmar ten como competencias e funcións as seguintes:

A Lei 3/2004, de 7 de xuño, de creación do Intecmar, designa este como "o instrumento oficial da Comunidade Autónoma de Galicia, para o exercicio das funcións de control da calidade do medio mariño, de aplicación das disposicións legais en materia de control técnico-sanitario dos produtos do mar e de asesoría técnico-científica sobre pesca, marisqueo e acuicultura no ámbito das zonas de produción en augas competencia da Comunidade Autónoma", contribuíndo á súa protección e mellora e á aplicación das disposicións legais en materia de control técnico-sanitario dos produtos do mar.

O Intecmar ten como obxectivo xeral desenvolver un estrito e intensivo sistema de control sobre as características do medio mariño para darlle cumprimento formal á lexislación vixente en canto á produción de moluscos e outros organismos mariños, contribuír a desenvolver novas estratexias de explotación e comercialización baseada en ofertar produtos de óptima calidade con absoluta garantía sanitaria, desenvolver estudos de carácter científico-técnico destinados a facilitar os coñecementos necesarios para a correcta xestión dos recursos mariños e protexer e mellorar a calidade das augas.

Dentro da competencia da Administración autonómica, e sen prexuízo das competencias atribuídas a outros organismos, correspóndenlle ao Intecmar, entre outras, as seguintes potestades administrativas:

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o 23/12/2021 14:07
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Director/a do INTECMAR
CVE: 6adc584c-046b-4458-8295-4edd2570842c

a) Aplicación da normativa sobre calidade das augas e da produción de moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura. En concreto, o control das condicións oceanográficas, bioxeoquímica mariña e poboacións fitoplanctónicas, das biotoxinas mariñas, da contaminación química e da contaminación microbiolóxica, tanto no referente aos organismos coma ás zonas de produción.

b) A investigación para o coñecemento e control das patoloxías dos organismos mariños sometidos á explotación comercial mediante a pesca, o marisqueo e a acuicultura.

c) Decretar a apertura e o pechamento do exercicio da actividade pesqueira, de marisqueo e acuicultura en función do resultado dos controis que se realicen sobre a calidade das augas e os produtos, en aplicación da normativa vixente.

d) Aquelas funcións que regulamentariamente se lle atribúan na loita contra a contaminación mariña.

e) O cumprimento dos programas de control do medio mariño que, no ámbito das funcións que establece esta lei, determine a Xunta de Galicia en función da lexislación vixente na materia e das súas propias necesidades para a xestión do medio mariño.

f) Aquelas funcións que, no ámbito de competencias da Comunidade Autónoma, poidan serlle atribuídas pola Xunta de Galicia en materia de control das características do medio mariño e dos seus recursos sometidos á explotación comercial.

Corresponderalle ao instituto, ademais das potestades administrativas establecidas nos parágrafos anteriores, entre outras, as actividades de asesoría técnico-científica para o coñecemento das características da pesca, o marisqueo e a acuicultura, a elaboración de informes relativos ás funcións dos puntos a) ao c) e propoñerlle á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos as modificacións lexislativas necesarias para adaptar a lexislación

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o 23/12/2021 14:07
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Director/a do INTECMAR
CVE: 6adc584c-046b-4458-8295-4edd2576842c

autonómica ás novas normativas que diten, así como os cambios necesarios para darlles cobertura legal ás novas exixencias que o sistema de control estableza como necesarias.

1.2. Organización e funcionamento de Intecmar

1.2.1. Organización

A Lei 3/2004, de 7 de xuño, de creación do Intecmar, establece no seu Título II a estrutura orgánica, sendo os órganos reitores do Intecmar a persoa que ostenta a Presidencia do Consello de Administración; o Consello de Administración e a persoa que ostenta a dirección do Instituto.

Ademais para o exercicio das funcións que ten atribuídas, organízase en diferentes Unidades técnicas e/ou de xestión. A estrutura interna do Intecmar está conformada pola Dirección; a Subdirección; a Xerencia, onde se inclúe a Unidade Económico-Orzamentaria; e 13 unidades, das que 10 son analíticas e 3 teñen carácter transversal.

UNIDADES ANALÍTICAS

- Unidade de Oceanografía e Fitoplancto: fai o seguimento e control das condicións oceanográficas e do fitoplancto das zonas de produción da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Unidade de Bioxeoquímica: encargase do seguimento e control dos nutrientes inorgánicos, materia orgánica disolta e hidrocarburos aromáticos disoltos nas zonas de produción da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Unidade de Biotoxinas: exerce a vixilancia e control das biotoxinas nos moluscos bivalvos e outros organismos mariños, nas zonas de produción da Comunidade Autónoma de Galicia, e a determinación

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o 23/12/2021 14:07
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Director/a do INTECMAR
CVE: 6adc584c-046b-4458-8295-4edd2577b842c

analítica das mostras correspondentes ás inspeccións efectuadas polas Consellería de Sanidade e a Consellería do Mar, así como das mostras enviadas por outras comunidades autónomas coas que existen acordos asinados.

- Unidade de Metais Pesados: fai o seguimento e control de metais pesados en moluscos e outros organismos mariños das zonas de produción da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Unidade de Organoclorados: encargase da determinación de compostos policlorobifenilos (PCB´s), pesticidas, dioxinas e furanos en moluscos e outros organismos mariños en augas galegas.
- Unidade de Hidrocarburos: fai o seguimento e control da presenza de hidrocarburos en moluscos e outros organismos mariños, en augas de competencia autonómica.
- Unidade de Documentación e Apoio Científico: recompila toda clase de información técnica, científica e operacional, elaborando e mantendo bases de datos ó respecto, e participa no desenvolvemento de proxectos relacionados coa loita contra a contaminación mariña.
- Unidade de Modelado Oceanográfico: utiliza os coñecementos en modelización numérica, en oceanografía e meteoroloxía, co obxectivo de proporcionar respostas a situacións de emerxencia no mar, tales como vertidos e seguimento de obxectos á deriva, e para diagnosticar e predicir a dinámica do sistema mariño e as súas consecuencias na calidade das augas.
- Unidade de Microbioloxía e Viroloxía: fai o control microbiolóxico dos moluscos e outros organismos mariños que se producen en augas de Galicia.
- Unidade de Patoloxía: fai o control patolóxico dende o punto de vista da sanidade animal, dos moluscos e outros organismos mariños nas zonas de produción da Comunidade Autónoma de Galicia.

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o 23/12/2021 14:07
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Director/a do INTECMAR
CVE: 6adc584c-046b-4458-8295-4edd2577b842c

UNIDADES TRANSVERSAIS

- Unidade de Xestión da Calidade: responsabilizase de garantir a implementación e aplicación do Sistema de Xestión de acordo coas especificacións da norma UNE-EN ISO/IEC 17025 e a política de calidade do INTECMAR.
- Unidade de Mostraxe e Ecofisioloxía: encárgase do desenvolvemento e xestión das mostras, así como da avaliación ecofisiolóxica das zonas de produción, para optimizar o programa de control sobre o medio mariño de Galicia.
- Unidade de Integración de equipos analíticos e apoio aos laboratorios: encargase do procesado dos datos obtidos polas distintas unidades analíticas e da súa inclusión sistematizada na WEB do Instituto, así como da planificación, xestión e mantemento operativo de tódolos sistemas informáticos empregados.

1.2.2. Recursos humanos

A Lei 3/2004, de 7 de xuño, de creación do Intecmar, establece no seu Título IV o réxime de persoal do Intecmar.

O Intecmar estará integrado polo persoal contratado en réxime de dereito laboral, sen prexuízo do establecido nas disposicións transitorias.

O réxime de acceso aos postos de traballo do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia será determinado polo devandito ente, de conformidade coa normativa vixente, así como os requisitos e as características das probas que deben realizarse para poder acceder a eles, sempre de acordo coas súas necesidades de persoal, coas vacantes existentes e coas súas dispoñibilidades orzamentarias.

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o 23/12/2021 14:07
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Director/a do INTECMAR
CVE: 6adc584c-046b-4458-8295-4edd257b842c

A selección do persoal farase, en todo caso, de acordo con sistemas baseados nos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

Actualmente o Intecmar conta con dous tipos de persoal:

- persoal laboral propio, un total de 55 postos do cadro de persoal, e
- persoal funcionario de carreira ou laboral, da Consellería do Mar, que presta servizos no Intecmar, un total de 30 postos. Estes últimos postos están recollidos na Resolución do 3 de agosto de 2018 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 2 de agosto de 2018 polo que se aproba a relación de postos de traballo da Consellería do Mar.

O persoal laboral propio do Intecmar réxese polo V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, ao abeiro do disposto na disposición transitoria quinta da Lei de creación.

1.2.3. Recursos orzamentarios

Os ingresos do Intecmar proceden nun 97 % das transferencias correntes e de capital que a Xunta de Galicia destina ao Intecmar a través da Consellería do Mar.

Outros ingresos de menor importe, proceden da liquidación de taxas públicas por servizos prestados polo Intecmar a outras administracións públicas e dos convenios establecidos con outras institucións.


Facendo unha análise por capítulos do orzamento de ingresos para o ano 2022 destacamos:

- capítulo III, Taxas, prezos e outros ingresos, ascende a 41.196.

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o 23/12/2021 14:07
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Director/a do INTECMAR
CVE: 6adc584c-046b-4458-8295-4edd257b842c

- capítulo IV, Transferencias correntes ascende a 2.905.080 €, dos que 2.899.555 € proceden de fondos propios da Comunidade Autónoma de Galicia.
- capítulo VII, Transferencias de capital, ascende a 884.378 €, dos que 851.651 € proceden de fondos propios Comunidade Autónoma de Galicia, e o resto proceden de fondos europeos do proxecto de investigación que continúa.

A continuación se presenta a evolución dos orzamentos nos últimos anos.



1.2.4. Marco normativo

Intecmar asume como obriga o cumprimento das normas en materia de integridade que figuran no plan xeral. Adicionalmente, son aplicables a esta entidade as seguintes normas:

- REGULAMENTO DE EXECUCIÓN (UE) 2019/627 DA COMISIÓN de 15 de marzo de 2019 polo que se establecen disposicións prácticas uniformes

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o 23/12/2021 14:07
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Director/a do INTECMAR
CVE: 6adc584c-046b-4458-8295-4edd2577b842c

para a realización de controis oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano, de conformidade co Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello, e polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 2074/2005 da Comisión no que respecta aos controis oficiais.

- LEI 3/2004, do 7 de xuño, de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia.
- DECRETO 41/2005, do 17 de febreiro, de regulamento do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia.

1.2.5. Procesos e procedementos que aplica a Intecmar.

O INTECMAR é un laboratorio de ensaio acreditado pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) con acreditación Nº 160/LE394 dende 2005, ao ratificarse a acreditación da que xa gozaba o seu antecedente o Centro de Control da Calidade do Medio Mariño (CCMM) dende 1999.

O Sistema de Xestión do INTECMAR, determinado polo conxunto da estrutura organizativa, autoridade, responsabilidades, procedementos, métodos de ensaio e recursos do laboratorio, está documentado en catro niveis:

- Manual de Calidade: Documento de máis alto nivel de calquera sistema de xestión, onde se responde ós requisitos da norma UNE-EN-ISO/IEC 17025.
- Procedementos Xerais: Documentos que complementan ó Manual de Calidade, desenvolvendo os requisitos do sistema de xestión para procesos concretos, describindo con detalle a sistemática para levar a cabo unha actividade, por exemplo a xestión das compras.

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o 23/12/2021 14:07
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Director/a do INTECMAR
CVE: 6adc584c-046b-4458-8295-4edd2577b842c

- Procedementos Específicos: Documentos formalmente escritos nos que se describe un método de ensaio ou unha instrución de uso dun equipo instrumental.
- Rexistros Técnicos e Rexistros de Calidade: Recompilación de datos que permite que o sistema de xestión poida ser demostrable e obxecto de auditoría.

A Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) acredita ó Intecmar para a realización das análises físico-químicas, microbiolóxicas, patolóxicas e toxicolóxicas en moluscos bivalvos e outros produtos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura segundo se recolle no seguinte anexo técnico.

1.3. As medidas do "ciclo da fraude"

O Intecmar non xestiona subvencións.

O persoal que presta os seus servizos no Intecmar réxese pola lexislación de aplicación, xa sexa persoal propio do Intecmar ou persoal da Xunta de Galicia. A cobertura temporal de postos de traballo realízase atendendo ao disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de autonómico de Galicia, en materia de persoal e contratación e demais normativa que resulta de aplicación; no artigo 7.5.b) do V Convenio colectivo para o persoal laboral da Xunta de Galicia e ao sistema de listaxes previas, elaborado ao abeiro do Decreto 37/2006, do 2 de marzo.

1.3.1. Medidas de prevención:

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o 23/12/2021 14:07
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Director/a do INTECMAR
CVE: 6adc584c-046b-4458-8295-4edd2577b842c

O réxime orzamentario, contable e financeiro axústase ao disposto na Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia e á demais normativa aplicable e, polo establecido na Lei de Contratos do Sector Público.

O Intecmar utiliza nas tarefas de tramitación e xestión dos orzamentos as aplicacións que a Consellería de Facenda ten operativas, en aplicación da normativa vixente en materia de réxime financeiro e orzamentario, pagos e contratación pública da Xunta de Galicia.

O Intecmar dispón dun programa informático denominado "Control de Provedores" onde figuran todos os provedores aceptados. A listaxe de Provedores Aceptados avalíase anualmente.

O Intecmar ten implantado un Procedemento de Xestión de Compras (PG-04-01) de aplicación a todas as compras de subministracións, servizos e materiais consumibles utilizados.

Unha vez detectada a necesidade de compra, se o importe é inferior a 500 € os Xefes de Unidade elaborarán o Documento de Compra que acompañado de presuposto, será remitido ao Xerente que o revisará e enviará unha copia á Unidade de Xestión Administrativa e Recursos Humanos, devolvendo o orixinal as Xefe de Unidade para que tramite a compra.

Se o orzamento da compra é igual ou superior a 500 € os xefes de Unidade elaborarán una Autorización de Gasto, indicando entre outros puntos, o provedor elixido, e achegando as tres ofertas de provedores ou polo menos unha oferta e dúas solicitudes. Este documento deberá ser asinado polo Xefe de Unidade solicitante, revisado polo Xerente e aprobado polo Subdirector (entre 500 e 3.000 €) e/ou Director (compras superiores a 3.000 €) por razón de contía. Este mesmo procedemento tamén se aplica aos contratos de servizos.

A Unidade de Xestión Administrativa e Recursos Humanos ten a responsabilidade de cotexar os albarás coas facturas, envialas ao Director

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o 23/12/2021 14:07
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Director/a do INTECMAR
CVE: 6adc584c-046b-4458-8295-4edd257b842c

para a súa aprobación, contabilizalas, emitir a súa orde de pagamento e finalmente arquivalas xunto cos albarás.

É necesaria a sinatura de dúas persoas acreditadas para emitir ás ordes de pagamento.

Previamente a xestión das compras e ao inicio do exercicio económico, Dirección e Xerencia confeccionan o proxecto de orzamento anual en colaboración cos responsables das distintas Unidades. O proxecto de orzamento é elevado para aprobación ao Consello de Administración como paso previo á súa tramitación pola consellería competente da Xunta de Galicia.

Para a autorización de cada compra/gasto que se impute ao mencionado orzamento, deberán terse en conta os límites por contía, e a existencia de crédito axeitado e suficiente e deberá ser revisado previamente pola xerencia.

Anualmente o Intecmar contrata os servizos dunha empresa externa para realizar, ao final de cada exercicio, unha auditoría independente de contas. Os informes destas auditorías fanse públicos na páxina web do Intecmar (http://www.intecmar.gal/transparencia/Contas/Default.aspx).

1.3.2. Medidas de detección:

- Envío semestral á Dirección Xeral de Función Pública da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, para a súa posterior remisión ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, das táboas estatísticas relativas ao persoal do Intecmar.
- Remisión mensual do total de persoas do Intecmar e as súas retribucións á Subdirección xeral de Contabilidade da Intervención xeral da Comunidade Autónoma de Galicia -en diante, IXCA- en cumprimento do disposto na Orde Ministerial 2105/2012, que desenvolve as obrigas de

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o 23/12/2021 14:07
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Director/a do INTECMAR
CVE: 6adc584c-046b-4458-8295-4edd257b842c

subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

- Remisión mensual á Subdirección Xeral de custos de persoal da Consellería de Facenda e Administración Pública da relación de contratacións de persoal laboral iniciadas e finalizadas en cada mes.
- Remisión á IXCA das contas anuais, memoria e informe de auditoría de cada exercicio.
- Remisión ao Consello Galego de Relacións Laborais dos datos relativos ao cadro de persoal.
- Previo requirimento do Instituto Nacional de Estadística (INE) remítense regularmente enquisas de custo laboral e estrutura salarial
- Auditorías regulares da IXCA sobre contratación administrativa así como das operacións financeiras referidas a activos financeiros, concesión de avales, u outra clase de garantías financeiras.
- Controis anuais do Consello de Contas para a fiscalización da transparencia, dos criterios de adxudicación e da motivación das contratacións administrativas realizadas. Atención a requirimentos da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio sobre a situación do arrendamento de inmobles.

1.3.3. Medidas de corrección:

Realizaranse as modificacións no plan cando se detecten incidencias ou resultados de auditoría.

1.3.4. Medidas de persecución:

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o 23/12/2021 14:07
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Director/a do INTECMAR
CVE: 6adc584c-046b-4458-8295-4edd2577b842c

1.4. Funcións e responsabilidades na xestión dos riscos

A Política de Calidade establecida no INTECMAR é a seguinte:

- O Consello de Administración, como órgano superior colexiado de goberno do INTECMAR e, na súa representación, a Presidencia comprométese coa salvagarda da imparcialidade das actividades de laboratorio, a calidade dos ensaios realizados e a boa práctica profesional do seu persoal.
- O Consello de Administración comprométese a seguir as directrices da norma UNE-EN ISO/IEC 17025, ofrecendo unha plena garantía na calidade dos ensaios, así como a cumprir coas normas, regulamentos, especificacións do cliente e das organizacións que outorgan recoñecemento (por exemplo ENAC), que en cada caso nos afecten.
- A Dirección do INTECMAR é responsable da imparcialidade das súas actividades de laboratorio, non permitindo presións comerciais, financeiras ou outras que comprometan a súa imparcialidade.
- Todo o persoal do laboratorio, xa sexa interno ou externo, que pode influír nas actividades de laboratorio actúa imparcialmente, é competente e traballa de acordo co sistema de xestión do INTECMAR.
- Garántese que os servizos ofrecidos son realizados por persoal cualificado, dentro da política do INTECMAR de formación continua do persoal técnico.
- A Dirección do INTECMAR declara que os ensaios se realizan de acordo con normas autonómicas, nacionais e internacionais ou, na súa falta, por métodos suficientemente contrastados e seguindo todos os controis de aseguranza da calidade necesarios.

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o 23/12/2021 14:07
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Director/a do INTECMAR
CVE: 6adc584c-046b-4458-8295-4edd2577b842c

- A Dirección proporcionará evidencias do compromiso co desenvolvemento e a implementación do sistema de xestión e coa mellora continua da súa eficacia.
- Implícase a todo o persoal no seguimento e mellora do sistema de xestión implantado no INTECMAR; para iso, é indispensable que todos se familiaricen co contido do Manual de Calidade e cumpran coa política e responsabilidades nel establecidas.
- Establécese unha mellora continua en canto á xestión do INTECMAR e aos métodos de ensaio utilizados en cada Unidade.
- A Dirección asegurará a integridade do sistema, cando se planifiquen e implementen cambios no sistema de xestión.
- O INTECMAR é responsable da xestión de toda a información obtida ou creada durante a realización de actividades do laboratorio, debendo manter o persoal interno ou externo que actúen en nome do INTECMAR a súa confidencialidade, excepto acordo co cliente ou requirimento legal.
- A finalidade fundamental do sistema de xestión implementado no INTECMAR é, en xeral, a mellora da xestión e, en particular, da competencia técnica do laboratorio.

A Xunta de Galicia comprométese a proporcionar os recursos necesarios para a consecución dos obxectivos do sistema de xestión marcados, sendo responsabilidade da Presidencia do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia a aprobación da política de calidade do INTECMAR, e quedando encomendada a responsabilidade de garantir que o sistema de xestión se implanta, aplica e é eficaz ao xefe de Unidade de Xestión de Calidade.

O Intecmar ten implantado un Procedemento de Xestión de Riscos e Oportunidades (PG-13-01) para asegurar que o sistema de xestión logre os resultados previstos, mellorar as oportunidades de lograr o propósito e

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o 23/12/2021 14:07
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Director/a do INTECMAR
CVE: 6adc584c-046b-4458-8295-4edd2576842c

obxectivos do laboratorio, previr ou reducir os impactos indesexables e os incumprimentos potenciais nas actividades do laboratorio e lograr a mellora.

Todo o persoal da Intecmar participará na identificación e valoración dos riscos e oportunidades. O Xefe da Unidade de Xestión de Calidade será o responsable de elaborar e manter actualizados os rexistros da Matriz de Riscos.

1.4.1. A entidade instrumental Intecmar

O Intecmar asume o compromiso de aplicar a medidas deste plan coa máxima dilixencia e implantar, nos seus procesos propios, as medidas e niveis de control que permitan unha eficaz execución dos fondos dos que son responsables nun contexto de integridade e prevención da loita contra a fraude nos termos establecidos na normativa europea.

O compromiso de Intecmar coa política de integridade e prevención de riscos establecida no presente plan formalizarase asinando a proposta de aprobación deste plan específico polo órgano de dirección do mesmo.

Este plan integrarase xunto cos dos restantes centros directivos e entidades adscritas no plan da Consellería. A incorporación de máis centros directivos e entidades instrumentais, ou a actualización dos plans xa integrados suporá a modificación, por addenda, do plan de prevención de riscos da Consellería.

Una vez aprobado o plan da Consellería, que agrupará os dos diferentes centros directivos e das entidades instrumentais será remitido á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa para ser publicados no portal de transparencia.

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o 23/12/2021 14:07
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Director/a do INTECMAR
CVE: 6adc584c-046b-4458-8295-4edd257b842c

1.4.1.1 Declaración de cumprimento dos órganos responsables.

Como órgano responsable da execución de fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia emítese a Declaración de xestión prevista na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (en diante, Orde HFP 1030/2021) coa periodicidade que se determine, que se adxunta a este plan co seguinte contido:

1.4.1.2. Persoas ou unidades responsables de integridade e prevención de riscos nas consellerías ou centros directivos/entidades instrumentais.

Intecmar designará unha persoa ou unidade que actúe como órgano responsable de integridade e prevención de riscos que velará polo cumprimento das medidas incluídas neste plan, actuará como interlocutor cos órganos/unidades transversais encargados do seu cumprimento e informará directamente aos órganos superiores de eventuais incidencias que poidan acontecer en relación coa aplicación do plan.

Sempre que sexa posible, a persoa ou unidade será a mesma que actualmente desempeñe a función de responsable de coordinación da calidade e da transparencia (antigos responsables de transparencia) designada por acordo do Consello da Xunta do 17 de xuño de 2021.

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o 23/12/2021 14:07
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Director/a do INTECMAR
CVE: 6adc584c-046b-4458-8295-4edd2577b842c

2. COMPROMISO DE INTEGRIDADE E MARCO ÉTICO DA INTEGRIDADE INSTITUCIONAL

As medidas e accións incluídas neste plan son de aplicación a todo Intecmar e constitúense en alicerces da política antifraude e nos elementos que sustentan a integridade da acción pública.

2.1. Medidas relativas ao compromiso institucional coa integridade, coa ética publica e coas medidas antifraude.

Acción 2.1.1. A manifestación expresa dos responsables públicos

Os altos cargos de Intecmar asumen como guía da súa conduta o compromiso principal distintivo de que a súa actuación non só require o cumprimento estrito da legalidade senón que precisa, ademais, dunha demostración diaria de ética, exemplaridade e honorabilidade no desempeño da responsabilidade que supón xestionar os recursos que son patrimonio de todos as galegas e os galegos, e o deber de salvagardar a imaxe e reputación das institucións autonómicas.

Con independencia do anterior, todos os altos cargos que participan no proceso de elaboración, proposta ou aprobación deste plan realizarán unha manifestación de compromiso co Código Ético e de comportamento íntegro e de loita contra a fraude en termos semellantes ás realizadas na declaración institucional do plan xeral.

Acción 2.1.2. As referencias á integridade na planificación estratéxica

Cando Intecmar aprobe ou propoña a aprobación dun instrumento de planificación incluirá unha manifestación expresa de que súa xestión se realizará de conformidade cos mecanismos de integridade que sexan de

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o 23/12/2021 14:07
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Director/a do INTECMAR
CVE: 6adc584c-046b-4458-8295-4edd2577b842c

aplicación en cada suposto, e de ser o caso, unha análise dos riscos de xestión que poida implicar a adopción do instrumento de planificación, ben mediante unha mención especifica ou ben co recurso a elementos ou riscos e medidas descritos no plan xeral de prevención.

Acción 2.1.3. A difusión e a formación en materia de integridade institucional

O presente plan será difundido entre o persoal de Intecmar, adicionalmente divulgárase a través do portal de transparencia da Xunta de Galicia.

Periodicamente, os altos cargos recibirán formación en materia de liderado ético e nas políticas de integridade institucional.

2.2. Medidas relativas ao sistema de prevención de conflitos de interese.

Acción 2.2.1. Réxime xeral do conflito de intereses

Os altos cargos de Intecmar sométense ás prescricións do artigo 43 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno en todo o relativo ao réxime aplicable aos conflitos de intereses.

Así mesmo, ateranse na súa actuación aos principios recollidos no apartado IV do Código ético Institucional, ou instrumento xurídico que o substitúa ou desenvolva, e ás previsións existentes no mesmo Código respecto dos regalos, as dádivas, as mostras de cortesía e as atencións protocolarias.

Acción 2.2.2. Réxime especial do conflito de intereses para os altos cargos nos supostos de actuacións financiadas do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o 23/12/2021 14:07
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Director/a do INTECMAR
CVE: 6adc584c-046b-4458-8295-4edd2575b842c

De conformidade coa Orde HFP/1030/2021, os altos cargos intervenientes na preparación, tramitación ou aprobación dun procedemento de contratación deixarán constancia por escrito no expediente da seguinte declaración:

<<Al objeto de garantizar la imparcialidad en el procedimiento de contratación arriba referenciado, el/los abajo firmante/s, como participante/s en el proceso de preparación y tramitación del expediente, declara/declaran:

Primero. Estar informado/s de lo siguiente:

1. Que el artículo 61.3 «Conflicto de intereses», del Reglamento (UE, Euratom) 2018/1046 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 18 de julio (Reglamento financiero de la UE) establece que «existirá conflicto de intereses cuando el ejercicio imparcial y objetivo de las funciones se vea comprometido por razones familiares, afectivas, de afinidad política o nacional, de interés económico o por cualquier motivo directo o indirecto de interés personal.»

2. Que el artículo 64 «Lucha contra la corrupción y prevención de los conflictos de intereses» de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, tiene el fin de evitar cualquier distorsión de la competencia y garantizar la transparencia en el procedimiento y asegurar la igualdad de trato a todos los candidatos y licitadores.

3. Que el artículo 23 «Abstención», de la Ley 40/2015, de 1 octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, establece que deberán abstenerse de intervenir en el procedimiento «las autoridades y el personal al servicio de las Administraciones en quienes se den algunas de las circunstancias señaladas en el apartado siguiente», siendo éstas:

a) Tener interés personal en el asunto de que se trate o en otro en cuya resolución pudiera influir la de aquél; ser administrador de sociedad o entidad interesada, o tener cuestión litigiosa pendiente con algún interesado.

b) Tener un vínculo matrimonial o situación de hecho asimilable y el parentesco de consanguinidad dentro del cuarto grado o de afinidad dentro del segundo, con cualquiera de los interesados, con los administradores de entidades o sociedades interesadas y también con los asesores, representantes legales o mandatarios que intervengan en el procedimiento, así como compartir despacho profesional o estar asociado con éstos para el asesoramiento, la representación o el mandato

c) Tener amistad íntima o enemistad manifiesta con alguna de las personas mencionadas en el apartado anterior.

d) Haber intervenido como perito o como testigo en el procedimiento de que se trate.

e) Tener relación de servicio con persona natural o jurídica interesada directamente en el asunto, o haberle prestado en los dos últimos años servicios profesionales de cualquier tipo y en cualquier circunstancia o lugar».

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o 23/12/2021 14:07
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Director/a do INTECMAR
CVE: 6adc584c-046b-4458-8295-4edd2577b842c

Segundo. Que no se encuentra/n incurso/s en ninguna situación que pueda calificarse de conflicto de intereses de las indicadas en el artículo 61.3 del Reglamento Financiero de la UE y que no concurre en su/s persona/s ninguna causa de abstención del artículo 23.2 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público que pueda afectar al procedimiento de licitación/concesión.

Tercero. Que se compromete/n a poner en conocimiento del órgano de contratación/comisión de evaluación, sin dilación, cualquier situación de conflicto de intereses o causa de abstención que dé o pudiera dar lugar a dicho escenario.

Cuarto. Conozco que, una declaración de ausencia de conflicto de intereses que se demuestre que sea falsa, acarreará las consecuencias disciplinarias/administrativas/judiciales que establezca la normativa de aplicación.

(Fecha y firma, nombre completo y DNI)

A verificación da dita declaración realizarase no momento da aprobación das bases ou do expediente de contratación. A mesma declaración incluírase tamén no momento de aprobación da resolución de concesión ou de adxudicación do contrato.

Acción 2.2.3. Réxime especial do conflito de intereses para os funcionarios públicos nos supostos de actuacións financiadas do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

Os funcionarios públicos, e de ser o caso, o restantes empregados públicos que interveñan na redacción das prescricións técnicas e das cláusulas administrativas de contratos que vaian a ser financiados con fondos derivados do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, deixarán constancia nos respectivos expedientes dunha declaración asinada nos mesmos termos que no apartado anterior (acción 2.2.2). A verificación deste extremo realizárase no momento de aprobación das bases ou do expediente de contratación.

Do mesmo xeito, os funcionarios que interveñan nas mesas de contratación de expedientes financiados cos mesmos fondos deixarán constancia na acta

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o 23/12/2021 14:07
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Director/a do INTECMAR
CVE: 6adc584c-046b-4458-8295-4edd2575842c

de constitución da comisión ou da mesa dos extremos referidos na declaración anterior. A verificación deste extremo realizárase con carácter previo á resolución de concesión das axudas ou de adxudicación do contrato.

2.3. Medidas referidas ás canles de denuncias de irregularidades ou condutas de fraude

Acción 2.3.1. Difusión da canle de denuncias

Intecmar difundirá a existencia dunha canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) (https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES) no que se garantirá que a presentación de denuncias, que precisará da identificación electrónica da persoa denunciante para evitar suplantacións ou denuncias automatizadas, será tratada pola administración autonómica garantindo o anonimato da persoa denunciante, de xeito que os órganos que deban investigar a denuncia non coñezan a identidade do denunciante.

Así mesmo, a canle poderá ser utilizada por empregados públicos para presentar medidas de mellora dos procedementos ou das accións antifraude.

A xestión da canle de denuncias corresponderá á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.

2.4 Formación e compromiso coa competencia profesional dos empregados públicos

A formación en materia de integridade debe de converterse nunha ferramenta de sensibilización, de coñecemento e de propagación dunha cultura administrativa baseada en comportamentos éticos.

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o 23/12/2021 14:07
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Director/a do INTECMAR
CVE: 6adc584c-046b-4458-8295-4edd2577b842c

Intecmar asume o compromiso de favorecer a participación do seu persoal nas medidas de formación previstas no Programa Marco de Integridade Institucional que se desenvolverán coa colaboración da EGAP e diversificando os destinatarios entre os contidos xerais para todos os empregados e contidos dirixidos especialmente a altos cargos, niveis directivos intermedios e persoal de áreas específicas de risco, en particular o que xestione expedientes financiados con fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

Acción 2.4.1. Formación especifica nos centros directivos/entidades instrumentais que xestionen fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

En función das necesidades e no momento que se estime oportuno, Intecmar poderá solicitar da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa que elabore unha formación específica en materia de integridade, destinada ao persoal que xestione estes fondos.

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o 23/12/2021 14:07
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Director/a do INTECMAR
CVE: 6adc584c-046b-4458-8295-4edd2577b842c

3. IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE

3.1. Medidas relativas ao diagnóstico e análise dos riscos xerais da organización.

3.1.1. Definición do risco e asunción dos riscos xerais da organización

Defínese o risco como a incidencia da incerteza sobre a consecución dos obxectivos dunha organización, e entenderase por administración de riscos o proceso sistemático que deben realizar as institucións para avaliar os riscos aos que están expostas no desenvolvemento das súas actividades, mediante a análise dos distintos factores que poden provocalos e coa finalidade de definir as estratexias que permitan controlalos, asegurando o logro dos obxectivos e metas dun xeito razoable.

Intecmar asume como riscos propios os determinados no epígrafe "Catálogo de riscos xerais e medidas atenuantes que afectan ao conxunto da organización" que figura no plan xeral.

Tendo en conta as singularidades de Intecmar, non se diagnosticaron riscos nestas áreas diferentes aos riscos xerais incluídos no devandito catálogo, en particular nas áreas de contratación.

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o 23/12/2021 14:07
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Director/a do INTECMAR
CVE: 6adc584c-046b-4458-8295-4edd2577b842c

3.2. Medidas para a aprobación dun plan de prevención de riscos e medidas antifraude por cada centro xestor

Acción 3.2.1. Metodoloxía para a avaliación do risco

Intecmar elaborou este plan específico de conformidade con metodoloxía prevista na Guía da Comisión Europea sobre auto avaliación de risco de fraude.

Na **primeira fase** definíronse os obxectivos de Intecmar e a relación daqueles procesos ou actividades que son precisos para acadalos.

Na **segunda fase** identificáronse os riscos que poden afectar a Intecmar. Enténdese por factores de risco as situacións ou circunstancias que incrementan a probabilidade de que se produzan incumprimentos (operativos, normativos, éticos, falta de fiabilidade da información) ou prácticas de fraude propiamente ditas no seo de Intecmar.

Teoricamente é posible pensar nun gran número de posibles riscos. Porén, a soa identificación de moitos "riscos" menores podería paralizar a dirección e impactar negativamente no seu compromiso coas accións propostas neste plan. Parece, polo tanto, máis adecuado centrarse nun número limitado de riscos, polo que se acoutou a análise aos riscos máis relevantes ou que pola súa natureza poderían ter maior impacto na organización, para evitar a dispersión de esforzos, xa que para a maioría destes riscos a súa probabilidade e o seu impacto son baixos.

Na **terceira fase** procedeuse á gradación do risco. Definiuse o risco bruto como o nivel de risco sen ter en conta o efecto dos controis ou medidas existentes ou previstos no futuro.

A cuantificación do risco baséase nunha combinación da estimación da «probabilidade» do risco (ata que punto é probable que aconteza) e o seu «impacto» (que consecuencias pode ter) dende os puntos de vista financeiro

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o 23/12/2021 14:07
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Director/a do INTECMAR
CVE: 6adc584c-046b-4458-8295-4edd257b842c

e non financeiro. Para asegurar a coherencia da avaliación na determinación da probabilidade do risco estableceuse un horizonte temporal de cinco anos.

O impacto do risco mediuse de acordo coa seguinte puntuación

Puntuación	Impacto na reputación	Impacto nos obxectivos
1	Impacto limitado	Traballo adicional que supón o atraso doutros procesos
2	Impacto medio	Retrasa a consecución dun obxectivo operativo
3	Impacto significativo (por exemplo un suposto de fraude grave ou afecta a múltiples beneficiarios)	Pon en perigo a consecución dun obxectivo operativo ou atrasa un estratéxico
4	Impacto grave que supón investigación oficial ou unha percepción negativa nos medios de comunicación	Pon en perigo a consecución dun obxectivo estratéxico

A probabilidade do risco mediuse de acordo coa seguinte puntuación

Puntuación	Probabilidade
1	Pode acontecer en moi poucos casos
2	Pode acontecer ocasionalmente en algún momento
3	É moi probable que aconteza
4	Acontecerá con frecuencia

A cuantificación do risco resultou da aplicación de ambas valoracións coa seguinte escala:

Valor da puntuación resultante	Nivel de risco
Puntuación entre 1 e 3	Risco aceptable (verde)
Puntuación entre 4 e 6	Risco importante (amarelo)
Puntuación entre 8 e 16	Risco grave (vermello)

As medidas atenuantes que corrixan ou minimicen o impacto ou a probabilidade son semellantes ás que figuran nas medidas xerais de

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o 23/12/2021 14:07
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Director/a do INTECMAR
CVE: 6adc584c-046b-4458-8295-4edd2577b842c

atenuación de riscos de contratación que figuran no plan xeral. Porén, en función da puntuación acadada na avaliación de risco, Intecmar propón as medidas que en función dos riscos analizados minimicen o risco.

Así, o centro xestor valorará as medidas de -1 a -4 en función de que minimicen o impacto do risco ou de -1 a -4 en función de que minimicen a probabilidade de que aconteza o risco.

O resultante de ditas puntuacións definen o risco neto como aquel nivel de risco resultante de aplicar os valores negativos das medidas e da súa eficacia.

A puntuación da medidas que minoran o risco é a seguinte:

Nivel de implantación de controis existentes	Minoración no risco inicial
N1_Sen medidas: A medida non existe, ao menos ata onde existe coñecemento	0
N2_Medidas parciais: A medida existe, pero non está implantada ou é ineficaz	1
N3_Medidas parciais: A medida existe, pero non é completamente eficaz	2
N4_Con medidas: A medida existe, e considérase eficaz	3

En consecuencia, o risco neto deriva das seguintes operacións:

Riscos	Valor probab.	Valor gravid.	Gradación do risco (antes de medidas)	Medidas			Valoración de risco
				N1	N2	N3	
Risco 1	7	5	6,0	X			Risco importante
Risco 2	4	8	6,0			X	Risco aceptable
Risco 3	1	6	3,5			X	Risco aceptable

Acción 3.2.2. Listaxes de verificación na aprobación dos expedientes financiados con PRTR

Intecmar incluirá en cada un dos expedientes de contratación que xestione, que sexan financiados con fondos PRTR, unha folla de verificación na que se incluirán as medidas antifraude que se inclúen no expediente que se tramita.

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o 23/12/2021 14:07
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Director/a do INTECMAR
CVE: 6adc584c-046b-4458-8295-4edd2570842c

Esta verificación servirá de base para a declaración sinalada no punto 1.4.2.1. que realizarán os titulares das Secretarías Xerais Técnicas.

A lista incluirá as seguintes verificacións:

Área	Medidas que se incorporan no expediente	Verificación. Grao de cumprimento valora de 1 a 4
Contratación	Disponse dun plan de prevención de riscos e medidas antifraude ?	4
Contratación	Disponse dunha declaración ao máis alto nivel de loita contra a fraude ?	4
Contratación	O plan de prevención é coñecido polo persoal que tramita o expediente ?	1-4
Contratación	Existe un plan de avaliación de riscos que identifique probabilidade, impacto e medidas de minimización ?	4
Contratación	O persoal que tramita o expediente coñece o Código Ético e a normativa sobre regalos ?	1-4
Contratación	O persoal tramitador ten recibido formación sobre integridade ?	1-4
Contratación	Existe declaración de ausencia de conflito de intereses do persoal que elabora os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas da contratación?	1-4
Contratación	Existe declaración de ausencia conflitos de intereses do persoal que conforma a mesa de contratación?	1-4
Contratación	Existe declaración de ausencia de conflito de interese do alto cargo responsable que aproba a contratación?	1-4
Contratación	Existe unha canle para presentar denuncias ?	4
Contratación	Intecmar dispón dun mecanismo de bandeiras vermellas ?	4
Contratación	Existe un órgano encargado de examinar as denuncias e propor medidas ?	4
Contratación	Cando se detecta un fraude avalíase e propóñense medidas?	1-4

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o 23/12/2021 14:07
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Director/a do INTECMAR
CVE: 6adc584c-046b-4458-8295-4edd257b842c

Acción 3.2.3. Mecanismos de detección a través de "bandeiras vermellas"

As bandeiras vermellas son sinais de alarma, pistas ou indicios de posible fraude que non implican necesariamente a existencia do mesmo. A verificación delas polo órgano xestor, polos órganos transversais, como os letrados no exercicio da súa función de verificación ou, no seu caso, polos equipos de auditoría, dará lugar á modificación do plan de Intecmar e a implantación ou modificación das medidas establecidas nel.

Ámbitos	Indicios	Revisión	Órgano revisor
Pregos reitores do procedemento amañados a favor dun licitador	Presentación dunha única oferta ou número anormalmente baixo de proposicións optando á licitación	Trimestral	Órgano xestor
	Extraordinaria similitude entre os pregos reitores do procedemento e os produtos o servicios do contratista gañador	Trimestral	Órgano xestor
	Queixas doutros licitadores	Trimestral	Órgano xestor
	Pregos con prescricións máis restritivas ou máis xerais que as aprobadas en procedementos previos similares	Trimestral	Órgano xestor
	Pregos con cláusulas non comúns ou pouco razoables	Trimestral	Órgano xestor
	O poder adxudicador define un produto dunha marca concreta en lugar dun produto xenérico	Trimestral	Órgano xestor
Licitacións colusorias	A oferta gañadora é demasiado alta en comparación coas listas de prezos públicas, con obras ou servicios similares o promedios da industria, ou con prezos de referencia do mercado	Trimestral	Órgano xestor
	Todos os licitadores ofertan prezos altos de forma continuada	Trimestral	Órgano xestor
	Os prezos das ofertas baixan bruscamente cando novos licitadores participan no procedemento	Anual	Auditoría
	Os adxudicatarios se reparten ou alternan por rexión, tipo de traballo, tipo de obra	Anual	Órgano xestor
	O adxudicatario subcontrata aos licitadores perdedores	Anual	Órgano xestor
	Existen patróns de ofertas pouco usuais (por exemplo, as ofertas teñen porcentaxes exactas de rebaixa, a oferta gañadora está xusto debaixo do limiar de prezos aceptables, ofértase exactamente ao valor do orzamento do contrato, os prezos das ofertas son demasiado altos, demasiado próximos, moi distintos, números redondos, incompletos, etc.);	Anual	Auditoría
Conflito de interese	Favoritismo inexplicable ou inusual dun contratista ou vendedor en particular	Anual	Órgano xestor
	Aceptación continua de altos prezos e traballo de baixa calidade etc.	Anual	Órgano xestor
	Un empregado encargado da contratación non presenta declaración de conflito de interese	Trimestral	Órgano xestor
	O empregado encargado de contratación declina o ascenso a unha posición na que deixa de ter participación nos procedementos de contratación	Anual	Órgano xestor
	Empregado encargado de contratación parece facer negocios propios pola súa conta	Anual	Órgano xestor
	Excesiva socialización entre un empregado encargado de contratación e un provedor	Anual	Órgano xestor
Manipulación de ofertas	Queixas dos licitadores e falta de control adecuado nos procedementos de licitación	Trimestral	Órgano xestor
	Licitador excluído por causas dubidosas ou exceso de declaración de procedementos desertos	Anual	Órgano xestor
Riscos de fraccionamento	Aprécianse dúas ou máis adquisicións con similar obxecto efectuadas a idéntico adxudicatario por debaixo dos límites admitidos para a utilización de procedementos de adxudicación directa ou dos limiares de publicidade ou	Anual	Auditoría

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o 23/12/2021 14:07
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Director/a do INTECMAR
CVE: 6adc584c-046b-4458-8295-4edd2570842c

	que exixirían procedementos con maiores garantías de concorrencia		
	Separación inxustificada das compras, por exemplo, contratos separados para man de obra e materiais, estando ambos por debaixo dos limiares de licitación aberta	Anual	Auditoría
	Compras secuenciais xusto por debaixo dos limiares de publicidade das licitacións	Anual	Auditoría
Risco de trato discriminatorio na selección de beneficiarios	Non se segue un criterio homoxéneo para a selección de beneficiarios	Anual	Órgano xestor
Risco de incorrer en imparcialidade derivada de situacións de conflitos de intereses nas axudas	Trato preferente a determinadas solicitudes Presións manifestas sobre outros membros do comité	Anual	Órgano xestor
Risco de aplicación dos fondos a finalidades diferentes a aquelas para os que foron concedidos (desviación de obxecto)	Fondos que non atenden á finalidade ou obxectivo das bases	Anual	Órgano xestor
Risco de dobre financiamento (incumprimento adicionalidade)	Recepción de importes fixos no lugar de porcentaxes do gasto Varios cofinanciadores que financian a mesma operación Non existe documentación soporte das aportacións realizadas por terceiros Financiación non finalista e sen criterios de reparto	Anual	Órgano xestor
Risco de falsidade documental	Incorrecta información presentada polos solicitantes de axudas Ocultación de información con obriga de remitir á Administración Manipulación na xustificación de gastos (Custos laborais rateados incorrectamente/ou duplicados en distintos proxectos)	Anual	Órgano xestor
Risco de perda da pista de auditoría	Incorrecta documentación das operacións subvencionadas Imprecisión na convocatoria da forma de documentar os gastos Imprecisión na definición de gastos elixibles Imprecisión no método do cálculo dos custos	Anual	Órgano xestor

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o **23/12/2021 14:07**
Asinado por: **SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA**
Director/a do INTECMAR
CVE: **6adc584c-046b-4458-8295-4edd2577b842c**

4. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

4.1. Seguimento, supervisión e avaliación

Intecmar realizará un control periódico para verificar o cumprimento das regras do plan e os seus efectos prácticos. Dita labor será efectuada pola persoa responsable da Unidade Económico-Orzamentaria.

O seguimento realizarase anualmente e basearase nas respostas, que poden ser efectuadas a través de formularios, do persoal e altos cargos das unidades que xestionan os ditos procesos e sobre o grao de aplicación das medidas e dos mecanismos de control.

Este seguimento pode ser realizado a través das listas de verificación dos expedientes tramitados no ano anterior ao seguimento.

No marco das súas funcións de asistencia, a Asesoría Xurídica informará aos organismos encargados de vixiar o funcionamento e observancia do plan de prevención dos incumprimentos que observe e asesoraraos cando así o soliciten.

Con independencia da periodicidade anual, sempre que se teña detectado un risco, como consecuencia de reclamacións ou cando se reciban os resultados das auditorías efectuadas polos órganos de control, procederase a un seguimento das medidas incluídas no plan.

Non caso de que se materialice un acto contrario á integridade, de fraude ou de corrupción, Intecmar analizará os feitos ocorridos e determinará as modificacións que deben realizarse na estruturas e nos procesos de control.

4.2. Actualización e revisión

Cando se detecten resultados de auditorías ou feitos derivados de reclamacións ou queixas das que se poidan derivar indicios de irregularidades

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o 23/12/2021 14:07
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Director/a do INTECMAR
CVE: 6adc584c-046b-4458-8295-4edd2577b842c

ou melloras que se poidan implantar nos procedementos, procederase a unha actualización do plan.

Anualmente, con ocasión do seguimento do plan, procederase a valorar a necesidade de realizar unha actualización de procedementos, de avaliación de riscos ou de implantación de medidas.

4.3. Comunicación e difusión

O plan difundirase entre todo o persoal, especialmente entre o que integre as unidades que tramiten os expedientes de contratación.

Tamén será obxecto de comunicación cando se produzan novas incorporacións de persoal nas unidades.

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o 23/12/2021 14:07
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Director/a do INTECMAR
CVE: 6adc584c-046b-4458-8295-4edd2577b842c

intecmar INSTITUTO TECNOLOXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA
Peirao de Vilaxoán, s/n
36611 Vilagarcía (Pontevedra)
Telf.: 986 51 23 20 / 22
www.intecmar.gal

O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar), de acordo coa declaración institucional de Integridade e Compromiso Ético da Xunta de Galicia, asume un compromiso de tolerancia cero contra a fraude que vai máis ala do cumprimento das normas xurídicas porque se refire ás normas e principios éticos e morais e aos valores de integridade, honestidade e obxectividade. Este compromiso inclúe o establecemento dos mecanismos preventivos que consoliden unha cultura de prevención fronte aos posibles incumprimentos, impulsando o desenvolvemento de procedementos que a fagan efectiva, e prestando especial atención a aqueles feitos que poidan supoñer actos contrarios á integridade

Asinado dixitalmente en Vilaxoán,
A directora do Intecmar

Mª Covadonga Salgado Blanco

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o **21/12/2021 13:53**
Asinado por: **SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA**
Director/a do INTECMAR
CVE: **fbdfb063-728e-4a00-a019-0738fcfea8e5**

MODELO DE PLAN ESPECÍFICO DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DOS CENTROS DIRECTIVOS E ENTIDADES INSTRUMENTAIS DA XUNTA DE GALICIA

ÍNDICE

1. CARACTERIZACIÓN DA ENTIDADE INSTRUMENTAL. DIAGNOSE DE SITUACIÓN 4
1.1. Misión, visión e Valores 4
1.2. Organización e funcionamento da entidade instrumental 7
1.2.1. Organización 7
1.2.2. Recursos humanos 8
1.2.3. Recursos orzamentarios 8
1.2.4. Marco normativo 9
1.2.5. Procesos e procedementos que aplica a entidade instrumental. 10
1.3. As medidas do "ciclo da fraude" 11
1.3.1. Medidas de prevención: 11
1.3.2. Medidas de detección: 11
1.3.3. Medidas de corrección: 12
1.3.4. Medidas de persecución: 12
1.4. Funcións e responsabilidades na xestión dos riscos 12
1.4.1. A consellería, os centros directivos/entidades instrumentais 13
2.1. Medidas relativas ao compromiso institucional coa integridade, coa ética publica e coas medidas antifraude. 15
Acción 2.1.1. A manifestación expresa dos responsables públicos 15
Acción 2.1.2. As referencias á integridade na planificación estratéxica 15
Acción 2.1.3. A difusión e a formación en materia de integridade institucional ... 16
2.2. Medidas relativas ao sistema de prevención de conflitos de interese. 16
Acción 2.2.1. Réxime xeral do conflito de intereses 16
Acción 2.2.2. Réxime especial do conflito de intereses para os altos cargos nos supostos de actuacións financiadas do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia. 16
Acción 2.2.3. Réxime especial do conflito de intereses para os funcionarios públicos nos supostos de actuacións financiadas do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia. 18
2.3. Medidas referidas ás canles de denuncias de irregularidades ou condutas de fraude 18
Acción 2.3.1. Difusión da canle de denuncias 18
2.4 Formación e compromiso coa competencia profesional dos empregados públicos 19

Acción 2.4.1. Formación especifica nos centros directivos/entidades instrumentais que xestionen fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia. ... 20
3. IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE .. 21
3.1. Medidas relativas ao diagnóstico e análise dos riscos xerais da organización. .. 21
3.1.1. Definición do risco e asunción dos riscos xerais da organización 21
3.2. Medidas para a aprobación dun plan de prevención de riscos e medidas antifraude por cada centro xestor 22
Acción 3.2.1. Metodoloxía para a avaliación do risco 22
Acción 3.2.3. Listaxes de verificación na aprobación dos expedientes financiados con PRTR 26
Acción 3.2.4. Mecanismos de detección a través de “bandeiras vermellas” 27
4. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN 30
4.1. Seguimento, supervisión e avaliación 30
4.2. Actualización e revisión 30
4.3. Comunicación e difusión 31

1. CARACTERIZACIÓN DA ENTIDADE INSTRUMENTAL. DIAGNOSE DE SITUACIÓN

1.1. Misión, visión e Valores

O presente documento define os mecanismos que o Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación CETMAR (en diante, entidade instrumental) ten previsto implantar como o seu Plan específico de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude (en diante, o plan).

Esta entidade instrumental asume como propias as directrices e manifestacións realizadas no Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude aprobado por Acordo do Consello da Xunta de 10 de decembro de 2021 (en diante, plan xeral).

A mellora continua na calidade dos servizos prestados, a atención ás necesidades de toda a cidadanía, e a transparencia e a integridade da actividade pública actúan como principios vertebradores que presiden a actividade desta entidade instrumental, e como tales son asumidos como compromiso de actuación dos seus órganos de dirección e dos empregados públicos que traballan no mesmo.

O Centro Tecnolóxico do Mar é unha Fundación pública que traballa pola mellora do medio mariño, dos seus recursos e de todos os sectores que viven del, fomentando a innovación e a sostibilidade ambiental, social e económica.

A misión da Fundación CETMAR comprende:
A identificación do estado do coñecemento e das carencias existentes.
A elaboración de prioridades de investigación, innovación, desenvolvemento tecnolóxico e transferencia de tecnoloxía.
A potenciación da interconexión entre as institucións e os sectores.
A formación a distintos niveis e a cooperación internacional.
A dirección da entidade instrumental asume o compromiso de actuar de conformidade cos principios de integridade, honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao

marco xurídico e á cidadanía establecidos na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O criterios de integridade e ética publica no desempeño das actividades e no desenvolvemento da acción pública da administración autonómica son os principios asumidos expresamente polo goberno galego coa aprobación do Programa Marco de Integridade Institucional e prevención de riscos de xestión do 26 de maio de 2021, que a través de 24 medidas establece os elementos do marco de infraestrutura ética ao que se somete a acción do goberno, a dos seus responsables máximos e a do conxunto dos empregados públicos.

O centro Tecnolóxico do Mar ten como competencias e funcións as seguintes:

En xeral son fins desta entidade instrumental todos aqueles que promovan unha explotación responsable do medio mariño e os seus recursos, xunto co desenvolvemento social, económico e tecnolóxico dos sectores implicados.

Neste contexto, son funcións específicas:

a) Optimizar o rendemento dos equipos e infraestruturas dedicados á investigación por medio da colaboración interinstitucional e a actuación interdisciplinar.

b) A recompilación e análises dos sistemas de información dispoñibles en relación co estado de coñecemento en cada área incluíndo bases de datos técnicos, bibliográficos e documentais.

c) O análises de prospectiva cientifico-técnica nos diferentes ámbitos de actividade nacional e internacional.

d) A formulación de propostas e recomendacións aos axentes activos do sector (tecnoloxías emerxentes, recomendacións de organismos internacionais, novidades nas distintas áreas, etc.)

e) A realización de accións executivas concretas fronte a demandas puntuais (análises, informes, asesoramento, axuda nas propostas e realización de actividades de

investigación e desenvolvemento tecnolóxico, transferencia de tecnoloxía, formación e programas de cooperación nacional e internacional).

f) A realización de actividades de promoción, asesoramento e apoio ás empresas para a súa dinamización, incorporación e participación no ámbito da I+D+I.

g) A colaboración con institucións, empresas e persoas sobre calquera materia relacionada co mar e os seus recursos nos termos que se establezan nos correspondentes acordos ou convenios de cooperación.

h) A promoción, colaboración e organización de cursos, grupos de traballo e reunións técnicas e científicas.

i) A divulgación e a difusión de aqueles traballos e resultados de investigación que se consideren de interese.

j) O desenvolvemento de proxectos e prestación de servizos tecnolóxicos no ámbito das tecnoloxías mariñas.

k) A busca e obtención de recursos para o desenvolvemento das súas actividades.

l) Calquera outra actividade que se considere de interese para o obxecto da Fundación.

De acordo aos seguintes indicadores:

Proceso	Indicador	Descrición do indicador	Obxectivo límite
Promoción e Representación	PR-1	Nº de novas en prensa publicadas / ano	> 150
	PR-2	Nº de novas difundidas/ano	> 100
Búsqueda de proxectos/servizos	BP-1	Nº total de propostas xeradas	25
Preparación de Proxectos /Servizos	PP-1	Nº proxectos internacionais solicitados	10
	PP-2	Nº proxectos nacionais solicitados	5
	PP-3	Nº servizos internacionais solicitados	3
	PP-4	Nº servizos nacionais solicitados	7
	PP-5	Nº proxectos internacionais aceptados	6
	PP-6	Nº proxectos nacionais aceptados	4
	PP-7	Nº servizos internacionais aceptados	2
	PP-8	Nº servizos nacionais aceptados	4
Execución de Proxectos	EP-1	% de éxito en la presentación de propuestas (cuantas de las propuestas presentadas desde el 1 de enero del ejercicio anterior se han resuelto favorablemente a 31 de diciembre del ejercicio actual)	≥ 60%
Satisfacción de Clientes	SC-1	Reclamacións de clientes	≤ 5
Compras e contratacións	CC-1	Provedores grupo A: Nº observacións / nº provedores	< 0,1
Xestión de RR.HH.	RH-1	Satisfacción coa formación recibida	≥ 0,8
	RH-2	Beneficio da formación para o área	≥ 0,8
	RH-3	Nº de inscripcións a accións formativas	> 75
	RH-4	Nº accións formativas do período	> 20
	RH-5	Nº de persoas participantes no Plan de Formación	≥ 22
	RH-6	Grao de difusión do Plan de Formación entre os traballadores	> 0,5

1.2. Organización e funcionamento da entidade instrumental

1.2.1. Organización

O Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación CETMAR ten unha organización estruturada do seguinte modo:

- Área xerencial
- Control e xestión do medio e os recursos mariños
- Cooperación internacional
- Formación
- Promoción e transferencia de tecnoloxía
- Socioeconomía da pesca
- Tecnoloxía dos produtos pesqueiros
- Unidade de tecnoloxías mariñas

1.2.2. Recursos humanos

AREA ESPECIALIZADA	PLANTILLA	TEMPORALES
SOCIOECONOMÍA DA PESCA	4	3
XERENCIA / SECRETARIA XERAL	6	0
CONTROL E XESTIÓN DO MEDIO MARIÑO	4	1
FORMACIÓN	2	3
PROMOCIÓN E TRANSFERENCIA TECNOLOXÍA	3	3
UNIDADE TECNOLOXÍA MARIÑA	3	5
TECNOLOXÍA PRODUCTOS PESQUEIROS	2	1
COOPERACIÓN INTERNACIONAL	3	1

1.2.3. Recursos orzamentarios

O orzamento desta entidade instrumental está composto por un orzamento de explotacion e un orzamento de capital.

Orzamento de ingresos:

Concepto de Ingreso	Importe (€)	%
* Servicios mediante factura.	1.408.415,87	32,28%
* Convocatorias: Actividades y Proyectos	2.266.481,22	51,95%
* Subvención Nominativa Consellería do Mar	516.249,00	11,83%
* Ingresos Financieros y Asimilados	171.910,00	3,94%
TOTAL	**4.363.056,09 €**	**100,00%**

Orzamento de gastos:

Concepto de Gasto	Importe (€)	%
* Personal de plantilla (S.B. y S.S.)	1.767.512,67	40,59%
* Reparaciones y Conservación	209.969,39	4,82%
* Personal de proyectos (S.B. y S.S.)	1.069.012,12	24,55%
* Servicios Profesionales	532.270,55	12,22%
* Seguros	16.000,00	0,37%
* Suministros	82.366,89	1,89%
* Otros servicios	491.798,17	11,29%
* Gastos financieros y asimilados	185.608,68	4,26%
TOTAL	**4.354.538,47 €**	**100,00%**

Orzamento de capital: 0,00€


En relación aos proxectos financiados por fondos PRTR, esta entidade instrumental é adxudicataria dun proxecto dedicado á investigación mariña dentro do programa de I+D+i no marco dos plans complementarios.

1.2.4. Marco normativo

O Centro Tecnolóxico do Mar asume como obriga o cumprimento das normas en materia de integridade que figuran no plan xeral. Adicionalmente, son aplicables a esta entidade instumental as seguintes normas:

Norma UNE-EN ISO 9001:2015 de acordo ao seguinte alcance: "A prestación dos seguintes servizos relacionados co aproveitamento e a conservación do medio mariño e os seus recursos: xestión e coordinación de proxectos de investigación, desenvolvemento, innovación e cooperación ao desenvolvemento. A prestación de servizos tecnolóxicos e a realización de estudos técnicos, económicos e sociais. O deseño e a xestión da realización de actividades de formación e difusión".

1.2.5. Procesos e procedementos que aplica a entidade instrumental.



En relación aos procesos anteriores, a actividade principal é a de prestación de servizos.

Dentro dela, as actividades de apoio consisten en:

- Xestión de persoal (recursos humanos).
- Contratación.
- Xestión de subvencións.
- Encomendas de xestión.

1.3. As medidas do "ciclo da fraude"

1.3.1. Medidas de prevención:

a) Adóptase a declaración institucional prevista no plan xeral

b) Incorporarase nos plans desta entidade instrumental e nos plans previstos da norma ISO de xestión aplicable a Cetmar, as declaracións e adaptacións sucesivas que surgan en relación ao plan xeral

c) Divulgarase a cultura da integridade na organización a través de la intranet, do portal de transparencia desta entidade instrumental e do manual de benvida.

d) Asúmese o compromiso de realizar a formación para o pesoal desta entidade instrumental

1.3.2. Medidas de detección:

a) Implantar o plan de prevención riscos da entidade instrumental, que avalíe os indicadores que poidan supoñer un risco de eventual fraude propio do seu tipo de actividade.

b) Proposta de aprobación pola entidade instrumental, dun plan de riscos que avalíe os indicadores que poidan supoñer un risco de eventual fraude. O plan de xestión de riscos e medidas antifraude de cada entidade instrumental incorporará os que están configurados como xerais no presente plan e os propios que poida afectarlle en particular.

c) Aprobación dun modelo de plan e mapa de riscos que sexa utilizable e que facilite a concreción da avaliación para cada entidade.

d) Exame dos riscos potenciais nas áreas con maior probabilidade de riscos de conformidade cos catálogos de riscos e medidas aprobados no documento técnico "Catálogo de riscos por área de actividade" aprobado polo Consello de Contas.

e) Estender nos modelos de bases de subvencións, e nos modelos de pregos de cláusulas administrativas de contratación, a inclusión de medidas antifraude que permitan previr ou detectar situacións de riscos.

1.3.3. Medidas de corrección:

a) Realizaranse as modificacións no plan cando se detecten incidencias ou resultados de auditoría.
b) Determinarase o proceso interno de comunicación de incidencias, e o responsable encargado de comunicar os feitos á Consellería e aos órganos transversais previstos no plan xeral.
c) Ante un eventual incidente, se avaliar a incidencia e a cualificación da fraude como sistémica o puntual e , de ser o caso se retirará os proxectos ou a parte dos proxectos afectados pola fraude e financiados ou a financiar

1.3.4. Medidas de persecución:

a) Inicio dos procedementos de reintegro cando produzan menoscabo nos recursos públicos ou fosen declaradas irregulares as actuacións
b) Cando as actuacións detectadas constitúan practicas colusorias contrarias á competencia, remitir a investigación e eventual sanción á Secretaría Xeral Técnica de la Consellería del Mar y a la Comisión Galega da Competencia.

1.4. Funcións e responsabilidades na xestión dos riscos

O Consello de Dirección de CETMAR realiza anualmente unha avaliación de riscos e determina e aproba un plan de accións para todo o centro cuxa execución e responsabilidade do propio Consello.

Paralelamente, a maioría das accións executadas (proxectos e servizos) levan aparellada unha avaliación de riscos e un plan para abordalos que é responsabilidade de todo o consorcio que as desenvolve.

1.4.1. A consellería, os centros directivos/entidades instrumentais

A entidade instrumental asume o compromiso de aplicar as medidas deste plan coa máxima dilixencia e implantar, nos seus procesos propios, as medidas e niveis de control que permitan unha eficaz execución dos fondos dos que son responsables nun contexto de integridade e prevención da loita contra a fraude nos termos establecidos na normativa europea.

O compromiso da entidade instrumental coa política de integridade e prevención de riscos establecida no presente plan formalizarase asinando a proposta de aprobación deste plan específico pola Directora da mesma.

Este plan integrarase xunto cos dos restantes centros directivos e entidades adscritas no plan da Consellería. A incorporación de máis centros directivos e entidades instrumentais, ou a actualización dos plans xa integrados suporá a modificación, por addenda, do plan de prevención de riscos da Consellería.

Una vez aprobado o plan da Consellería, que agrupará os dos diferentes centros directivos e das entidades instrumentais será remitido á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa para ser publicados no portal de transparencia.

1.4.1.1 Declaración de cumprimento dos órganos responsables.

Como órgano responsable da execución de fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia emítese a Declaración de xestión prevista na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (en diante, Orde HFP 1030/2021) coa periodicidade que se determine, que se adxunta a este plan co seguinte contido:

Con data XXXXXX, esta Entidade manifesta que os fondos foron utilizados para os fins previstos e xestionáronse de conformidade con todas as normas que resultan de aplicación, en particular as normas relativas á prevención de conflitos de intereses, de fraude, da corrupción e do dobre financiamento procedente do Mecanismo e doutros programas da Unión e de conformidade co principio de boa xestión financeira. Así mesmo, manifesta a veracidade da información contida no informe en relación co cumprimento de fitos e obxectivos, e confirma que non se revogaron medidas relacionadas con fitos e obxectivos anteriormente cumpridos satisfactoriamente, atendendo ao establecido no apartado 3 do artigo 24 do Regulamento (UE) 241/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

1.4.1.2. Persoas ou unidades responsables de integridade e prevención de riscos nas consellerías ou centros directivos/entidades instrumentais.

Esta entidade instrumental designará unha persoa ou unidade que actúe como órgano responsable de integridade e prevención de riscos que velará polo cumprimento das medidas incluídas neste plan, actuará como interlocutor cos órganos/unidades transversais encargados do seu cumprimento e informará directamente aos órganos superiores de eventuais incidencias que poidan acontecer en relación coa aplicación do plan.

Sempre que sexa posible, a persoa ou unidade será a mesma que actualmente desempeñe a función de responsable de coordinación da calidade e da transparencia (antigos responsables de transparencia) designada por acordo do Consello da Xunta do 17 de xuño de 2021.

2. COMPROMISO DE INTEGRIDADE E MARCO ÉTICO DA INTEGRIDADE INSTITUCIONAL

As medidas e accións incluídas neste plan son de aplicación a toda a entidade instrumental e constitúense en alicerces da política antifraude e nos elementos que sustentan a integridade da acción pública.

2.1. Medidas relativas ao compromiso institucional coa integridade, coa ética publica e coas medidas antifraude.

Acción 2.1.1. A manifestación expresa dos responsables públicos

Os altos cargos da entidade instrumental asumen como guía da súa conduta o compromiso principal distintivo de que a súa actuación non só require o cumprimento estrito da legalidade senón que precisa, ademais, dunha demostración diaria de ética, exemplaridade e honorabilidade no desempeño da responsabilidade que supón xestionar os recursos que son patrimonio de todos as galegas e os galegos, e o deber de salvagardar a imaxe e reputación das institucións autonómicas.

Con independencia do anterior, todos os altos cargos que participan no proceso de elaboración, proposta ou aprobación deste plan realizarán unha manifestación de compromiso co Código Ético e de comportamento íntegro e de loita contra a fraude en termos semellantes ás realizadas na declaración institucional do plan xeral.

Acción 2.1.2. As referencias á integridade na planificación estratéxica

Cando a entidade instrumental aprobe ou propoña a aprobación dun instrumento de planificación incluirá unha manifestación expresa de que súa xestión se realizará de conformidade cos mecanismos de integridade que sexan de aplicación en cada suposto, e de ser o caso, unha análise dos riscos de xestión que poida implicar a adopción do instrumento de planificación, ben mediante unha mención especifica ou ben co recurso a elementos ou riscos e medidas descritos no plan xeral de prevención.

Acción 2.1.3. A difusión e a formación en materia de integridade institucional

O presente plan será difundido entre o persoal da entidade instrumental, adicionalmente divulgárase a través do portal de transparencia da Xunta de Galicia.

Periodicamente, os altos cargos recibirán formación en materia de liderado ético e nas políticas de integridade institucional.

2.2. Medidas relativas ao sistema de prevención de conflitos de interese.

Acción 2.2.1. Réxime xeral do conflito de intereses

Os altos cargos da entidade instrumental sométense ás prescricións do artigo 43 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno en todo o relativo ao réxime aplicable aos conflitos de intereses.

Así mesmo, ateranse na súa actuación aos principios recollidos no apartado IV do Código ético Institucional, ou instrumento xurídico que o substitúa ou desenvolva, e ás previsións existentes no mesmo Código respecto dos regalos, as dádivas, as mostras de cortesía e as atencións protocolarias.

Acción 2.2.2. Réxime especial do conflito de intereses para os altos cargos nos supostos de actuacións financiadas do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

De conformidade coa Orde HFP/1030/2021, os altos cargos intervenientes na preparación, tramitación ou aprobación dun procedemento de subvencións ou contratación deixarán constancia por escrito no expediente da seguinte declaración:

<<Al objeto de garantizar la imparcialidad en el procedimiento de contratación/subvención arriba referenciado, el/los abajo firmante/s, como participante/s en el proceso de preparación y tramitación del expediente, declara/declaran:

Primeiro. Estar informado/s do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal.»

2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ten o fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e asegurar a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.

3. Que o artigo 23 «Abstención», da Lei 40/2015, de 1 outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento «as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dea algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte», sendo estas:

a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a daquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.

b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato

c) Ter amizade íntima ou inimizade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.

d) Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.

e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar».

Segundo. Que non se atopa/ n incurso/ s en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses das indicadas no artigo 61.3 do Regulamento Financeiro da UE e que non concorre na súa/ s persoa/ s ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público que poida afectar o procedemento de licitación/concesión.

Terceiro. Que se compromete/ n a poñer en coñecemento do órgano de contratación/comisión de avaliación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea ou puidese dar lugar ao devandito escenario.

Cuarto. Coñezo que, unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa, carrexará as consecuencias disciplinarias/administrativas/xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

Vigo, 21 de decembro de 2021

Paloma Rueda Crespo

35259976X

A verificación da dita declaración realizarase no momento da aprobación das bases ou do expediente de contratación. A mesma declaración incluírase tamén no momento de aprobación da resolución de concesión ou de adxudicación do contrato.

Acción 2.2.3. Réxime especial do conflito de intereses para os funcionarios públicos nos supostos de actuacións financiadas do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

Os empregados que interveñan na redacción de bases reguladoras de subvencións ou da elaboración das prescricións técnicas e das cláusulas administrativas de contratos que vaian a ser financiados con fondos derivados do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, deixarán constancia nos respectivos expedientes dunha declaración asinada nos mesmos termos que no apartado anterior (acción 2.2.2). A verificación deste extremo realizárase no momento de aprobación das bases ou do expediente de contratación.

Do mesmo xeito, os traballadores desta entidade instrumental que interveñan nas comisións de baremación de subvencións ou nas mesas de contratación de expedientes financiados cos mesmos fondos deixarán constancia na acta de constitución da comisión ou da mesa dos extremos referidos na declaración anterior. A verificación deste extremo realizárase con carácter previo á resolución de concesión das axudas ou de adxudicación do contrato.

2.3. Medidas referidas ás canles de denuncias de irregularidades ou condutas de fraude

Acción 2.3.1. Difusión da canle de denuncias

A entidade instrumental difundirá a existencia dunha canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude que terá a súa sede no Sistema Integrado de

Atención á Cidadanía (SIACI) (https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES) no que se garantirá que a presentación de denuncias, que precisará da identificación electrónica da persoa denunciante para evitar suplantacións ou denuncias automatizadas, será tratada pola administración autonómica garantindo o anonimato da persoa denunciante, de xeito que os órganos que deban investigar a denuncia non coñezan a identidade do denunciante.

Así mesmo, a canle poderá ser utilizada por empregados públicos para presentar medidas de mellora dos procedementos ou das accións antifraude. Tamén na canle poderanse denunciar incidencias que sexan realizadas por empresas ou por beneficiarios de subvencións.

A xestión da canle de denuncias corresponderá á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.

2.4 Formación e compromiso coa competencia profesional dos empregados públicos

A formación en materia de integridade debe de converterse nunha ferramenta de sensibilización, de coñecemento e de propagación dunha cultura administrativa baseada en comportamentos éticos.

A entidade instrumental asume o compromiso de favorecer a participación do seu persoal nas medidas de formación previstas no Programa Marco de Integridade Institucional que se desenvolverán coa colaboración da EGAP e diversificando os destinatarios entre os contidos xerais para todos os empregados e contidos dirixidos especialmente a altos cargos, niveis directivos intermedios e persoal de áreas específicas de risco, en particular o que xestione expedientes financiados con fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

Acción 2.4.1. Formación especifica nos centros directivos/entidades instrumentais que xestionen fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

En función das necesidades e no momento que se estime oportuno, esta entidade instrumental poderá solicitar da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa que elabore unha formación específica en materia de integridade, destinada ao persoal que xestione estes fondos.

3. IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE

3.1. Medidas relativas ao diagnóstico e análise dos riscos xerais da organización.

3.1.1. Definición do risco e asunción dos riscos xerais da organización

Defínese o risco como a incidencia da incerteza sobre a consecución dos obxectivos dunha organización, e entenderase por administración de riscos o proceso sistemático que deben realizar as institucións para avaliar os riscos aos que están expostas no desenvolvemento das súas actividades, mediante a análise dos distintos factores que poden provocalos e coa finalidade de definir as estratexias que permitan controlalos, asegurando o logro dos obxectivos e metas dun xeito razoable.

A entidade instrumental asume como riscos propios os determinados no epígrafe "Catálogo de riscos xerais e medidas atenuantes que afectan ao conxunto da organización" que figura no plan xeral.

Tendo en conta as singularidades da entidade instrumental, non se diagnosticaron riscos nestas áreas diferentes aos riscos xerais incluídos no devandito catálogo, en particular nas áreas de contratación e subvencións. Neste sentido, cabe sinalar que esta entidade instrumental non outorga ningún tipo de subvención a outras organizacións ou particulares.

3.2. Medidas para a aprobación dun plan de prevención de riscos e medidas antifraude por cada centro xestor

Acción 3.2.1. Metodoloxía para a avaliación do risco

A entidade instrumental elaborou este plan específico de conformidade con metodoloxía prevista na Guía da Comisión Europea sobre auto avaliación de risco de fraude.

Na **primeira fase** defiríronse os obxectivos da entidade instrumental e a relación daqueles procesos ou actividades que son precisos para acadalos. No caso desta esta entidade instrumental son os seguintes:

Actividade principal: prestación de servizos e asistencias técnicas. Dentro dela, as actividades de apoio consisten en:

- Xestión de persoal (recursos humanos).

- Contratación.

- Xestión de subvencións.

- Encomendas de xestión.

Na **segunda fase** identificáronse os riscos que poden afectar á entidade instrumental. Enténdese por factores de risco as situacións ou circunstancias que incrementan a probabilidade de que se produzan incumprimentos (operativos, normativos, éticos, falta de fiabilidade da información) ou prácticas de fraude propiamente ditas no seo da entidade instrumental.

Para os efectos de determinar eses procesos pódense enunciar a modo de exemplo os seguintes:

- Falta de formación.
- Exceso de manuais de procedementos.
- Temporalidade nos contratos.
- Procesos pouco informatizados.

Adicionalmente, pódense considerar riscos que provocarían os procesos máis susceptibles de sufrir fraude, segundo o ANEXO III. C.2.b) i E da Orde HFP/1030/2021, os seguintes:

I. Identificación de operacións que son máis susceptibles da fraude, como poden ser aquelas con alta intensidade, alto orzamento, moitos requisitos para xustificar polo solicitante, controis complexos, etc.

II. Identificación de posibles conflitos de intereses.

III. Resultados de traballos previos de auditorías internas.

IV. Resultados de auditorías da Comisión Europea ou do Tribunal de Contas Europeo, no seu caso.

V. Casos de fraude detectados con anterioridade

Teoricamente é posible pensar nun gran número de posibles riscos. Porén, a soa identificación de moitos “riscos” menores podería paralizar a dirección e impactar negativamente no seu compromiso coas accións propostas neste plan. Parece, polo tanto, máis adecuado centrarse nun número limitado de riscos, polo que se acoutou a análise aos riscos máis relevantes ou que pola súa natureza poderían ter maior impacto na organización, para evitar a dispersión de esforzos, xa que para a maioría destes riscos a súa probabilidade e o seu impacto son baixos.

Na **terceira fase** procedeuse á gradación do risco. Definiuse o risco bruto como o nivel de risco sen ter en conta o efecto dos controis ou medidas existentes ou previstos no futuro.

A cuantificación do risco baséase nunha combinación da estimación da «probabilidade» do risco (ata que punto é probable que aconteza) e o seu «impacto» (que consecuencias pode ter) dende os puntos de vista financeiro e non financeiro. Para asegurar a coherencia da avaliación na determinación da probabilidade do risco estableceuse un horizonte temporal de cinco anos.

O impacto do risco mediuse de acordo coa seguinte puntuación

Puntuación	Impacto na reputación	Impacto nos obxectivos
1	Impacto limitado	Traballo adicional que supón o atraso doutros procesos
2	Impacto medio	Retrasa a consecución dun obxectivo operativo
3	Impacto significativo (por exemplo un suposto de fraude grave ou afecta a múltiples beneficiarios)	Pon en perigo a consecución dun obxectivo operativo ou atrasa un estratéxico
4	Impacto grave que supón investigación oficial ou unha percepción negativa nos medios de comunicación	Pon en perigo a consecución dun obxectivo estratéxico

A probabilidade do risco mediuse de acordo coa seguinte puntuación

Puntuación	Probabilidade
1	Pode acontecer en moi poucos casos
2	Pode acontecer ocasionalmente en algún momento
3	É moi probable que aconteza
4	Acontecerá con frecuencia

A cuantificación do risco resultou da aplicación de ambas valoracións coa seguinte escala:

Valor da puntuación resultante	Nivel de risco
Puntuación entre 1 e 3	Risco aceptable (verde)
Puntuación entre 4 e 6	Risco importante (amarelo)
Puntuación entre 8 e 16	Risco grave (vermello)

As medidas atenuantes que corrixan ou minimicen o impacto ou a probabilidade son semellantes ás que figuran nas medidas xerais de atenuación de riscos de contratación e subvencións que figuran no plan xeral. Porén, en función da puntuación acadada na avaliación de risco, a entidade instrumental propón as medidas que en función dos riscos analizados minimicen o risco.

Así, o centro xestor valorará as medidas de -1 a -4 en función de que minimicen o impacto do risco ou de -1 a -4 en función de que minimicen a probabilidade de que aconteza o risco.

O resultante de ditas puntuacións definen o risco neto como aquel nivel de risco resultante de aplicar os valores negativos das medidas e da súa eficacia.

A puntuación da medidas que minoran o risco é a seguinte:

Nivel de implantación de controis existentes	Minoración no risco inicial
N1_Sen medidas: A medida non existe, ao menos ata onde existe coñecemento	0
N2_Medidas parciais: A medida existe, pero non está implantada ou é ineficaz	1
N3_Medidas parciais: A medida existe, pero non é completamente eficaz	2
N4_Con medidas: A medida existe, e considérase eficaz	3

En consecuencia, o risco neto deriva das seguintes operacións:

Tipo de risco	Risco	Valor gravidade Impacto		Valor Probabilidade		Medidas				Valoración de risco
		Na reputación	Nos obxectivos	Na reputación	Nos obxectivos	N1	N2	N3	N4	
Individuais	Falta de formación do persoal	1	1	2	2				X	Risco aceptable
Procedimentais	Exceso de manuais de procedementos	1	1	1	1		X			Risco aceptable
	Temporalidade nos contratos	1	1	1	1		X			Risco aceptable
Internos o Institucionais	Procesos pouco informatizados	1	1	1	2			X		Risco aceptable

Acción 3.2.3. Listaxes de verificación na aprobación dos expedientes financiados con PRTR

A entidade instrumental incluirá en cada un dos expedientes de subvencións ou contratación que xestione, que sexan financiados con fondos PRTR, unha folla de verificación na que se incluirán as medidas antifraude que se inclúen no expediente que se tramita.

Esta verificación servirá de base para a declaración sinalada no punto 1.4.2.1. que realizarán os titulares da entidade instrumental.

A lista incluirá as seguintes verificacións:

Área	Medidas que se incorporan no expediente	Verificación. Grao de cumprimento valora de 1 a 4
Contratación e subvencións	Disponse dun plan de prevención de riscos e medidas antifraude ?	4
Contratación e subvencións	Disponse dunha declaración ao máis alto nivel de loita contra a fraude ?	4
Contratación e subvencións	O plan de prevención é coñecido polo persoal que tramita o expediente ?	1-4

Contratación e subvencións	Existe un plan de avaliación de riscos que identifique probabilidade, impacto e medidas de minimización ?	4
Contratación e subvencións	O persoal que tramita o expediente coñece o Código Ético e a normativa sobre regalos ?	1-4
Contratación e subvencións	O persoal tramitador ten recibido formación sobre integridade ?	1-4
Subvencións	Existe declaración de ausencia de conflito de intereses do persoal que elabora as bases de subvención?	1-4
Subvencións	Existe declaración de ausencia conflitos de intereses do persoal que conforma a comisión de baremacion	1-4
Subvencións	Existe declaración de ausencia de conflito de interese do alto cargo que xestiona a convocatoria e resolución das subvencións?	1-4
Subvencións	Nas bases inclúense medidas para evitar o dobre financiamento?	1-4
Contratación	Existe declaración de ausencia de conflito de intereses do persoal que elabora os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas da contratación?	1-4
Contratación	Existe declaración de ausencia conflitos de intereses do persoal que conforma a mesa de contratación?	1-4
Contratación	Existe declaración de ausencia de conflito de interese do alto cargo responsable que aproba a contratación?	1-4
Contratación e subvencións	Existe unha canle para presentar denuncias ?	4
Contratación e subvencións	Aentidade instrumental dispón dun mecanismo de bandeiras vermellas ?	4
Contratación e subvencións	Existe un órgano encargado de examinar as denuncias e propor medidas ?	4
Contratación e subvencións	Cando se detecta un fraude avalíase e propóñense medidas?	1-4

Acción 3.2.4. Mecanismos de detección a través de “bandeiras vermellas”

As bandeiras vermellas son sinais de alarma, pistas ou indicios de posible fraude que non implican necesariamente a existencia do mesmo. A verificación delas polo órgano xestor, polos órganos transversais, como os letrados no exercicio da súa función de verificación ou, no seu caso, polos equipos de auditoría, dará lugar á modificación do plan desta entidade instrumental e a implantación ou modificación das medidas establecidas nel.

Ámbitos	Indicios	Revisión	Órgano revisor
Pregos reitores do procedemento amañados a favor dun licitador	Presentación dunha única oferta ou número anormalmente baixo de proposicións optando á licitación	Trimestral	Órgano xestor
	Extraordinaria similitude entre os pregos reitores do procedemento e os produtos o servicios do contratista gañador	Trimestral	Órgano xestor
	Queixas doutros licitadores	Trimestral	Órgano xestor
	Pregos con prescricións máis restritivas ou máis xerais que as aprobadas en procedementos previos similares	Trimestral	Órgano xestor
	Pregos con cláusulas non comúns ou pouco razoables	Trimestral	Órgano xestor
	O poder adxudicador define un produto dunha marca concreta en lugar dun produto xenérico	Trimestral	Órgano xestor
Licitacións colusorias	A oferta gañadora é demasiado alta en comparación coas listas de prezos públicas, con obras ou servicios similares o promedios da industria, ou con prezos de referencia do mercado	Trimestral	Órgano xestor
	Todos os licitadores ofertan prezos altos de forma continuada	Trimestral	Órgano xestor
	Os prezos das ofertas baixan bruscamente cando novos licitadores participan no procedemento	Anual	Auditoría
	Os adxudicatarios se reparten ou alternan por rexión, tipo de traballo, tipo de obra	Anual	Órgano xestor
	O adxudicatario subcontrata aos licitadores perdedores	Anual	Órgano xestor
	Existen patróns de ofertas pouco usuais (por exemplo, as ofertas teñen porcentaxes exactas de rebaixa, a oferta gañadora está xusto debaixo do limiar de prezos aceptables, ofértase exactamente ao valor do orzamento do contrato, os prezos das ofertas son demasiado altos, demasiado próximos, moi distintos, números redondos, incompletos, etc.);	Anual	Auditoría
Conflito de interese	Favoritismo inexplicable ou inusual dun contratista ou vendedor en particular	Anual	Órgano xestor
	Aceptación continua de altos prezos e traballo de baixa calidade etc.	Anual	Órgano xestor
	Un empregado encargado da contratación non presenta declaración de conflito de interese	Trimestral	Órgano xestor
	O empregado encargado de contratación declina o ascenso a unha posición na que deixa de ter participación nos procedementos de contratación	Anual	Órgano xestor
	Empregado encargado de contratación parece facer negocios propios pola súa conta	Anual	Órgano xestor
	Excesiva socialización entre un empregado encargado de contratación e un provedor	Anual	Órgano xestor
Manipulación de ofertas	Queixas dos licitadores e falta de control adecuado nos procedementos de licitación	Trimestral	Órgano xestor
	Licitador excluído por causas dubidosas ou exceso de declaración de procedementos desertos	Anual	Órgano xestor
Riscos de fraccionamento	Aprécianse dúas ou máis adquisicións con similar obxecto efectuadas a idéntico adxudicatario por debaixo dos límites admitidos para a utilización de procedementos de adxudicación directa ou dos limiares de publicidade ou que exixirían procedementos con maiores garantías de concorrencia	Anual	Auditoría
	Separación inxustificada das compras, por exemplo, contratos separados para man de obra e materiais, estando ambos por debaixo dos limiares de licitación aberta	Anual	Auditoría
	Compras secuenciais xusto por debaixo dos limiares de publicidade das licitacións	Anual	Auditoría
Risco de limitación da concorrencia en subvencións	Falta de difusión nos medios obrigatorios establecidos Requisitos dos beneficiarios/destinatarios ambiguos Ausencia de publicación de baremos	Anual	Órgano xestor
Risco de trato discriminatorio na selección de beneficiarios	Non se segue un criterio homoxéneo para a selección de beneficiarios	Anual	Órgano xestor
Risco de incorrer en imparcialidade derivada de situacións de conflitos de intereses nas axudas	Trato preferente a determinadas solicitudes Presións manifestas sobre outros membros do comité	Anual	Órgano xestor
Risco de aplicación dos fondos a finalidades diferentes a aquelas para os que foron concedidos (desviación de obxecto)	Fondos que non atenden á finalidade ou obxectivo das bases	Anual	Órgano xestor
Risco de dobre financiamento (incumprimento adicionalidade)	Recepción de importes fixos no lugar de porcentaxes do gasto Varios cofinanciadores que financian a mesma operación Non existe documentación soporte das aportacións realizadas por terceiros Financiación non finalista e sen criterios de reparto	Anual	Órgano xestor
Risco de falsidade documental	Incorrecta información presentada polos solicitantes de axudas	Anual	Órgano xestor

	Ocultación de información con obriga de remitir á Administración Manipulación na xustificación de gastos (Custos laborais rateados incorrectamente/ou duplicados en distintos proxectos)		
Risco de perda da pista de auditoría	Incorrecta documentación das operacións subvencionadas Imprecisión na convocatoria da forma de documentar os gastos Imprecisión na definición de gastos elixibles Imprecisión no método do cálculo dos custos	Anual	Órgano xestor

4. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

4.1. Seguimento, supervisión e avaliación

A entidade instrumental realizará un control periódico para verificar o cumprimento das regras do plan e os seus efectos prácticos. Dita labor pode ser efectuada pola persoa ou unidade do responsable da integridade e prevención de riscos.

O seguimento realizarase anualmente e basearase nas respostas, que poden ser efectuadas a través de formularios, do persoal e cargos das unidades que xestionan os ditos procesos e sobre o grao de aplicación das medidas e dos mecanismos de control.

Este seguimento pode ser realizado a través das listas de verificación dos expedientes tramitados no ano anterior ao seguimento.

No marco das súas funcións de asistencia, a Asesoría Xurídica informará aos organismos encargados de vixiar o funcionamento e observancia do plan de prevención dos incumprimentos que observe e asesoraraos cando así o soliciten.

Con independencia da periodicidade anual, sempre que se teña detectado un risco, como consecuencia de reclamacións ou cando se reciban os resultados das auditorías efectuadas polos órganos de control, procederase a un seguimento das medidas incluídas no plan.

Non caso de que se materialice un acto contrario á integridade, de fraude ou de corrupción a entidade instrumental analizará os feitos ocorridos e determinará as modificacións que deben realizarse na estruturas e nos procesos de control.

4.2. Actualización e revisión

Cando se detecten resultados de auditorías ou feitos derivados de reclamacións ou queixas das que se poidan derivar indicios de irregularidades ou melloras que se poidan implantar nos procedementos, procederase a unha actualización do plan.

Anualmente, con ocasión do seguimento do plan, procederase a valorar a necesidade de realizar unha actualización de procedementos, de avaliación de riscos ou de implantación de medidas.

4.3. Comunicación e difusión

O plan difundirase entre todo o persoal, especialmente entre o que integre as unidades que tramiten os expedientes de subvencións ou contratación.

Tamén será obxecto de comunicación cando se produzan novas incorporacións de persoal nas unidades.

Vigo, 21 de decembro de 2021

La Directora Gerente .

CENTRO TECNOLÓGICO DEL MAR
FUNDACIÓN CETMAR
CIF: G-36.885.853
Eduardo Cabello, s/n.
36208 VIGO

Paloma Rueda Crespo

O Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación CETMAR entidade instrumental da Consellería do Mar, de acordo coa declaración institucional de Integridade e Compromiso Ético da Xunta de Galicia, asume un compromiso de tolerancia cero contra a fraude que vai máis ala do cumprimento das normas xurídicas porque se refire ás normas e principios éticos e morais e aos valores de integridade, honestidade e obxectividade. Este compromiso inclúe o establecemento dos mecanismos preventivos que consoliden unha cultura de prevención fronte aos posibles incumprimentos, impulsando o desenvolvemento de procedementos que a fagan efectiva, e prestando especial atención a aqueles feitos que poidan supoñer actos contrarios á integridade

Vigo, 21 de decembro de 2021

Directora Xerente



Paloma Rueda Crespo

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, 5
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal